

COORDINA: Celestino Pardellas de Blas

COLABORAN	PÁX.	ARTIGOS
Redacción	1	SUMARIO
Xulio Xosé Pardellas de Blas	2-4	A ILLA DE ONS E A ESCOLA NAVAL DE MARÍN, UNHA INTENSA RELACIÓN
Emilio Xosé Insua	5-8	OS VERSOS QUE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN COMPUXO PARA A TOXA
Lino J. Pazos Pérez	9-11	A XORNADA DE TAMBO
Grupo GEAAT	12-15	AS FACTORÍAS ROMANAS DE SALGA NA PRAIA DE CANEXOL. ILLA DE ONS
Pío Dalonga	16	CONTOS DO GROVE
Ana Vilas Paz	19-22	PLANIFICACIÓN DA REPOBOACIÓN DA ILLA DE SÁLVORA A FINAIS DO SÉCULO XVIII: CONDICIÓN ESTABLECIDAS POLO SEÑOR DE GOIÁNS PARA OS NOVOS POBOADORES
Celestino Pardellas de Blas	23-26	O SOLPOR DA CULTURA POPULAR DA ILLA DE ONS (III). MEIGAS, BRUXAS, FEITIZOS,...E “UNHA MULLER DESAS” (I)
Jacobo Fernández	29-31	ESTABLÉCESE NO GROVE O PRIMEIRO MUSEO DA ACUICULTURA DE ESPAÑA
José Manuel Dopazo Entenza	32-34	DE COSTUME DESAPARECIDO A LIBERDADE SEXUAL
Francisco Calo Lourido	35-37	AS MARCAS DE PESCA PARA SE SITUAR NO MAR
Antón Mascato	38-40	O ESCULTOR ASOREY, MEMORIA DUNHA RESTAURACIÓN
Isidro Cortizo, José M. Barreiro	41-42	DEBUXOS DE JOSÉ MARÍA BARREIRO SOBRE ONS
David Conde Lourido	43-46	UN DANÉS NA ILLA DE ONS
Xosé Fuentes	47 - 48	SOBRE OS ALCUMES DA PARROQUIA DE SAN VICENTE (O GROVE)
Anxo López Vergara e Tino Pardellas	49 - 52	A MEMORIA DA CULTURA DO MAR EN GALICIA. O PATRIMONIO INMATERIAL DA ILLA DE ONS, AÍNDÁ SEGUE SEN INVESTIGAR
José Taboada García	53-54	O BUSCAVIDAS
Marta Pérez Moreta	55-58	EXPLORANDO O UNIVERSO: ACTIVIDADES DE ASTRONOMÍA NO ARQUIPÉLAGO DE ONS, ILLA DE ONZA (ONCETA) E OS SEUS SETE ILLOTES. PNIA
Julio Santos Pena	59-60	ONS DAQUELA: HOMES DE FERRO, MULLERES DE ACEIRO TEMPERADO
Cosme Damián Romay Cousido	63-67	“AVES DA COSTA”. REVISITADA, TRINTA ANOS DESPOIS (E II)
Francisco Meis	68 - 70	OS DERRADEIROS CABREIROS DA ILLA DA TOXA
Mateo Fontán Couto	73-76	A ELECTRIFICACIÓN DA ILLA DE ONS
Gerardo Dasairas	77-80	DA PIRATERÍA E DO CORSO ANTIGOS
Arturo Sánchez Cidrás	81 . 84	LEMBRANZAS DO TRANSPORTE Á ILLA DE ONS (2ª PARTE)
Eduardo Parada	85 - 88	A CARÓN DA LAREIRA

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR	PÁXINAS
Celestino Pardellas de Blas	Portada,3,4,34,53,54,59
Gerardo Dasairas	77,78,79,80
Ana Vilas Paz	19,20,21,22
Arturo Sánchez Cidrás	81,82,83,84
Miguel Besada Costa	24,25,26
Gustav Henningsen	43,44,45,46
Lino J. Pazos Pérez	9
Stafant Mörling	82
José Manuel Dopazo Entenza	32,33
Fernando Alonso Romero	49,50
Cosme Damián Romay Cousido.	64,66

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR	PÁXINAS
Antón Mascato	38,39,40
Francisco Calo Lourido	36
Mateo Fontán Couto	75,76,77,78
Emilio Xosé Insua	5,6,7
Jacobo Fernández	29,30,31
José Taboada García (J. Fernando Aguín)	53,54
Javier Sotelo (Pelón)	37
Francisco Meis Durán	68,69,70
Jose M. Barreiro	41,42
Xosé Fuentes	73,74,75
Grupo GEAAT	12,13,14
Ana Liste	60

Para web e Blog:

<http://bueu.ga>

Revista Aunios:

<http://descubrobueu.wix.com/bueu/aunios>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/aunios.htm>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indiceAutores.htm>

Minixornal Onstopus:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

DIRECCIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL

“Pineiróns”

Apartado de correos 51 / 36980 O GROVE

Pontevedra – Galicia – España

Telf: 649424950

tinopardellas1957@gmail.com

celestinopardellas@gmail.com

CORRECTOR LINGÜÍSTICO

Anxo López Vergara

A asociación non se fai responsable do contido dos artigos inseridos neste número



A ILLA DE ONS E A ESCOLA NAVAL DE MARÍN, UNHA INTENSA RELACIÓN

Por: Xulio X. Pardellas

Ao longo da súa historia a illa de Ons coñeceu diversos amos e usos, a causa da súa situación estratéxica desde o punto de vista militar e de muro de defensa desde a perspectiva xeográfica, como protección dos temporais do suroeste que baten a ría nos duros invernos. Velaí que foi invadida e utilizada como base de operacións para os ataques dos piratas viquingos aos pobos do litoral na baixa idade media, e igualmente, foi punta de lanza para os asedios dos corsarios ingleses, como Francis Drake, no s. XVI. Foi tamén saqueada polos piratas berberiscos no s. XVIII e finalmente, foi fortificada a principios do s. XIX, despois da guerra contra os franceses e para evitar novas incursións.

Xa entrado o s. XX e esvaído o seu papel defensivo fronte aos ataques polo mar, comezou unha importante actividade económica na illa, apoiada na fábrica para secado de peixe do novo propietario Riobó, principalmente de polbo e congro, á que se dirixían gran parte das capturas da crecente flota de dornas dos mariñeiros illáns, que completaban así a subsistencia familiar de cultivo de millo, patacas e hortalizas, e pastoreo de vacas, ovellas, cabras e galiñas.

Rematada a guerra civil, en 1940, o goberno de Franco expropiou a illa para a defensa nacional (mesmo chegou a elaborarse un plan para construír alí unha base de submarinos), pasando a depender do Ministerio da Mariña en 1943 e iniciando desde ese momento unha estreita relación coa Escola Naval Militar de Marín recentemente creada, que a utilizou a eito como elemento complementario para a formación militar dos futuros oficiais da Armada até ben entrada a década dos anos 70 do pasado século.

OS ALBOS DE TIRO DA ESCOLA NAVAL

Paseando polo peirao de Marín, se botásenos a vista atrás, poderíamos ver fondeados xusto na enseada da Escola Naval, uns curiosos e grandes artefactos (case 4 metros de lado), de forma cadrada e pintados en branco e negro coma un taboleiro de xadrez. Cumpriría remontarse para iso aos anos 50 do século pasado, en que eses aparellos eran usados como obxectivos sobre os que os barcos da Armada facían prácticas de tiro. Pola mañá cedo eran remolcados ate a vecindade da illa de Ons onde quedaban fondeados, ás veces varios días mentres duraban as prácticas. Nese tempo quedaba prohibida a navegación e a pesca en toda a contorna da illa, e contaban os mariñeiros, que os bombazos se sentían atronadores nas casas e non era raro que algún disparo pouco certo enviase á illa un proxectil. De feito, na actualidade, haberá uns poucos anos, apareceu na praia de Canexol un torpedo daquela época, aparentemente sen carga que foi enviado á Escola Naval para a súa destrución.

Xa desde fins dos anos 60, as prácticas de tiro con fogo real foron desaparecendo do plan de estudos para os futuros oficiais e ao longo da década dos 80 instaláronse nas aulas da Escola Naval uns simuladores (hoxe con tecnoloxía punta), que imitaban cada vez con maior exactitude as condicións de tiro desde un buque en diferentes circunstancias atmosféricas e con ondas no mar.


En todo caso, os mariñeiros xa xubilados recordan os días en que dous ou tres buques da armada pechaban a contorna da illa e impedían non só a actividade pesqueira, senón mesmamente os trafegos de fondeo e entrada e saída desde o peirao. Obviamente, avisados con certa antelación, os illáns debían facer avituallamento de subministros para a duración das prácticas de tiro.



Albos de tiro na Escola Naval de Marín

A TRAXEDIA: O NAUFRAXIO DO REMOLCADOR CÍCLOPE

Como antes dixemos, os albos, os obxectivos usados para as prácticas de tiro no mar, debían ser remolcados desde o seu fondeo base diante da Escola Naval ate o lugar elixido, non sempre o mesmo, dado que o plan de estudos dos futuros oficiais contemplaba diferentes condicións de mar, polo que unhas veces se fondeaban ao oeste de Ons, próximos á illa, e outras en alta mar, a catro ou seis millas entre Ons e Cíes. O remolcador destinado para este cometido era o Cíclope, barco de 570 TRB, 43 metros de eslora e 1.200 CV de potencia, botado en Glasgow en 1919 e entregado á Armada española en 1921.



O Cíclope embarrancado na Illa de Onza. Podemos observar as dornas dos illáns, axudando nas tarefas de salvamento.

O Cíclope tiña xa unha longa práctica como remolcador, mesmo en circunstancias adversas, entre as que destaca o transporte dunha caldeira de grandes dimensións ate a badía de Alhucemas en xaneiro de 1926. Alí desembarcaran uns meses antes as tropas españolas que se enfrontaban aos rifeños marroquís e era preciso dotalas de auga potable, para o que se decidiu instalar unha planta de destilación da auga do mar. Para ese fin foi adquirida en Francia a citada caldeira que se desembarcou en Cádiz, único porto con maquinaria para movela. Despois dunha accidentada travesía con momentos de notable perigo polas fortes correntes do Estreito de Xibraltar, a caldeira foi primeiro fondeada polo remolcador e logo varada en terra firme no seu destino¹.

Máis logo, xa na guerra civil, o Cíclope seguiu prestando servizo no bando republicano, ate que en novembro de 1938 foi torpedeado e afundido pola aviación franquista no porto de Cartagena. Un ano despois o goberno de Franco decidiu reflotalo e destinalo á Escola Naval de Marín. Desde 1943 o remolcador estivo á ordes dos sucesivos comandantes do centro castrense e a partir de finais desa década dedicado principalmente ao traslado dos albos para as prácticas de tiro.

A traxedia aconteceu o 23 de outubro de 1953, cando regresaba á súa base de Marín remolcando un dos albos. Pasando por diante da illa de Onza e batido por un forte temporal aconteceu un fallo na máquina que o deixou sen leme e á deriva. O comandante tentou recuperar o goberno por medios manuais ante o perigo dos baixos fondos e pedras da illa, mais, non lle foi posible facerse co control do barco que finalmente embarrancou nas rochas do sureste de Onza.

Os primeiros en acudir ao naufraxio foron os veciños de Ons nas súas dornas, que coñecedores das condicións dos ventos e as correntes entre as dúas illas puideron achegarse ao costado do barco e tentar o rescate dos tripulantes. Tal operación no medio do temporal non foi moi doada, como contaron os mariñeiros ás súas familias e moito despois os seus fillos, nenos e adolescentes daquela, a quen preguntou polo acontecido, como foi o caso de Tino Pardellas estando na illa nos anos 80.

“Estabamos coas dornas case tocando o barco e os mariñeiros querían subir a bordo atemorizados, pero era moi difícil axudalos, porque se aferraban uns aos outros e estivemos máis dunha vez a piques de ir ao fondo todos. Nós berrabamos, mais, era moito o rebumbio de voces e vento e non escoitaban, e nadaban cara a terra co perigo de esnafrarse contra as pedras”²

Con todo, entre os mariñeiros de Ons e os barcos da Escola Naval desprazados no seu auxilio, conseguiron rescatar a 47 tripulantes, afogándose outros sete, entre eles o comandante do Cíclope.

¹ Foro Todoavante. 2006

² Fernando Trigo. ““Illa de Ons: naufraxios neste arquipélago. O caso do Cíclope...””. Aunios nº 19. Páxs. 29-31. 2014

AS PRÁCTICAS DE DESEMBARCO NA ILLA

Tampouco se libraba o propio territorio de Ons de ser usado para o adestramento dos futuros oficiais de Infantería de Mariña, con prácticas de desembarco anfibio e orientación topográfica

No verán de 1963, o arquipélago Ons-Cíes foi o escenario duns exercicios militares nos que foron canoneados os cantís exteriores das Cíes antes das operacións de desembarco de infantes de Mariña. Máis dun podería pensar que era unha broma, pero non, a operación Pato 1 incluíu o 4 de maio de 1963, o bombardeo dos citados cantís das illas de Faro e Monteagudo nas Cíes, así coma o ametrallamento da praia de Rodas desde avións de combate, onde en teoría se encontraban as posicións inimigas. Con ese nome tan aéreo e acuático denominouse o despregamento por terra, mar e aire executado por navíos da Armada, a Agrupación Especial da Infantería de Mariña con base en Cádiz, guarda-mariñas da Escola Naval Militar de Marín e avións da forza aérea e de mar. Os supostos inimigos eran soldados do Rexemento Murcia 42, a histórica guarnición de Vigo desde finais do século XIX, que contaban con artillería e catro ramplas de lanzamento de foguetes que se agochaban en covas, segundo o libro de tácticas, ao resguardo dos avións e do fogo da artillería.

O suposto táctico centrábase na conquista das Cíes para abordar posteriormente o asalto anfibio á illa de Ons, onde o inimigo tiña outra base. O ideólogo daquelas manobras pretendía levar á práctica as tácticas de ataque realizadas polo Corpo de Marines dos Estados Unidos na illa de Tarawa, no Pacífico, durante a Segunda Guerra Mundial.

Os catro mil actores deste simulacro partiron do porto de Marín ás 4.30 horas acompañados por varios buques de guerra coma o Legazpi, o Almirante Antequera e o José Luis Díez. «Ás 9.30, as LSM (lanchones de desembarco no seu código militar) diríxense á zona de reunión, abren fogo e baten a illa con fogo real, con canóns de 5 polgadas, para fixar as forzas e armas que defenden a posición. O fogo bate principalmente os cantís da cota 192, onde están as principais defensas», podía ler ao día seguinte en *La Voz de Galicia*.

Tras este primeiro momento destinado a debilitar as defensas, os «gloriosos» infantes de Mariña lanzáronse sobre as brancas areas da praia de Rodas (moitos anos antes de que fora declarada coma o mellor areal do mundo). «Os avións tipo T-6, da ala de caza de Villanubla, ametrallaban en varias pasadas a praia», engadía a información do xornal citado, sempre referíndose a munición de combate.

Dentro do plan establecido polos xefes do operativo, os defensores contraatacaron con fogo de metraladoras e morteiros para impedir o despregamento da primeira onda, que a pesar de todo, conseguiu o seu obxectivo. «A chegada da aviación con cohetes, terminou coa resistencia e ás 10.35 horas consolidouse a cabeza de praia», podía lerse no xornal. A operación deuse por finalizada á unha da tarde. Unha vez recollido todo o material empregado ao longo da mañá, as forzas participantes no asalto ás Cíes-Ons foron reembarcadas e transportadas ao porto de Vigo.

Xustamente, nunha desas prácticas en outubro do mesmo 1963, e levando a cabo un exercicio de orientación topográfica, precipitouse polo Buraco do Inferno un alumno que nunca foi encontrado, a pesares de que a tripulación do destrutor Almirante Antequera realizase unha intensa busca ao longo de varios días.

REFERENCIAS:

- Santos Pena, J (2018) *Ons no meu corazón*. Ed. J. Santos. Pontevedra
- Foro. Todoavante.es *Historia Naval de España*. 200
- Fernando Trigo. “Illa de Ons: naufraxios neste arquipélago. O caso do Cíclope...”. *Aunios* nº 19. Páxs. 29-31. 2014



Vista dos cantís e a Praia de Rodas nas Illas Cíes.




Homenaxe da Escola Naval (2023), ao gardamaríña falecido no Buraco do Inferno no ano 1963.

OS VERSOS QUE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN COMPUXO PARA A TOXA

Por: Emilio Xosé Ínsua

Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987) foi o destacado poeta da Xeración do 25 da literatura galega a quen honramos no pasado 2022 no Día das Letras Galegas.



Delgado Gurriarán

Unha parte da súa obra, en palabras de Carvalho Calero, axustouse máis ou menos “ao diapasón da forma modernista, na súa mitigada versión galega, representada principalmente por Cabanillas”. Outra, presente xa no seu primeiro libro édito, *Bebedeira* (Nós, 1934) e continuada en *Galicia Infinda* (Ed. Galaxia, Colección Salnés, 1963), foi de traza claramente hilozoísta ou imaxinista, seguindo os xeitos consagrados polo escritor pontevedrés Amado Carballo e próxima en moitos sentidos á vangarda. E, finalmente, cultivou unha terceira veta de corte social-realista, recollida sobre todo en *O soño do guieiro* (Eds. do Castro, 1986), denunciando a guerra, a represión, a pobreza, a intolerancia nacional-católica e combatendo, moitas veces con humor e sarcasmo, os prexuízos e agresións da ditadura franquista contra os idiomas da “pel de touro” distintos ao castelán. De feito, o poeta do Córrego converteu en tema de protesta en varios dos seus poemas o estrago toponímico que o imperialismo castelán cometeu na nosa terra durante séculos e que, dito sexa de pasaxe, os organizadores de certo foro político-empresarial na Toxa teiman en prolongar... O fenómeno inspiroulle un fermoso poema titulado “Louvanza dos nomes enxebres”, que incluíu no poemario *O soño do guieiro* e que se compón destas estrofas

*Volten, de Valdeorras, os nomes xenuínos:
Non máis “Correjanos” nin “vega Molinos”;
sín Veiga Muiños e máis Correxais,
pois xa os “castrapismos” están por demais.*

*Arriba Penouta e abaixo “Penota”
que é nome en “castrapo” e rima con “jota”;
afora “Jagoaza”, nome cacofónico,
adiante Xaguaza, enxebre i eufónico.*

*Non trocar por feles os galaicos meles,
pronunciando “El Barco”, “La Puebla” e “Bajeles”
e “Vega de Cabo”, “Villoria”, “Otarielo”
e “Puerto Morisco” e “Repuricielo”*

*e ata, Deus me salve, nomeando a Fiais
en “supercastrapo”, decíndolle “Hilais”.
Hai xentes capaces (é cousa de rir)
de, ao povo de Córrego, “Kuérgamo” decir;*

*hai xentes capaces (cousa é pra chorar)
de, ás mesmas Gralleiras, “Grajerías” chamar
e, de Rodeleira, facer “Ruedelera”
(¿Vichedes vosoutros cousa máis pavera?).*

*¡Qué Deus lles perdoe a feble cultura
aos que esmendrellaron a nomenclatura,
traducindo os belos nomes de Valdeorras
ao feio “castrapo”, da linguaxe as borras,*

*xerigonza, xiria, xermanía impura
que é, do castelán, a caricatura!
Xentes valdeorresas, voltade á eufonía
dos nomes antergos, baril fidalguía!.*

*¡Que na nosa fala, de fina enxebreza,
de lene dozura, de egrexia nobreza,
do noso Valdeorras, benquerido lar,
os povos e vilas volvamos nomear!*

Tras unha adolescencia e mocidade estudantil que transcorrera relativamente lonxe de Galiza (primeiro en Palencia e logo en Valladolid) e logo de retornar á Terra en 1928, Florencio abrazou o cultivo literario do galego, envolto nun credo agrarista, galeguista e republicano que se manifestou nos anos finais da Ditadura de Primo de Rivera e durante toda a 2ª República: defensa da lingua, reivindicación autonomista, denuncia do maltrato centralista ao país, crítica aos galegos servís co caciquismo...

Iniciada a guerra do 36, Florencio salva a vida grazas a un seu irmán falanxista. Tras unha fuxida chea de peripecias, chega a zona republicana vía Francia e intégrase nas estruturas que en Barcelona ten o Partido Galeguista, liderado por Castelao. Coa derrota republicana de abril de 1939, Florencio opta por aceptar a oferta de acollida que entón realiza o presidente mexicano Cárdenas e instálase no país azteca. Manterá entón unha fecunda amizade e colaboración con persoeiros do exilio galego, nomeadamente Luís Soto e Ramón Cabanillas Álvarez, o fillo máis vello do coñecido poeta cambadés. Con eles participa en iniciativas como a montaxe e edición do libro *Cancioneiro da loita galega* (1943), que tan ben estudou Alonso Montero; algo máis tarde, a publicación da revista *Vieiros*, unha das de maior calidade das que se editaron na diáspora galega en América; e, finalmente, a realización dunha serie de traducións para galego de poesías de diversos autores franceses. Esa serie integrará o volume *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego por Plácido Castro, Lois Tobío e F. M. Delgado Gurriarán*, publicado na capital arxentina pola Editorial Alborada en 1949.

Florencio fixo algunhas visitas á terra durante o seu exilio, a primeira delas en 1968, mais a que agora nos interesa realizouna en outono de 1976, acompañado desa volta pola súa dona, Celia Teixeira. Nela, segundo declaraba ao xornal *La Voz de Galicia* (3.9.1978), atopou “un certo progreso material e, nas aldeas, “acastapamento”, moitos vellos e pouca mocidade” e visitou moitos amigos e familiares, entre eles o seu sobriño Gonzalo, que traballaba como directivo no Gran Hotel da Toxa.


A empresa facía unha revista, de periodicidade anual, denominada *La Toja*, coa que Florencio comezou entón a colaborar. Os textos que achegou foron dados a coñecer por Ricardo Gurriarán no volume *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista* (Eds. do Castro, Sada, 1999, Col. Documentos, núm. 147, pp. 310-319), fonte esencial destas liñas nosas.

O primeiro deles, o poema “Nos niños de antano” (nº 2, 1976), recollido en *Cantarenas* (Eds. do Castro, 1981), constitúe un canto ás diversas aves e paxaros que poboan a paisaxe e os bosques galegos (*andoriña, escribidor, ouriol ou vichelocrego, lavandeira, pita-do-monte, curuxa, merlo, pintasilgo, pimpín, paspallás, reiseñor ou rouxiñol, paporroibo, malvís, pito verdello, papuxa, pega rabilonga...*). Interesa traer a colación aquí a dedicatoria deste poema estampada por Delgado Gurriarán na revista: “*Á Toxa, raíña das insuas galegas, en agarimosa lembranza das ledas horas que nela pasei*”.

O segundo texto, en prosa, leva por título “Saúdo do “Far East” ao “Far West” galegos...”, isto é, de Valdeorras para Arousa, e apareceu publicado no número 4 da revista, correspondente a 1978. Sería logo tamén recollido en *Cantarenas*. Como elementos caracterizadores da súa comarca nativa indica Florencio as cegoñas, os lobos e a “*baruda paisaxe de barrocas cepeiras*” que producen o viño tostado, mentres que a comarca da Arousa adórnase de cabalos bravos, magnolias, camelias, lagostas e centolas, vieiras e lampreas, viño espadeiro e albariño... No remate do seu texto, o de Córcomo alude especificamente á Toxa, “*illa do verde impeitizo, dos lanzais e pondaliaños “rumorosos” e das augas da saúde, brinde da deusa Hixea e ditoso achádego dun benemérito burriño, meresciente do Premio Nobel das bestas orneantes*”.



Cancioneiro da loita galega



Capa do libro de Ricardo Gurriarán onde se deron a coñecer os textos para A Toxa de Florencio

Florencio M. Delgado Gurriarán

CANTARENAS

BEBEDEIRA
VALDEORRESAS
DIONISIAS



Ediciós do Castro
poesía

Capa do libro Cantarenas, de Florencio Delgado Gurriarán

Na revista correspondente ao ano de 1979, inseriu o poema “Auga Ardente. Descordo da Queimada”, tamén recollido logo en *Cantarenas*. El propio sinalou que o texto era unha “brincadeira ou (como decimos en México) vacilada en col do rito festeiro da queimada” e subliñou que con el quixera “tratar o tema dun xeito novo, humorístico, multiplicando adxectivos e ditirambos, empregando cultismos e novas imaxes”.

No exemplar da revista do Gran Hotel publicada en 1980 aparece, en fin, un feixe de poemas despois incorporados igualmente a *Cantarenas* e nos que resulta moi palpábel o influxo estético de Ramón Cabanillas. Todos eles xiran arredor do mundo do viño e da vendima, enxalzando as diversas variedades de uva e os diversos caldos característicos do noso país: *moza fresca, godello, purrela, tostado...* Son textos dionisiacos, que combinan a exaltación paisaxística (de evidentes reminiscencias clásicas, virxilianas e/ou horacianas) e a afirmación panteísta, mesmo ecoloxista *avant la lettre*, facendo do viño elemento de comunión coa Terra, don da divindade ou recurso para espertar a ledicia (*sursum corda*) e a sinceridade (*in vino veritas...*) no corazón dos seres humanos.

Para rematar, digamos que Ricardo Gurriarán deu a coñecer, así mesmo, un poema inédito de Florencio, “Lembranzas arousás”, escrito polo seu autor en Guadalajara (México) no outono de 1977. Nese poema amósasenos claramente esa calidade do noso poeta diante da natureza e da paisaxe que a crítica Ana Acuña denominou “sentido do abraio”, combinada ademais con alusións toponímicas, históricas, folclóricas e literarias que van conformando todo un “relato” sobre o devir da Ría arousá:



Hotel da Toxa. Foto tomada da revista Suevia, 1 de xaneiro de 1916.

Illas. Ons
Arousa,
A Toxa
e Sálvora e Cortegada,
Abelleira, Beiro, Rúa,
Aroña, Corbeiro, Marma...
Estreliñas, que apreixou
o inquedo espello das augas.
Do mar, no glauco impeitizo,
farangullas de esmeralda.

Cortegada, a porta do Ulla
e Ons, a “do mar preñada”.

A sercia dos Mariños
Sálvora, “boca da Ría”,
por onde pasan as dornas
que van a Vilagarcía.

¡Portas de Sálvora e Ons,
deixade pasar as dornas
que veñen do mar maior!

Vello niño de corsarios,
Arousa: praia da Ruva,
enseada do Espiñeiro
pontas Barqueira e da Arruda.

E o Paio Gómez Chariño
que “frores de amor, levóu,
briosas, no seu navío”.

¡Ouh Cambados señoril,
Santo Tomé, Fefiñáns...
Non vencéu o demo a Cristo,
porque a El non vos quixo dar!

Parreiras as de Tragove,
de Arealonga os bacelos,
malvises, os de Armenteira
que engadaron a Don Ero.

Frades de Xelmírez
trouxeron, do Rin,
á nai do Albariño
dourado e baril.
Baril e dourado,
irmao do Espadeiro,
sangue dos parrís,
lizgairo vermello.

Vilagarcía, Cambados...
Arrecender de magnolias,
Luar de camelias, pazos.

Manoel-Antonio, xa entróu
na lénda, pra pilotar
de “Catro a catro”, a barquiña
que ao noso Sant-Iago trai...
(saúdosa barca de pedra,
eternamente a singrar).

¡Proba do Caramiñal,
porto do Castro e Palmeira,
lembrar do pasál-a Ría
n’aquela mañán de névoa!

¡Farneiro mar da Lanzada,
Que andas a empreñar as mozas
Co bico das sete vagas!

Valle-Inclán en Vilanova,
Cabanillas en Cambados
e, de Galicia, o Guieiro,
o Castelao de Rianxo...
Nomes egrexios, da beira
do egrexio mar arousao.

E o Camba, neto de Lúculo,
bo sorrir, millor compango.

Nos piñeirais de Tragove,
Que ao vento mareiro falan,
Ouve o neno Cabanillas
Os contos de Scheherazada.

¡Ribeiras - banda do Grove
e banda de Santa Uxía –
apreixade en dóce aperta
todo o feitizo da Ría!

¡E a Toxa, dos piñeirais,
e das milagreiras augas,
que lle dá saúde aos corpos,
que lle dá agarimo ás almas!
Acougo, lecer, dozura...
¡Toxa, a illa afrodisíaca,
presentimento da gloria,
das ondas do mar bicada!

A Xornada de Tambo

Por: Lino J. Pazos Pérez



O Tenlo separado do resto da illa por unha estreita canle.

mellorando outro anterior, levouse a cabo con toda normalidade, comezando de seguido unha marcha cara á duna rampante que dende a praia, e empurrada polos ventos, escala dende fai séculos ata practicamente a cima do monte San Fagundo, que domina a illa, e que agora sabemos está coroado polos restos dun castro, circundado por murallas defensivas, onde afloran vestixios de muros e vivendas, cristianizado por unha capela que puido ser templo romano..., para, acto seguido, continuar ata o lugar que nós denominamos “merendeiro”, onde escoitamos o primeiro poema da Xornada, recitado por Macamen Alonso, “*Pensar é escuro*”, obra de Luisa Villalta, á que Galicia homenaxea este ano (2024), e outro, da súa autoría, titulado “*Insomnia*”, referido ao primeiro.

Continuamos a visita á Illa baixando ata a praia denominada Area da Illa, de gran tan fino que renxe ante as nosas pisadas, para ollar a “*resbaladoira*”, construída posiblemente con materiais extraídos do primitivo mosteiro, dado que a maioría das pedras están traballadas (perpiaños), teñen marcas de canteiros, son parte das cornixas ou outros elementos dos paramentos monacais, e, incluso atopamos unha cruz de máis dun palmo de envergadura gravada sobre unha delas; esta especie de rampla completa o peche da antiga ostreira, de considerables dimensións, segundo a tradición utilizada como “*comboa*”, lugar onde recoller os peixes que entraran nela durante as mareas que, ao quedar en seco, non poderían retornar ao mar, e por onde camiñara sobre as augas o propio san Fructuoso, fundador do mosteiro na illa; e alí, subido ao “*adarve*” da ostreira, eu mesmo lin o poema “*Cova das pombas*”:

Profunda soidade que me atrapa
no interior de ti, *Cova da Pomba*,
profunda inquietude que me acouga
cando penetro no teu mundo sen fin.

Plumas brancas na area
advirtenme da túa presenza,
pero por moito que o intento
non logrei verche en ningún momento,
muller alada, pomba na cova agochada.

Da praia, pasamos a visitar a capela levantada arredor de 1868, con motivo do establecemento en Tambo da instalación sanitaria onde tratar as enfermidades contaxiosas das tripulacións e pasaxe dos barcos provenientes das Américas, descoñecendo polo de agora se construída enriba doutra máis antiga que cita Sarmiento, onde, Noa García, leu outro poema, titulado, “*Ti que naces do fondo da ría*”, relatando os guías algunhas das moitas lendas e historias que corren en torno á illa:

Ti, que naces do fondo da ría
cuxas mareas cobren e descubren
as túas furnas salitrosas
e acurtan ou amplían os teus areais.
Ti, que alzas árbores cara ao ceo
coma un bosque imaxinario de mastros.
Ti, que sobre o teu cume soubeches gardar o segredo
que levantaron xentes que nos precederon...

O lazareto foi a seguinte parada, onde, despois de recibir información sobre este magnífico edificio, carente de teitume e necesitado dunha urxente consolidación dos seus muros previndo un máis que posible derrube, que ronda os cen metros de longo, e, na que consideramos parte “*limpa*” da institución (este tipo de establecementos dividiase en “*limpo e sucio*”, separados por unha rexa, segundo se atendera aos enfermos ou ao resto de pasaxeiros do barco afectado), Fabiola Martínez, outra das vates que nos acompañaban, leu dous poemas, “*Choran os castiñeiros*”, e “*Fala o mar*”.

Continuando o camiño, pasamos polas antigas construcións que albergaran as oficinas administrativas do complexo e a taberna e tenda de comestibles que naquel xa afastado derradeiro terzo do século XIX fornecía os estómagos dos alí enclaustrados, e aos seus coidadores e vixiantes.

O paso pola polvoreira foi rápido, sabendo que retornaríamos ao lugar, aínda que interesante para os visitantes que viron onde as forzas armadas acubillaban a munición e explosivos, e que pode ser un bo lugar para organizar algún que outro íntimo concerto, coma nós mesmos puidemos comprobar, pola formidable acústica que ten a bóveda de formigón armado de considerable espesor.

A baixada á fonte de San Miguel, lugar considerado como sagrado, e as lendas que corren sobre ela; auga milagrosa, río subterráneo que vén do continente, presenza de Francis Drake limpando o sangue da espada coa que dera morte aos monxes, Benito Soto acubillando nas súas inmediacións parte do tesouro roubado aos ingleses, etc., leváronnos a contar a importancia que tiña este punto da illa no que, así o apuntan os Derroteiros, os barcos que viñan á ría tiñan o punto adecuado onde facer a augada, imprescindible naqueles tempos da navegación a vela, e incluso a vapor; auga doce que abastecería séculos pasados ao propio mosteiro e ás escasas vivendas dos poucos veciños que acompañaban aos frades ou eremitas, e que se atopaban nas súas inmediacións, pendentes das catas arqueolóxicas que comezarán en breve e que, seguramente, confirmarán a nosa teoría.

Augas das escorrentías
que baixan ata a fonte de San Miguel,
auga milagrosa
para aquel que teña sede de saber...



Noa García lendo un poema acompañada á guitarra por Xosé Constenla
(fotografía Adrián Salcedo)

A camiñada ata o monumental “*taffoni*” indicábanos que a xornada estaba tocando ao seu fin, e aínda faltaba o máis importante, que era a actuación de Xosé Constenla, cantautor que nos acompañaba na xira.

Os rapaces, e os que xa non o eran tanto, desfrutaron do lindo pasando baixo o enorme con ao que xa temos bautizado como “*do Frade*”, en correspondencia con outra pedra, somerxida, que atópase no mar.

O retorno á polvoreira, especie de anfiteatro onde xa estaba situado Constenla, congregou a tódolos asistentes, momento no que Claudio Quintillán, presidente da asociación *Irmandade Illa de Tambo* recitou un poema de Celso Emilio Ferreiro, e, o autor deste improvisado artigo, atreveuse co “*Manifesto de Tambo*”, que axuntamos.

Xosé Constenla, que xa acompañara coa guitarra ás (aos) *rapsodas*, xeógrafo de carreira, profesor nas Universidades da Coruña, Madrid ou Vigo, ao tempo que “*trobador*”, obsequiou-nos, neste marco incomparable, cunha serie de cancións, a maioría da súa propia autoría, sendo aplaudido con vehemencia polos asistentes, pese a que o cansazo pola camiñada comezaba a notarse entre os máis veteranos; cancións todas elas reclamando a liberdade e defendendo a nosa lingua, que deron remate á Iª Xornada de Tambo, e que, se se dan as condicións oportunas, seguiremos celebrando cada sábado anterior ao día das Letras Galegas, ás que pretendemos homenaxear ao tempo que reclamamos respecto para a Illa de Tambo e a súa contorna...



Claudio Quintillán lendo un poema de Celso Emilio Ferreiro. (fotografía Adrián Salcedo)



Xosé Constenla en plena actuación (fotografía Adrián Salcedo)

MANIFESTO DE TAMBO

Algo máis extensa que Tambo, unhas 15 veces, a illa de Wight acolleu no ano 1970, creo que no seu terceiro festival de música, e último da saga, arredor de seiscentas mil persoas, segundo din as crónicas, aínda que todo acabou nunha ruína económica para os organizadores e nunha festa por todo o alto para os espectadores.

Os desperdicios e a desfeita cometida por unha turba de incontrolados deixou aos pacíficos veciños da illa conmovionados, prohibíndose por lei volver a permitir tales eventos (neste século retomáronse os concertos, pero estritamente controlados).

Se extrapolamos a cifra de visitantes, sería como se acudiran á Illa de Tambo para este evento corenta mil persoas. Quedarvos con este feito e o que supón a entrada incontrolada de xentes a un espazo reducido...

Nós cremos que, aquí e agora, comeza un novo futuro para esta nosa illa de Tambo, illa da felicidade, como di a canción, Wight is Wight, a illa do amor; amor polo medio ambiente, amor polo mantemento do seu patrimonio, amor polo mantemento da súa singularidade..., fagamos que se teña en conta o pasado da Illa para que poidamos ter un futuro acorde cos novos tempos, onde o que debe imperar é o respecto pola Natureza...

AS FACTORÍAS ROMANAS DE SALGA NA PRAIA DE CANEXOL. ILLA DE ONS.

Por: Grupo GEAAT

Alba Rodríguez Novoa e cinco máis. Nomeados ao final do artigo

Na primavera do ano 2021, un equipo de arqueólogos da Universidade de Vigo dirixidos polo profesor Adolfo Fernández, co apoio do Parque Nacional Illas Atlánticas, desembarcou na praia de Canexol para estudar as factorías de salga que penduraban facía tempo no cantil. Dende aquel momento, son varias actuacións arqueolóxicas que se teñen levado a cabo neste xacemento e que permitiron coñecer máis en profundidade. A intervención era necesaria e urxente, xa que os restos se degradan rapidamente ao estar expostos á erosión climática e mariña, así como á acción humana. Actualmente, as estruturas que se poden observar pertencen a dous edificios, que se estenderían cara ao mar e que se atopan perdidos na súa meirande parte.

O xacemento de Canexol atópase na praia do mesmo nome, no lado leste da illa. Era un sitio xa catalogado no inventario de patrimonio arqueolóxico da Xunta de Galicia co código GA36004028. Aínda que nunca fôra escavado, non cabía dúbida de que eran restos relacionados con fábricas de salga de época romana, e así foi publicado (Ballesteros Arias, 2009). A extensión dos restos no cantil xa indicaba a posibilidade de que pertencesen a máis dunha factoría.



Fig. 1: Localización dos restos da factoría no cantil da praia de Canexol

A industria conserveira no noroeste peninsular era un sector moi relevante na economía romana, como indica a proliferación de unidades de produción de salgas de peixe en toda a costa galega, especialmente nas Rías Baixas (Filgueira Valverde e García Alén, 1953; Lomba Portela, 1987; Naveiro López, 1991; Suárez Piñeiro, 2003). As boas condicións para asentadas e a dispoñibilidade de materias primas (peixe e sal), xunto coa presenza de alfares, onde se fabricaban os contedores para comercializar as salsas (como as ánforas de Bueu), ofrecían unhas condicións inmejorables, que foron explotadas dende a Antigüidade. Co obxectivo de documentar e caracterizar este tipo de xacementos nace o proxecto *Galtfish: sal e salgas na Gallaecia Antiga. Buscando as orixes da industria de pescado en conserva en Galicia*, no que se enmarcan varias actuacións arqueolóxicas como a de Canexol. Escaváronse outras como a de praia do Naso (Illa de Arousa) (Fernández Fernández *et al.*, 2021), praia dos Bois (illa de Sálvora) (Fernández Fernández *et al.*, 2022a), Sobreira (Vigo) ou Adro Vello (O Grove). A estas factorías chegaría o peixe, que se procesaría para elaborar as salgas. Na súa meirande parte distínguense pola presenza de grandes pías ou tanques onde o peixe se mesturaría con sal e outros aditivos para deixalo macerar ata obter o produto desexado. Normalmente, o edificio conta cun patio, que pode estar situado en posición central ou nun dos lados do edificio, no que se limparía e trocearía o peixe antes de metelo nos tanques.

Os traballos arqueolóxicos consistiron en catro accións principais: limpeza do cantil no que se atopaban os restos, sondaxes valorativas cara ao interior, prospección xeofísica do camiño costeiro e rexistro e seguimento das afeccións sobre o xacemento. Dado que nun comezo a razón principal para traballar na praia eran os restos do cantil, comezouse por retirar toda a vexetación e aviváronse os perfís térreos, para permitir unha correcta lectura e interpretación do sitio. Unha grande parte dos edificios, que se estendería cara ao mar, está xa perdida, pero era necesario confirmar se existían estruturas cara ao oeste, cara ao interior da illa. Por isto, propúxose a realización de dúas sondaxes valorativas na parte superior, a ambos lados do camiño que discorre entre o Curro e Pereiró, e que pasa por Canexol. De maneira complementaria, optouse por empregar métodos non invasivos, empregando prospección xeofísica para tentar confirmar a presenza de restos sen afectar unha das vías de comunicación da illa. Todas as estruturas foron documentadas con fotografía, debuxo e mediante fotogrametría. A creación de modelos 3D permitiu facer un seguimento e analizar anualmente como se erosiona o xacemento e cales son os principais axentes de erosión. A experiencia en Canexol e noutros xacementos similares (Fernández Fernández *et al.*, 2022b) acentuaron a necesidade de poñer en marcha un proxecto que permitira facer un seguimento da erosión do patrimonio costeiro para poder propoñer solucións adecuadas para a súa investigación e conservación. Así, en 2023 obtívose financiación do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico para SENTINELA: Monitorizando e documentando os procesos erosivos no patrimonio cultural das Illas Atlánticas de Galicia (2023-2025).

Como resultado destas accións identificáronse dúas factorías dun polo de produción de salgas de peixe. A unidade 1, situada máis ao norte e da que obtivemos menos información, conserva no perfil un pavimento de cuarzo, perdido nalgúns zonas. Corresponderíase co patio do edificio. Este chan chega a un muro que ten dirección norte-sur, que sería un dos tanques para o peixe. Ao seu carón apréciase un tanque de pequenas dimensións, recuberto de morteiro de cuarzo. No exterior deste pío apareceu un pequeno cuncheiro de múrices. Estes animais machucárianse para extraer tinguiduras púrpuras, unha cor moi apreciada no mundo romano.



Fig. 2: Restos da unidade

A unidade 2 está situada cara ao sur, separada da primeira uns 25 m. A primeira estrutura que lle asociamos a esta factoría é unha rampla de acceso directamente desde a praia. O nivel do mar, estaría máis alto que na actualidade, o que explicaría diferenza de cota. Seguidamente aparece o alzado do muro máis ao norte, que sería a porta de entrada ao edificio e que se abriría a un patio central con pavimento de cuarzo. Neste caso, parece estar nunha posición central, cos tanques arredor. Consérvanse dous tanques no cantil. Para o primeiro, queda o muro de peche leste. O segundo está cortado pola metade, polo que podemos apreciar perfectamente a súa estrutura interna. Os muros laterais están feitos, como no resto dos que conservamos, con cachotes medianos e pequenos, mentres que o pavimento e as paredes están recubertos de morteiro de cuarzo, grazas ao cal están impermeabilizados. Asenta sobre unha capa de pedras grandes.



Fig. 3: Tanques da unidade 2

As sondaxes tamén sacaron á luz estruturas. A escavada no alto do cantil permitiu recuperar unha estrutura que, nun inicio, parecía outro tanque da unidade 2. Sen embargo, ao carecer de revoco e, por tanto, non estar impermeabilizado, cremos que podería funcionar como almacén ou similar. O muro da outra sondaxe, feita nunha finca ao outro lado do camiño, cara ao oeste, non pertencería a esta fábrica, xa que está bastante afastado. Con todo, serviu para confirmar a existencia de restos arqueolóxicos máis aló da praia. Os datos da prospección parecen confirmar a existencia de estruturas baixo o camiño. Corresponden sobre todo, coa unidade 1, aínda que é posible que existise algunha factoría máis na zona.

A intervención tamén permitiu recuperar unha gran cantidade de material arqueolóxico, ademais de mostras de peixe que posibilitarán coñecer a receita que se empregaba nas salsas de peixe producidas en Canexol. O conxunto cerámico está conformado tanto por pezas producidas de maneira local na illa, como outras importadas. Entre estas últimas, destacan as ánforas que chegan da Bética e de Itálica, e vaixelas finas, fabricadas na Ríoxa. As cerámicas locais, de uso cotián para os habitantes da illa, son pezas de tipoloxías coñecidas para xacementos do século I d. C. das Rías Baixas, como as vasillas tipo Vigo ou tipo Cíes. Hai algúns restos de metais, entre os que destacan unha moeda que formaba parte dos recheos das pías, e moitos ósos animais, xa que os tanques funcionaron como vertedoiros unha vez abandonada a factoría. Os materiais datan o período útil das fábricas entre o século I e o IV d. C.



Fig. 4: Proposta de reconstrución das factorías.

Os traballos en Canexol foron o primeiro paso para a posta en marcha dun programa de escavacións da illa de Ons, que permiten investigar e poñer en valor o patrimonio arqueolóxico da illa. Dentro destas accións destacan as sucesivas campañas que sacaron á luz o castro do Castelo dos Mouros, cunha ampla ocupación entre os séculos IV a. C. e IV d. C. As estruturas documentadas ata o momento inclúen unha muralla con tres fiadas de cachotes, e cun trazado en curvas, casas redondeadas e, por encima destas, unha casa cuadrangular con varias estancias, pórtico e patio exterior. Igual que ocorría na factoría, o conxunto material é moi abundante e inclúe moitas vasillas cerámicas fabricadas en talleres locais, pero tamén unha grande cantidade de ánforas e vaixelas finas importadas que dan idea do dinamismo da economía da illa en época romana. Dada a súa situación, é posible que os habitantes do castro traballasen na factoría da praia durante a época na que esta estivo en funcionamento. Ademais, leváronse a cabo varias accións destinadas á divulgación e a posta en valor do xacemento. A primeira foi a montaxe dunha nova Sala de Arqueoloxía no Centro de Visitantes, que xunto con paneis explicativos do patrimonio natural e cultural, conta con materiais de Canexol, Laxe do Crego e Castelo dos Mouros, representativos da nova información dispoñible sobre o pasado de Ons. A segunda acción foi a xeración dunha nova ruta da Vía dos Múrices, que recorre todos os elementos arqueolóxicos e leva o nome da malacofauna máis relevante atopada asociada á factoría. En cada xacemento colocouse un panel explicativo, con fotografías, esquemas e un pequeno texto, que axudarán ao visitante interesado a afondar no pasado da Illa.


BIBLIOGRAFÍA:

- Ballesteros Arias, P. (2009): “O aproveitamento do mar ao longo do tempo. A documentación do xacemento romano de Canexol (Illa de Ons, Bueu)”, *Cuadernos de estudios gallegos*, 56 (122): 67-90.
- Fernández Fernández, A., Rodríguez Nóvoa, A.A., Valle Abad, P. e Ruanova Álvarez, N. (2021): “La factoría de salazón romana de Praia do Naso (Illa de Arousa, Pontevedra)”, *Minus*, 26: 137-161.
- Fernández Fernández, A., Ruanova Álvarez, N., Méndez Otero, R. e García Cabo, M. (2022a): “Nuevos datos sobre la ocupación antigua en la isla de Sálvora (Ribeira): Resultados de la intervención arqueológica en el yacimiento romano del Areal dos Bois”, *Minus*, 27: 11-31.
- Fernández Fernández, A., Valle Abad, P. y Rodríguez Nóvoa, A.A. (2022b): “3D photogrammetry as a tool for studying erosive processes at a Roman coastal site: the case of the Roman fish-salting plant at Sobreira (Vigo, Spain)”, *Archaeological and Anthropological Sciences*, 14 (32): 32-53 <https://doi.org/10.1007/s12520-022-01508-3>
- Filgueira Valverde, J. e García Alén, A. (1953): *Materiales para la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra*, Pontevedra, El Museo de Pontevedra.
- Lomba Portela, A. M. (1987): “Contribución al estudio de la industria de salazón de época romana en el Noroeste peninsular”, *Lucerna* (Ser. II), 2: 165-176.
- Naveiro López, J. L. (1991): *El comercio antiguo en el Noroeste Peninsular. Monografías urxentes do museu (Vol. 5)*, A Coruña, Museu Arqueolóxico e Histórico Provincial de A Coruña.
- Suárez Piñeiro, A. M. (2003): “La explotación del mar en la Galicia romana: el ejemplo de las instalaciones de salazón”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 50 (116): 9-25.

AUTORAS/AUTORES DESTE ARTIGO:

- Alba A. Rodríguez Nóvoa.** Investigadora posdoutoral Margarita Salas. GEAAT. Campus Augua, Laboratorio 211, Rúa Canella da Costa s/n, As Lagoas, 32004, Ourense, 988368783. alba.antia.rodriguez.novoa@uvigo.es
- Patricia Valle Abad.** Investigadora posdoutoral Margarita Salas. GEAAT. Campus Augua, Laboratorio 211, Rúa Canella da Costa s/n, As Lagoas, 32004, Ourense, 988368783. pvalle@uvigo.es
- Marta Lago Cerviño.** Conservadora-restauradora. GEAAT. Campus Augua, Laboratorio 211, Rúa Canella da Costa s/n, As Lagoas, 32004, Ourense, 988368783. marta.lago.cervino@uvigo.es
- Nerea Álvarez Ruanova.** Investigadora predoutoral. GEAAT. Campus Augua, Laboratorio 211, Rúa Canella da Costa s/n, As Lagoas, 32004, Ourense, 988368783. nerea.ruanova.alvarez@uvigo.gal
- Raúl Méndez Otero.** Investigador predoutoral. GEAAT. Campus Augua, Laboratorio 211, Rúa Canella da Costa s/n, As Lagoas, 32004, Ourense, 988368783. raul.mendez.otero@uvigo.es
- Adolfo Fernández Fernández.** Contratado Ramón y Cajal. GEAAT. Campus Augua, Laboratorio 211, Rúa Canella da Costa s/n, As Lagoas, 32004, Ourense, 988368783. adolfo@uvigo.es

O
recuncho
de
Pío
Dalonga



Pequeno lobo solitario coleccionista de periódicos de todo o mundo e nas linguas mais exóticas. Tamén colecciona fotos de rostros do seu pobo, eses personaxes que no entroido suben e baixan pola catorce. A figura de Pío é recoñecida pola súa cámara en bandoleira.

Pío, de pluma fácil, escribe desinhibido con prosa costumista escrutando nas xentes e paisaxes humanas do Grove.

A erótica é unha constante nos seus relatos onde máis dunha vez describe as súas propias frustracións amorosas, espallando os límites do seu conto ate o absurdo.

Recréase cos marcos da consciencia motivado polo dinamismo dun pobo que se sente orgulloso do seu lobo solitario.

Minué do corsé de Mariajosé

Mariajosé está diante do espello poñendo o *corsé*. O *corsé* de Mariajosé ten baleas de ferro que lle apreixan a cintura. Mariajosé imaxínase que a está apreixando Taylor Lautner. Diante do espello, Mariajosé pon o *corsé*. Mariajosé soña con que chegue o seu príncipe azul vestido de Leyba, que “viste al hombre y desviste a la mujer”, e a convida a cear no Isolino pratos de alta cociña. Cearán Hor dóevre, Filet de boeuf en Bellevre, Pains de canelés de Rome, Ballotine de faisán Saint-Hubert, salade Potel, Glacé sucess condé Desserte; e beberán chardonnay Grand Reservé, Raventós Rossell heretat brut reserve e Möet Chandon.

Mariajosé estiliza a súa figura co *corsé*. Mariajosé ten unha combinación de braga, faixa e *sostén*. Mariajosé quere ter “peitos-táboa”, silueta-esquina e figura-porte. “Hermoso pecho. Métodos parisienses, únicamente madame Helene Duvoy, célebre especialista parisienne de la estética del busto puede darle o devolverle un pecho ideal”.

Mariajosé está encantadoramente encantadora co seu *corsé*. Diante do espello, Mariajosé apreixa o *corsé* e sorri cun sorriso forzado de felicidade de hipoteca a noventa anos. Mariajosé apreixa o *corsé* diante do espello e canta o cantar que aprendeu na escola das monxas, que di: “Pasimisá, pasimisá, por las puertas de Alcalá, el de ‘alante’ corre mucho y el de atrás se quedará”. Mariajosé quería un príncipe azul. Mariajosé chateou en *interné* e atopou o seu príncipe azul. E o príncipe azul saíulle *ran* que chatea chatos de Sansón. Foron cear ao Isolino Crujipizza e beberon Micorazón gran reserva reservada. “Leyba sastre viste al hombre y desviste a la mujer”. *Quod erat demonstrandum*.

Minué (do francés): baile elegante e grave que se executa entre dous. Entre Mariajosé e o seu *corsé*.

Taylor, in english, is sastre.

Escarlata foise polo vento e perdeu as bragas nos campos de Hortos

Ela xurou por *Nuestro Señorío Papá del Sielo* que nunca máis pasaría fame. Bati-cou a porta e baixou as escaleiras dándolle as costas ó das orellas, que a observaba de pé no descanso.

Saíu da casa resolta a resolver os problemas de difícil resolución. O lugar non o pretendía por ser apátrida. En canto estivo fóra, suspirou plenamente e sorriu.

Estaba disposta a darlle un xiro radical á súa cohabitación marital; tendo en conta que coa *habitación* marital compartida era pouco menos que difícil un entendemento racional que fixese posible a súa perfecta realización. E as fadas conspiraban nesa noite sublime para faceren os tempos inda non chegados. Avantou pola Pratería. Era unha raíña sen coroa agardando poder dispor do seu trono propio e reinar na noite. E veña *llintoni*, e veña vodka con laranxa,

e veña *güisquis*. E percorrendo os apou-sentos reais que se lle abrían ó seu paso foi perfilando a súa vinganza. Reinaba en Moja Ahí en toda a súa esplendorosa e plena *delicatessen*.

Ela xurara por *Nuestro Señorío Papá del Sielo* que nunca máis pasaría fame. Era a raíña.

E veña *güisap*, veña *tuenti* e vinte *yotuve* e eu teño, veña libro de *caraduras*. A intercomunicación era vital, como lle corresponde a unha ninfa da súa condición. A noite ía declinando e foi no parque de Terra de Porto cando a raíña descubriu o porqué da razón da electricidade estática, cando considerou que coa tal cantidade de *solteireras* malcasadas que neste santo lugar estaban xuntadas ás tardíñas xeraban unha corrente de electrodos positivos que poñen de punta os pelos e outras diversas masculinas vitalidades. Cando xa na Pratería

só reinaba siña Elisa a *Ghaiteira* co seu *remorque* de *ghasiosas*, a raíña roldaba polo camiño do muíño de siña Carme a *Parrula*, sen saber certamente como saír dese labirinto onde prometera unha eterna felicidade de luces de neon. Avantou xa confundida a esa súa corte de paredes de cristais de Murano, a esa súa alcoba con cama con dosel de perlé azul turquesa con sabas de satén, onde radicaba a única realidade que estaba certa de posuír. Xa vía ó fondo da luz o túnel, xa vía ó fondo do espello a súa distorsionada fasquía de mencer desesperado. E así foi como escoitou ó das orellas, dende o descanso da escaleira: “Francamente, nena; tanto che me ten que nunca máis pases fame, como que morras dunha *enchenta* dunha vez!”. Amén!

Pío Dalonga



AudioVideoRestauracion[®]

Audio Visual Restoration Labs

www.AudioVideoRestauracion.es

Edelmiro Trillo 13 Oficina 5B
36600 Vilagarcía de Arousa

Teléf. 638 789 523

Dixitalización de documentos de audio e video en alta calidade.

Viaja, que la vida es corta y el mundo enorme



Viajes para Soñar

Empresa - Vacacional - Producto propio - Grupos



C/ Serafin Avendaño 15, 36201, Vigo
tlf: 986 44 16 78
info@vioviajes.com www.vioviajes.com




COMIDA PARA LEVAR
MODERNO
COCIANDO DENE 1926

TLF: 986 733 433
COMIDA PARA LEVAR

RUA CASTELAO, 36
O GROVE (Pontevedra)

Xerfa
mesón - restaurante

Arca, 15 A
Telfs. 986 691 875
606 609 643
PORTONOVO - SANXENXO
(Pontevedra)

www.descubregalicia.com
e-mail: mesonxerfa@hotmail.com

Posición GPS:
latitud: 42° 24' 9" N
longitud: 8° 50' 23" W
altitud: 38m



Reciones Típicas Gallegas: **Parrillada de Mariscos Especial de la Casa**

Pescados Salvajes:

Exquisitas Carnes Gallegas:

COMIDA PARA LLEVAR

AMPLIA CARTA

Tenemos Menú con tres Primeros, tres Segundos, Postre y Café

Tls.: 986 691 875 - 606 609 643

mesón
LAREIRA D' LAREXO

RECOMENDADO EN **tripadvisor**

RESTAURANTE OFICIAL DA "COFRADÍA DO CENTOLO LARPEIRO"

Alberto M. González
Graña, 7 B - Telf. **986 731 718** - 36980 **O GROVE**
www.lareiradolarexo.com · lareiradolarexo@gmail.com

Rutas al Parque Nacional de las Islas Atlánticas de Galicia

Disfruta con nosotros de la belleza natural de la **Isla de Ons** y las **Islas Cíes**: las rutas a pie, los miradores, las playas de arena blanca y agua transparente, la rica gastronomía isleña...



ONS

Servicio de barco desde Sanxenxo y Portonovo en Semana Santa, puente de mayo y verano.

CIES

Servicio de barco desde el puerto de Vigo en verano.



También puedes realizar rutas guiadas en catamarán con visión submarina, rutas especiales, eventos... **Precios especiales para grupos y escolares.**

Información y reservas:
T **986 731 343** - info@crucerosriasbaixas.com
Compra tu billete on-line en:
www.crucerosriasbaixas.com

PLANIFICACIÓN DA REPOBOACIÓN DA ILLA DE SÁLVORA A FINAIS DO SÉCULO XVIII: CONDICIÓN ESTABLECIDAS POLO SEÑOR DE GOIÁNS PARA OS NOVOS POBOADORES

Por: Ana Vilas Paz

As illas hoxe incluídas no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, especialmente as dos tres arquipélagos exteriores, é dicir, Sálvora, Ons e Cíes, cada un na fronteira atlántica de cadansúa ría, presentan similitudes e paralelismos na súa evolución histórica e nas súas dinámicas de ocupacións, poboamento e despoboamento. Así e todo, as condicións particulares de extensión, relevo, terreos axeitados para cultivos e pastos, dispoñibilidade de auga ou exposición ás inclemencias oceánicas, fan que cada unha delas presente diferencias e particularidades.

Ata hai poucos anos non existían datos certos sobre unha ocupación estable de Sálvora con anterioridade ó século XIX. No ano 2008 documéntanse dous xacementos con restos romanos na praia dos Bois e na praia do Almacén (Bonilla, 2008). As prospeccións superficiais realizadas polo CSIC para o estudo arqueolóxico do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia no ano 2011 (Ballesteros Arias et al., 2013), con varios xacementos e puntos de acumulación de materiais con restos líticos e restos de materiais cerámicos romanos, medievais e modernos, apuntan a unha continuidade na ocupación da illa, dende época romana ata os nosos días, aínda que se supón, polo que se coñece da historia da illa, que non necesariamente por parte dunha poboación estable. A máis recente intervención arqueolóxica no Areal dos Bois no ano 2022 (Fernández Fernández et al, 2022) demostra a existencia de polo menos unha edificación na zona posiblemente relacionada cunha fábrica de salga de peixe que podería estar datada dende o cambio de Era ata finais do s. I d.C., e dentro dun extenso xacemento romano que se estendería tamén á veciña praia de Zafra.

Tal e como se recollía no libro *Sálvora (1321-1833): actividades cinegéticas y pecuarias en una isla despoblada* (Vázquez Lijó, 2015), os datos documentais parecen apuntar a que Sálvora non tivo unha ocupación estable durante unha boa parte do período que cubre o fondo documental da familia dos Caamaño conservado no Arquivo da Deputación de Pontevedra. A illa foi doada por Afonso II á igrexa compostelá no ano 899. No 1321 un foro concedeu o usufruto da metade de Sálvora a Pedro Pelayo Mariño e ó seu fillo Pelayo Mariño. Este foro sería renovado en sucesivas ocasións e a propiedade da illa por parte da casa de Goiáns, herdeiros dos Mariño, remataría por ser recoñecida por varias resolucións xudiciais séculos máis tarde.



Vista da aldea de Sálvora

Durante estes séculos de dominio da casa dos Goiáns, Sálvora foi asentamento temporal de pescadores e refuxio habitual de naves en tránsito, non poucas veces piratas ou inimigas. Na primeira metade do século XVII quedou constancia documental dun intento de asentamento por parte de Bartolomé Martínez o Salvoreiro, que arrendou unha parte da illa, e outros poucos colonos. Menos de 15 anos máis tarde, un ataque de piratas berberiscos levou prisioneiro a Bartolomé Martínez e rematou con este intento de colonización. Así, o principal uso que se lle deu a Sálvora foi ser couto de caza e terreo de engorde de gando tanto por parte dos propios señores de Goiáns como doutros particulares que pagaban ós señores polo usufruto dos pastos da illa.

A finais do século XIX, en 1790, concédeselle un Real Privilexio a Vicente Caamaño, señor de Goiáns, para establecer unha almadraza e pesqueira de atúns na illa de Sálvora. Este proxecto, que nunca se chegaría a levar a cabo, foi ideado por Juan José Caamaño, o primoxénito de Vicente Caamaño, e pretendía ser o motor económico que fixase poboación na illa. Entre os diversos beneficios que se aduciron na solicitude da almadraza e outros privilexios asociados, incluíuse tamén unha razón estratéxica de poboar Sálvora dunha forma estable para así disuadir as naves inimigas de empregala como refuxio.

Neste contexto, atopamos dentro do fondo documental da familia Caamaño que se conserva no Arquivo da Deputación de Pontevedra, algúns “documentos tipo” que os señores de Caamaño mandaron redactar e ter preparados para regular as condicións da repoboación ou para o arrendo e explotación da illa que agardaban tivesen lugar nun breve prazo tras o Real Privilexio. Estes documentos, como outros do mesmo fondo documental, están dixitalizados e dispoñibles para a súa consulta a través de internet no servizo Atopo, unha valiosa e útil ferramenta que nos permite acceder a moitos documentos, imaxes e mapas, ou ás súas referencias en caso de non estar en formato dixital, do Arquivo da Deputación de Pontevedra.



Outra vivenda da aldea de Sálvora

despoblada desde fines del siglo pasado; y de parte otra Fulano, F.F. y citano, labradores, F y F. y demás que fuesen de tales oficios y vecindades (que se expresarán).”

Como dato relacionado co recollido máis enriba, en varias partes do documento dise que a illa de Sálvora está despoada e as súas terras incultas dende finais do século anterior.

A primeira condición que se establece é, por suposto, a obriga dos novos poboadores de, antes de tomar posesión do terreo que se lles outorgue, render preito homenaxe de vasalaxe e fidelidade recoñecendo a xurisdición civil e criminal dos Señores de Goiáns.

Seguindo coas condicións que contén o documento, os donos comprométense nel a nomear ós oficiais de xustiza, alcalde, rexedores, escribáns... que fosen necesarios para dar servizo a esta nova poboación, e tamén a construír e manter ás súas expensas unha igrexa e casa anexa para o cura (cuxo nomeamento sería tamén competencia do Señor) dentro dos primeiros 20 anos dende que se instalase poboación na illa.

O reparto e establecemento das casas e terras para os novos poboadores sería tamén competencia dos Señores, reservándose para eles mesmos os terreos que desexasen. Ós novos vasalos se lles concedía permiso para cortar leña e facer as caleiras precisas para a construción das súas casas, pero non para extraer ningún dos dous materiais da illa. Establecíase tamén a obriga dos novos poboadores de manter as casas, facendo as obras necesarias, e de cultivar as terras asignadas aumentando a produción. O pago ós peritos para realizar as medicións para as casas repartiríase a partes iguais entre o Señor e os vasalos.

O documento establece tamén o pago anual que os poboadores debían facer a cambio dos sitios para as súas casas e das súas terras de cultivo. Permitíase a venda das casas e terras en Sálvora, previa licencia do Señor de Goiáns e pagándolle a el unha décima parte do que se vendese. O Señor e sucesores resérvanse tamén o dereito de fadiga (equivalente ó actual dereito de tanteo e retracto), polo que podía ser el mesmo quen exercese a compra do ben nos dous meses seguintes ó acto de venda.

O primeiro documento ó que facemos referencia é o *Formulario con arreglo al cual podrá otorgar la Escritura de encartación o nueva población de la Isla de Sálvora, recayente en otro de los mayorazgos de la casa de los señores de Caamaño*. Nel recóllense as condicións ás que estarían suxeitos os potenciais novos poboadores da illa e tamén as obrigas dos señores de Goiáns respecto a eles.

O uso de fórmulas xenéricas dende o inicio indica que se trata precisamente do recollido no seu título, un formulario ou documento tipo preparado para futuros usos: “En la ciudad de tal, a tantos de tal mes i año, ante mi el Escribano y testigos infraescritos, parecieron de parte una el Ilustre Sr. D. Vicente Caamaño y Gayoso Capitán de Navío de la Real Armada, Director de Pilotos en el Departamento del Ferrol, residente en el mismo, Dueño i Señor territorial de los lugares de Romelle, Goyanes, Quindimil, y de la isla de Sálvora,

Todo o producido ou criado na illa, “de todos los frutos, que en todo tiempo y perpetuamente se criarán, producirán y habrá en dicha Isla, sean de la calidad que fuesen, sin exceptuar uno”, estaría suxeito ó pago dunha parte ó Señor. Primeiro debíase apartar a a parte correspondente en concepto de Diezmo e Primicia para o Señor territorial, e do que quedase, unha sétima parte sería levada, a expensas dos vasalos, para a casa que mandarían facer os Goiáns na illa (“percibirá la séptima parte de todo género de frutas, hortalizas, frutales y demás que produjese y criase la isla”), e as outras seis partes quedarían para o vasalo en cuestión.

Os vasalos quedarían obrigados a moer e cocer o pan no muíño e forno que o Señor mandaría construír, e tiñan “prohibición absoluta” de poder facer por eles mesmos muíño ou forno a nivel particular ou en común. Tamén as tendas e, se fose necesario na illa, o mesón, serían propiedade dos Señores.

Aparte dos sitios para as casas e as terras para cultivo asignadas, o resto da illa (“pastos, hierbas y leñas”) sería propio do Señor territorial, e se unha vez construídas as casas, os vasalos precisasen dalgunha caleira ou algunha árbore, deberían pedir licencia e pagar o establecido. Tamén para ter gando pastando na illa deberían pagar unha cantidade ó ano.

O documento establece un prazo de 4 anos dende a sinatura na que os novos poboadores estarían exentos do pagamento de censos polas casas e polas terras e da sexta parte da partición de froitos, para compensar os gastos que terían neste primeiro período para poder poñer as terras en condicións de ser produtivas.

Un dos últimos puntos que se recolle contempla incluso a posibilidade de que na illa se planten oliveiras e prendesen, e establece que tamén os seus froitos deberían levarse ó muíño de aceite que mandaría construír o Señor, pagando polo dereito a moer.

Ó final do documento, como unha nota, establécense as condicións para o uso da auga para rego, sendo competencia do Señor o nomeamento dun administrador para o reparto e reservando para si mesmo o dereito a regar preferentemente as terras que cultivase pola súa conta.

Aínda que a repoboación de Sálvora non se chegaría a producir neste momento, se non algunhas décadas máis tarde e por outra vía diferente, despois de que en 1833 a propiedade da illa pasase a mans de Ruperto Antonio de Otero, casado coa herdeira da illa Isabel Mariño Acuña, este documento que aquí se recolle resulta interesante pola súa análise no seu contexto histórico e por reflectir o que serían as condicións de vida na época de toda aquela poboación en relación de vasalaxe. Posiblemente as condicións que tivo a poboación que algúns anos máis tardes se instalou na illa non foron moi diferentes ás que aquí se recollen (aínda que por exemplo si sabemos e se pode ver na actualidade que as casas da aldea tiñan forno de seu).

Na primeira condición que recolle o formulario, cando se establece a obriga dos poboadores de render vasalaxe ó Señor de Goiáns, chama a atención a referencia ás normas arquitectónicas que deberán seguir á hora de edificar as súas casas na illa: “para edificar casa, que sobre ello, se ha de procurar la mayor hermosura, consultando las leyes de policía, para que las casas y calles sean capaces y guarden nivel y rectitud los edificios”. E incluso se a repoboación da illa non se produciu con arranxo ó recollido aquí, caben salientar estes parágrafos extraídos da declaración como ben de interese cultural da illa de Sálvora na categoría de paisaxe cultural que servirán de conclusión a este artigo: “A aldea resulta un caso de interese tanto pola súa localización como pola súa disposición sobre o terreo, por ser un modelo senlleiro, un ensaio único a pequena escala dun conxunto proxectado e construído dunha vez como unha soa vivenda complexa para moitas familias, como un prototipo dos poboados industriais ou as infraestruturas de colonización máis recentes. Por estas condicións, resulta unha manifestación relevante de interese arquitectónico, tanto polas técnicas como pola tipoloxía empregada. A vivenda unifamiliar con cortes para o gando, os hórreos de pedra con cubertas a dúas augas, as sebes e peches de pedra en seco para a delimitación e protección dos cultivos, executados como en calquera outro contexto do complexo agrario, pero en condicións de insularidade, de precarias comunicacións e limitadas en medios técnicos, humanos e materiais.



Interior dunha vivenda de Sálvora. Pode verse o espazo do forno



Pazo, capela e serea de Sálvora, construídos na segunda metade do século XX pola familia Otero Goyanes, marqueses de Revilla e últimos donos da illa, sobre a antiga fábrica de salga e a taberna.

Por mor do seu réxime de propiedade, e ó proxectarse e construírse como unha unidade, foi posible un exercicio de racionalidade e coherencia diferente ás lóxicas máis orgánicas e casuais do habitual da arquitectura tradicional.”

BIBLIOGRAFÍA E FONTES

- Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra: Agrupación documental relativa á Sociedade Económica de Amigos do Pais e á Illa de Sálvora (1785). Contén: Casa de Goyanes: - Copia simple das preguntas feitas pola Sociedade Económica de Galicia ós Ministros de Mariña. Ano 1785 - Copia simple das respostas ás preguntas anteriores feitas por varios portos da Provincia de Pontevedra. Ano 1785 - Copia simple das condicións dadas por Vicente Caamaño para o novo poboamento da illa de Sálvora - Copia simple das condicións nas que se arrenda a almadra da illa de Sálvora. Dispoñible en: https://atopo.depo.gal/Record/arc.ADP_0003422435
- Ballesteros Arias, P., Güimil Fariña, A., López Romero, E. (2013): Estudo arqueolóxico do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Prospección superficial e vulnerabilidade, CAPA 33. Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio. CSIC, Santiago de Compostela.
- Bonilla, A. (2008): “Prospección arqueolóxica para a recuperación, mantemento e conservación do DPMT da illa de Sálvora, Ribeira (A Coruña)”, Actuacións arqueolóxicas, ano 2008. Xunta de Galicia. Consellería de cultura e Deporte, Santiago de Compostela: 330-331.
- DECRETO 49/2018, do 26 de abril, polo que se declara ben de interese cultural o arquipélago de Sálvora coa categoría de paisaxe cultural. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. DOG núm. 95 de 21/05/2018.
- Fernández Fernández, A., Ruanova Álvarez, N., Méndez Otero, R., García Cabo, M. (2022): “Nuevos datos sobre la ocupación antigua en la isla de Sálvora (Ribeira): resultados de la intervención arqueológica en el yacimiento romano del Areal dos Bois.” Minus 27: 11-31.
- Vázquez Lijó, J.M. (2015): Sálvora (1321-1833): actividades cinegéticas y pecuarias en una isla despoblada. Organismo Autónomo Parques Nacionales – Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, Madrid.

O SOLPOR DA CULTURA POPULAR DA ILLA DE ONS (III)

MEIGAS, BRUXAS, FEITIZOS,..., E, “UNHA MULLER DESAS” (I)

Por: Celestino Pardellas de Blas

Debuxos: Miguel Besada Costa (O Grove). Poñelo debaixo do meu nome.



Sigo animando e transmitindo aos lectores e, sobre todo aos investigadores, ese mundo máxico da etnografía dentro da Cultura Popular da Illa de Ons. Fágoo dende a miña modesta aportación, poñendo ao servizo de todos vós, algunhas das historias que fun recompilando ao longo dos anos entre os aunienses/as, sendo consciente da miña falla de preparación para realizalo dun xeito especializado, técnico e científico, xa que non teño estudos específicos en Etnografía-Antropoloxía, nin son experto nesas materias.

Nesta primeira parte exporei algúns dos relatos que recompilei sobre esas persoas que, por diferentes causas, obtiveron esa denominación de meigas, bruxas, ou, como as coñecen en Ons: “*Unha muller desas*”, e noutras entregas falarei, de moitos dos feitizos, maldicións, meigallos,..., que por diferentes razóns, din, que se facían en Ons noutros tempos e que forman parte da interesantísima Cultura Popular desta Comunidade que foi medrando por mor de máis de 150 anos de illamento e pola falla de servizos.

NOTA: Neste artigo non aparecerán os nomes das persoas que me contaron estas historias e, os nomes que emprego, son ficticios, aínda que poden coincidir cos dalgún veciño/a.

INTRODUCIÓN

En Ons, polo menos que eu saiba, non houbo, de xeito <oficial>, mulleres consideradas *Meigas* que posuían unhas calidades e poderes excepcionais, máxicos e sapiencias en artes ocultas.

O que si houbo foron algunhas mulleres que evidenciaban uns interesantes coñecementos sobre o medio natural, plantas medicinais,..., e tiñan fama de curandeiras. Outras colleron sona de botar maldicións e que estas se cumpriran,..., e, á vez, pola contra, tamén podían solucionar problemáticas que tiveran que ver coa superstición, contra os feitizos, encantamentos, malos ollos,... Había as que axudaban despois dos partos se xurdían problemas (nada tiñan que ver coas parteiras),..., e ata as que buscaban solucións a graves enfermidades que os médicos non remediaban.



<https://www.davidtebras.com/FantasiaCeltameigas-gallegas>

No que se refire ás *Bruxas*, como mulleres que realizaban actos malvados e que utilizaban os seus coñecementos para provocar maleficios, enfermidades, conseguir actuacións que parecían complicadas resolver,..., tampouco as houbo en Ons de xeito <oficial>, aínda que algunhas mulleres collían esa reputación por boca doutras que lles botaban a culpa dos males que padecían, ou resolvían os seus conflitos.

A esas mulleres (nunca escoitei nada sobre bruxos), que colleron fama de *Bruxas*, a veciñanza tiñalles moito respecto e ata medo, intentando nunca molestalas, facerlles o que che pedían,..., e ata en casos, acudir a elas a buscar algunha solución que de xeito normal non se conseguía.

Tamén a palabra *Bruja*, era utilizada entre os aunienses para mal falar doutros veciños/as coas que, por circunstancias varias, non se levaban, tiñanlle envexa,..., ou simplemente era un xeito de menoscabar a esas persoas pola importancia que se daban ou porque se crían mellores que os demais.

CAL É O MOTIVO DO XURDIR EN ONS DESTAS MULLERES

A partir de 1840, aproximadamente, Ons vai coller unha poboación estable que vai vivir de xeito permanente na Illa. Pero a súa vida, ao longo dos seguintes 130 anos, vai ser moi precaria, cunha falla significativa de servizos mínimos (sani-

dade, auga, luz, saneamento,...) e cun illamento tanto xeográfico como institucional, que lles vai obrigar a buscar solucións a esa falta indispensable de servizos básicos.

En Ons, nunca houbo médico nin servizo sanitario algún, tampouco veterinario, e se a iso engadimos que por mor da meteoroloxía e o estado do mar, así como a falla de barcos adecuados ata os anos 60 s.XX, o traslado ao continente dun enfermo ou animal con algún tipo de infección, era case misión imposible, é polo que, a busca de métodos curativos entre os propios veciños era unha necesidade desacougante e urxente.

Quizais algunha veciña xa tiña coñecementos traídos do seu lugar de orixe, pero outras fóronos adquirindo co tempo, sobre todo polos saberes sobre plantas medicinais e co contacto que tiveron con mulleres en terra, **bruxas**, ás que acudían na procura de axuda para solucionar algún problema aos que os médicos non daban solución. Estas mulleres dábanlle todo tipo de remedios, pocións, beberaxes,..., dicíanlle que clase de plantas poderían ir mellor segundo a problemática que lle presentaran,..., e que xeitos había para preparalos e darllos á persoa ou animal enfermo. Logo as aunienses, sobre todo as de máis idade e que posuían algún tipo de calidade especial, aproveitaban esas explicacións, as veces as ampliaban,..., e posteriormente, xa eran elas as que buscaban solucións, chegando algunhas a ser unhas expertas en certas curacións.

Non hai que confundir estas mulleres, ás que poderíamos chamar **meigas**, coas que os veciños cualificaban como **bruxas**, que podería ser calquera veciña da que pensaban que lles provocara algún mal, xa fose por envexa, malos ollos, porque non se levaban con ela, por petición doutra veciña/o,..., ou simplemente porque buscaba facerche mal por algún motivo.

Nesta entrega vou comezar por esas mulleres, digamos **meigas oficiais**, que non vivían na Illa pero ás que acudían os aunienses para resolver os problemas, de todo tipo, aos que non lles atopaban solución, digamos científica, nin médicos, nin especialistas en calquera ramo.


A esas mulleres, en Ons, chamábanas “**Unha muller desas**”

HAI QUE IR A “UNHA MULLER DESAS”

A palabra <bruxa>, con referencia ás mulleres que exercían esas prácticas no continente, era case que tabú pronunciála na Illa, como moito, ao referirse a elas, as cualificaban como “**gitanas**”, sendo a frase: “**Unha muller desas**”, a máis empregada para mencionar ás persoas/mulleres que posuían ou ás que lles atribuían, uns poderes especiais, ás que acudían para solucionar algún problema, polo xeral, que tiña que ver con temática de saúde. Dicían que as había cerca de Bueu: “**Hai unha muller saíndo de Bueu, á que foron moitos da Illa, pero coas persoas non acertaba, cos animais si**”. Tamén falaban dunhas de Vigo: “**Outros da illa foron ata Vigo. Había unha que viñera á illa; acertaba ben, pero foron alá e non a atoparon. Seica había outras, pero non acertaban ben cos remedios**”.

Comentaban que a mellor era unha de Cangas: “**Para ir xunta delas, téñeno pasado moi mal xa que non había barco de pasaxe coma agora e nas dornas era moi arriscado ir se había mal tempo. Cando se puxo moi mala a nai de Juana, viñera un médico, que o trouxeron nun barco da Escola Naval, e lles dixo que a enfermidade estaba moi avanzada xa, e que non tiña cura; déralle unhas medicinas para que non tivera dor**”.

A filla decidiu ir a “**unha muller desas**”. Era inverno e o mar tiraba moito, co que o seu home foi coa dorna ata un barco que estaba traballando cerca da illa para ver se levaban á súa muller a terra para ir, díxolle, xunto ao médico. Acordaron levala, pero tiña que ser a Portonovo; viñérona buscar ao muelle e alá foi. En Portonovo aínda tivo sorte que un patrón de Marín, amigo do que a levou, achegouna ata Marín. Estivo un mundo de **tempo na lonxa de Cantoarena**. Era



xa moi de noite, cando conseguiu que un vendedor de peixe a levara na súa camioneta ata Bueu, creo que ía levar peixe aos Massós. Alí esperou ata a mañanciña para coller o coche de liña que a achegou ata Cangas, onde vivía esa muller e, aínda alí, tivo que andar máis de dúas horas ata a súa casa.

Esa muller de Cangas tiña sona de ser boa curandeira, díxolle o que tiña que facer coa súa nai e volveu para Bueu, onde a trouxeron á Illa. A nai de Juana durou case un ano máis, pero pasou menos dolor nese tempo.”

O de ir a “*unha muller desas*”, foi un costume que utilizaron moitos aunienses para intentar a cura dos seus familiares enfermos, aínda que, nalgúns casos estaban atendidos xa por médicos, pero ao non notar melloría a busca de solucións fóra de medicina, e polos consellos que lles daban outros aunienses que pasaran xa por iso, era o motivo de acudir a elas na procura dunha última solución.

Contaba a Siña Amelia: “*Maruxa foi a esas mulleres polo que lle pasou cunha neta, rapaza da súa filla. Eu un día fun alá canda eles para que me viñeran a axudar a botar as patacas co arado. Ao chegar estaban a chorar pois a meniña non lle probaba comida. Xa foran a unha muller de Vigo, que lle costara 10.000 ptas, e non lle fixera nada.*

Eu lles dixen, porque non ían a unha que hai en Cangas, que é moi boa, é unha muller que acerta ben. Explíqueilles que eu non sabía desa muller, pero dixéramo a consogra da miña cuñada. Fóra a ela cando foi da miña filla, os médicos non paraban de cortar seguido, xa tiña cinco operacións, e fomos a ela, *e curou.*

Despois de discutir coa súa filla para ver quen ía, por fin foi ela, Maruxa, dou ben con ela porque expliqueille como era para chegar. Tan pronto como chegou, contoulle o que tiña a meniña e, en nada, a muller díxolle: - Que era un irmán seu a que a tiña así.

Estivo un tempo a falar con ela e explicoulle o que tiñan que facer. Ao chegar, fixéronlle o que a muller lle dixera e aquela mesma noite a meniña comeulle unha taza de leite e unha tortilla francesa; e ata a fecha.”

Esas mulleres, entre a xente da illa, colleran fama de dar con facilidade cos males e buscarlle solución, é por iso, que agás que non puideran por algunha forza maior, sobre todo económica, aínda que algunhas cobraban só a vontade, acudían a elas con certa frecuencia, sobre todo se a problemática ocorría na primavera e no verán que era máis doado achegarse na dorna a terra.



Aínda que non sempre acertaban, tiñanlles moito respecto, e non falaban mal delas nunca, agás entre os propios da casa. Había coma un medo a que alguén lle contara algo a elas, ou elas mesmas, cos seus supostos poderes, puideran sospeitalo, e poderían causarlles algún tipo de mal.

Tamén, pola contra, se solucionaban a cuestión pola que foran onda ela, non dubidaban en contarllo aos demais veciños, o que provocaba que se quedaran coa copla e aproveitaran os consellos que esas mulleres lles deran a outros para, en caso de que lles ocorrera o mesmo, poder eles mesmos buscarlle unha solución ou acudir a algunha “meiga” auniense para que fose ela a que levara o asunto.

Así pasou cun costume que, segundo parece a mediados do século XX, había nalgúnhas casas aunienses, de ter os cadros ou fotos dos familiares falecidos colgados da parede, ata que pasou o que contou o Sr. Juan: “... *o meniño atopábase mal, comía pero non engordaba, morría seco e pasaba moito tempo na casa, non ía xogar cos demais nenos.*

Os pais levárono a “unha muller desas”. A muller díxeralle que o causante do mal do meniño era a avoa. Tiñan na parede da casa todos os cadros dos que morreran, e a muller díxolle que eles, os que estaban na parede, son os que teñen así ao meniño, porque non lle dades misa ningunha. Darlle varias misas e sacalos da parede.

Así fixeron e o rapaz, ao pouco curou e xogaba cos amigos e ía á escola.”

Aínda que é difícil supoñer, ata que chegaron os primeiros turistas alá polos anos 70 s. XX, que os aunienses tiveran fotos nas súas casas, agás, como me comentou no seu momento José Curt, que polos anos 50 xa estaba fotografando persoas, fauna e flora polas Cíes e Ons e que lles regalaba algunha posteriormente e, posiblemente tamén, que outros coas mesmas angueiras tamén o fixeran; si dende logo algunha familia tiñaas, despois do ocorrido co rapaz que contou o Sr. Juan, seguro que todas desapareceron das paredes e pasaron a ser gardadas nalgunha caixa de zapatos.

A esas mulleres non ían só por problemas coas persoas, tamén cando xurdían complicacións cos animais, sobre todo vacas ou bois, que eran os animais aos que máis había que coidar por todo o que aportaban á casa, tamén ían onde elas.

Así ocorreulle á Siña Erundina: *“Tiñamos un boi que non nos comía nada, morría seco. Era inverno e non había barco para levalo a terra, e á Illa non viña ningún médico dos animais. Fomos onda Josefa, que dicían que sabía de remedios para os bichos. Veu a casa, mirouno e dixo que non sabía o que tiña.*

Entón a miña nai díxome: - Se non morre antes, cando faga boa sason, hemos de mirar quen che pode achegar ata Bueu e vas ir a Cangas, onda Esperanza e que che ensine a casa da muller que bota as cartas, que nos dixeron que era moi boa, para que che diga o que ten, e mirar se hai cura. Lévalle, como dixo Josefa, uns pelos do animal.

De alí a un tempo, cando calmou o mar, fun a Cangas onde ela. Eu levei os pelos do boi nun papel no bolsillo da chaqueta. Ela vivía soa. Ao chegar, petei na porta e díxome:

- Quen está aí, o que estea que entre para adentro.

Eu entrei, ela estaba na cama. Mandoume sentar á beira dela, e sen eu dicirlle nada de nada, díxome:

- A ver, dáme acá eses pelos que tes no bolsillo.

Eu asusteime, como sabía ela que traía os pelos do animal no bolsillo? Veu os pelos e volveu a dicir:

-Paréceme que agora ves moi tarde, este boi está moi avanzado filliña. Quen o puxo así é unha que, indo para o norte, ten unha figueira, ela foi quen cho fastidiou, botoulle un mal de ollo. Agora xa non ten remedio.

Aínda así, durou un tempo e o meu pai logrou vendelo por 5000 reais.

Pero a historia non acabou aí, dinlle os cartos que me pediu e díxome, espera un momento que che teño que dar unha boa noticia:

-Vaste casar cun chavaliño moi mariñeiro. Dille a túa nai que non estea preocupada polo teu irmán que está ben e vai chegar a casa pronto con cartos.

E así ocorreu.”

Poderíamos seguir contando máis historias de *“unha muller desas”*, pero as que teño recompiladas son moi parecidas todas, con pequenas variantes, e penso que estaríamos repetíndonos. As xa expostas poden valer de exemplo das necesidades que

tiñan os aunienses de acudir a estas mulleres por mor da falla de servizos médicos na propia illa ou por buscar unha última esperanza ás enfermidades que os facultativos non daban solución, ou que estaban xa nun estado moi avanzado onde as posibilidades de curación eran mínimas.

Para dar remate a este tema de *“unha muller desas”*, dicir que, ás veces acudían á Illa mulleres, que os aunienses cualificaban como *“gitanas”*, non por pertencer a esa raza, senón, penso eu, por non utilizar o nome de <bruxa> ao falar delas, e que, a carón de axudar con remedios a posibles problemas que os aunienses lle presentaban, tamén botaban as cartas, predicían o futuro, facían de *“psicólogas”* aconsellando sobre temas de amoríos, conflitos, dificultades, dúbidas,...

Polo xeral, as poucas veces que acudían a Ons, facíano porque as chamaran por algún motivo, por necesidade ou porque en terra non eran ben vistas e, na Illa, aínda que ao principio rexeitábanas, pouco a pouco ían conseguindo confianza con algunha familia e logo, segundo como lle fose con ela, ían facéndose coa amizade doutras que, dun xeito clandestino, pedíanlle algún favor, intentando que ninguén o soubera.



FROIZ



Siempre a su servicio

FISIOTERAPIA · OSTEOPATÍA

SOLPOR

- Especialista en Osteopatía, miofascial por método Pilat, fibrolisis diacutánea, fisioterapia oncológica, deportiva, punción seca, vendaje neuro muscular.
- Impartimos clases de Hipopresivos
- Trabajamos en la prevención y tratamiento de lesiones en multitud de patologías: Problemas de espalda, hernias, ciáticas, disfunciones de ATM, problemas digestivos, problemas musculares o articulares en general, rehabilitación de ictus...



Rúa da Praza, 13 / 36980 / O Grove

Telf.: 986733497

Móvil – WhatsApp: 678261741

www.facebook.com/solpor

solporfisioterapia@gmail.com

www.instagram.com/solpor_fisioterapia/?hl=es



TABERNA LAVANDEIRO

Mariscos – Cocina casera
Excelente bodega

Corgo 8

O Grove – Pontevedra

Telf: 986 731 956



RESTAURANTE – ALOXAMENTO

O PIRATA



Bar e Aloxamento O Pirata

Illa de Ons. Reservas: 606447268

Restaurante O Pirata Mendiña


Praia de Mendiña (Cangas): 648698026

Especialidad en:
*Pulpo, marisco, pescado
arroz e caldeiradas.*
**Amplo comedor para
grupos e eventos.**



CASA ZULEMA

Telfs. Bar 986 69 19 91 - Casa 986 69 16 37 - 986 72 30 29
36970 ARRA - PORTONOVO (Pontevedra)



Arra, 8 - 36970 Portonovo (Pontevedra)
Telf. Bar: 986 691 991
Telf. Casa: 986 723 029 - 986 691 617
www.casazulema.com
info@casazulema.com
Situada a 900 m. de la Playa Montalvo



HOTEL GAVIOTA

RESTAURANTE



El hotel Gaviota se encuentra en Sanxenxo, en el entorno natural que rodea a la playa de Montalvo, una de las más bellas de la zona, a 200 m. del hotel.

Dispone de habitaciones dobles y exteriores con terraza, cuarto de baño, televisor y calefacción.

Cuenta con piscina, jardín, aparcamiento, cafetería con terraza, salón social con biblioteca, recepción, WI-FI gratis.

Playa de Montalvo, 32 - 36979 SANXENXO (Pontevedra)
T. +34 986 72 39 42 - info@hotelgaviota.es - www.hotelgaviota.es

ESTABLÉCESE NO GROVE O PRIMEIRO MUSEO DA ACUICULTURA DE ESPAÑA

Por: **Jacobo Fernández**



En novembro de 2021 inaugúrase no Grove o primeiro museo de acuicultura de España e, se nos fixamos en Europa, atopamos museos ou aulas de interpretación de especies concretas como o salmón; así a rede de centros de interpretación do salmón en Noruega, o Salmon Center Senja e o Ollo de Salmón.

Este Museo da acuicultura está aloxado no Pescanova Biomarine Center no Grove, no excepcional enclave da Enseada de O Bao, zona Ramsar e con aspiracións a preparque de Illas Atlánticas.

O museo pertence á empresa Nova Pescanova e nace coa vocación de mostrar a innovación e sustentabilidade na acuicultura e a pesca.

Este espazo expositivo foi deseñado, producido e executado pola empresa Imandra Project, con ampla experiencia museística e de espazos expositivos. Os contidos do museo foron supervisados pola xornalista e comunicadora Tesa Díaz.



Recibidor do espazo expositivo do Pescanova Biomarine Center



Historia de Pescanova

Este museo quere ser unha narración da historia de Pescanova e un concienciado transitar polos océanos e a acuicultura a nivel mundial presentando especial relevancia ás especies de acuicultura do grupo empresarial, é dicir ao rodaballo e ao lagostino e, ademais, á especie en experimentación que é o polbo. O visitante terá a oportunidade de achegarse á realidade das instalacións de acuicultura a través de xanelas estratexicamente colocadas que se atopan durante o percorrido e desde onde se observan diferentes zonas dun criadeiro (artemia, rotífero).

O museo de 500 m², conta cun pequeno auditorio para 120 persoas ademais unha sala de exposicións perfectamente equipada, con cámara cenital para a realización de demostracións de cociña en vivo. Un amplo vestíbulo recibe aos visitantes ao museo.

Este museo ten unha configuración vertebral lineal con diferenciación de 6 sectores temáticos e recrease con material interactivo e táctil (videomapping, videowall), ademais de diferentes maquetas, figuras representativas e sinalizacións.

A visita a este espazo expositivo comeza na sala máis corporativa: preséntase a compañía Grupo Nova Pescanova contándonos as orixes da Pescanova no ano 1960 cando o seu fundador D: José Fernández constrúe os primeiros barcos conxeladores do mundo. A historia está

baseada no propio ADN da empresa, a innovación, investigación e sustentabilidade.

Podemos observar os catro piares da empresa, a pesca, a acuicultura, así como a elaboración e a comercialización dos produtos do mar.

Monitores interactivos móstrannos a realidade dos barcos con testemuños da tripulación ademais de poder participar na interactividade 360°. Unhas singulares maquetas en escala dun arrastreiro e un tangoneiro expóñennos os barcos máis recentes da empresa Pescanova e o seu plan de renovación da frota. Un divertido e ilustrado videomapping explícanos as medidas levadas a cabo pola empresa para unha pesca sostible.

O futuro do mar está representado na seguinte sala cunha formulación ecolóxica. Conciéncianos sobre o fráxil que son os ecosistemas acuáticos e resáltase a gran función vital dos océanos na xeración de osíxeno. Esta admitido que máis do 70 % do osíxeno que respiramos procede dos océanos, ademais de ser un importante sumidoiro de CO₂.

Esta singular sala ten un elemento protagonista que é unha especial ecosfera de 60 cm de diámetro. É froito dunha investigación da NASA na década dos 80, un ecosistema totalmente pechado onde conviven diferentes organismos invertebrados (camaróns vermellos), microorganismos e algas. Neste particular microcosmos podemos comprender moi ben a función que ten a fotosíntese no mantemento da vida.

A responsabilidade social de Pescanova é relevante alá nos lugares onde se atopa e pertence ao seu ADN empresarial. A película *A cidade que naceu do mar*; narra a carreira profesional de Nelago Kwedi, a primeira muller patroa dun barco arrastreiro de Namibia. Valoramos como o desempeño e a constancia poden darnos momentos de satisfacción na vida.

Tres grandes problemas da pesca (contaminación, pesca ilegal e sobrepesca) evidencian a necesidade de coidar os océanos que representan máis do 70% da superficie terrestre.

A través dunha verde cortina adentrámonos nos bancos de zosterá para continuar coñecendo outro dos grandes problemas cos que se enfrontan os océanos: as illas de plásticos distribuídas ao longo de 3 océanos.

A máis ampla área do museo dedícase a Cultivar o Mar. Un espléndido mural de máis de catro m de longo por 3 de alto guíanos polos 25 principais fitos da acuicultura mundial.

Descubrimos que a acuicultura non é algo recente pois no ano 3500 antes de cristo os chineses xa cultivaban carpas e muxos e o primeiro manual de cultivo de peixes débese ao chinés Fan Li no ano 475 a.C.

Mais próximo a nós está o cultivo do mexillón que se coñecía no ano 1909 e foi no porto de Barcelona onde se instalou a primeira batea e en Galicia implantouse no ano 1949 na Ría de Arousa; actualmente somos o maior produtor de mexillóns de Europa.

Outros fitos da acuicultura lévannos ata a construción do PBCenter no 2019.

Unha xigantesca pantalla interactiva ou videowall a modo de gran acuario ilústranos coas especies acuícolas máis cultivadas do mundo e resúmenos as 580 especies cultivables do planeta. Delas tan só 10 especies producidas representan máis do 50% da colleita mundial.

Mais de 20,5 millóns de persoas traballan directamente na acuicultura e o 50% dos produtos do mar consumidos xa proceden da acuicultura.

NPescanova ten un amplo coñecemento de dúas especies de acuicultura: o rodaballo e o lagostino. Nesta sala resaltan dúas grandes e rechamantes figuras destas especies e explícanse os seus ciclos de cultivo, as súas características máis salientables. Neste mesmo espazo tamén existe unha pintoresca figura dun polbo e apúntanse as súas principais curiosidades fisiolóxicas e de comportamento. Móstrase o polbo como especie futura de cultivo.

Os sons que emiten as especies están gravados mediante hidrófonos ou micrófonos do mar. Nunha campá acústica podemos escoitar os sons que emiten os polbos, rodaballos e tamén os das grises chernas.

Xa rematada esta viaxe pola pesca e a acuicultura mundial finalizamos nun laboratorio submarino onde un insólito investigador explícanos como nace unha investigación mariña.

Adentrámonos no I+D+i da propia Nova Pescanova onde se explican as liñas principais de investigación que levan a cabo para mellorar os procesos relacionados coa xenética, nutrición e saúde ademais de garantir o benestar animal dentro da acuicultura.



Ecosfera de 60 cm con ecosistema en miniatura



Sala de Cultivando o Mar

Exhíbese un Dron mariño real que realiza funcións operativas (medidor de temperatura, salinidade, turbidez...) nos esteros de cultivo de lagostino de Ecuador e Nicaragua e coñecemos a implicación de Big Data e a IA coa acuicultura.

Internámonos no propio PBCenter onde con lentes 3 d podemos pasear virtualmente polas instalacións do centro de investigación e interactuamos coas especies alí presentes (rodaballo, cherna, polbo) no seu mundo real. Visitamos o moderno centro de investigación.

Finalmente, unha proxección múltiple, preséntanos unha parte daquelas persoas que traballan na compañía (10000 empregados) e fan posible que o mellor do mar vaia á túa mesa.



Mural da Historia da Acuicultura



Liñas de investigación do Pescanova Biomarine Center

ACTIVIDADES “Pineiróns”

Agradecemento á:

Colabora



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE

DE COSTUME DESAPARECIDO A LIBERDADE SEXUAL

Por: José Manuel Dopazo Entenza

Colaborador externo do Instituto da Lingua Galega
(Universidade de Santiago de Compostela)

Nós queremos engrandecer o mundo coa nosa diferenza

Luís Seoane

Cando a xente me pregunta por que dediquei (e dedico) tantos anos da miña vida e horas interminábeis do meu tempo de lecer a gravar e investigar sobre A Illa de Ons, teño dúas respostas que rematan na mesma idea pero con posicionamentos antagónicos. A primeira delas, a máis simple e para cerebros con menos capacidade de reflexión, é que foi o meu “nicho de mercado”. Unha terminoloxía extraída do capitalismo e que denota que a mercantilización pode entrar mesmo na lingua e na cultura, cousa que detesto profundamente mais éelles de fácil comprensión.

A segunda, para quen ten maior sensibilidade e certa empatía coa marxinación que sofre o galego en aras da imposición do español tanto a nivel lingüístico como tamén cultural (unido agora á globalización, coa americanización das nosas vidas), é que este pequeno anaco de terra rodeado e azoutado polo Océano Atlántico conservou, malia a migración masiva, a cultura galega dunha forma que dificilmente a podemos atopar en ningún outro recanto de Galiza.

Valla esta *captatio* tanto para atraer aquelas persoas interesadas en costumes pouco coñecidos, mais cunha transcendencia enorme e traxectoria dilatada no tempo, como para arredar esoutras que se din escépticas sen ter contacto ningún coa cultura propia deste noso país.

Trátase dun costume que, de non haber rexistro gravado, podería pasar por fantasioso e mesmo inventado. Así mo teñen dito nalgunha ocasión que o cheguei a comentar ante persoas que non merecían tal agasallo. Debo confesar que tampouco me importou demasiado atoparme con esa reacción.

O señor Fransisco, o *Fillo do Fento* que lle chamaban na Illa, foi un dos informantes máis concienciados e con maior saber popular e culto que coñecín. Naceu na aldea do Cucorno, xusto por baixo do faro, e pasou os anos de mocidade combatendo na guerra nas grandes fronte de batalla en Madrid, Zaragoza, Guadalajara e Barcelona.

De volta na súa amada illa, casou para O Centulo e desenvolveu unha vida de traballo escravo até mercar un barco motor e migrar para Bueu. Xa xubilado, dedicou o seu tempo á terra e a botar a partida na taberna. Morreu a dous meses de facer 99 anos. Con todo, legounos case 30 horas de historias e coñecemento verdadeiramente telúrico.

Era un home precavido e sabio. Non se deixaba asoballar por grandes entendidos, pois el só falaba do que de verdade coñecía. Ante temas ignotos, prefería calar. Lémbroo careco de todo, coa boina cravada até a metade da fronte. Unhas lentes escuras do grosor dun dedo. Faltáballe un ollo e polo outro apenas vía. Vestía pantalón de pana raída e camisa a cadros con cheiro a fume.



Señor Fransisco en 2013. Arquivo Dopazo



Xilografía de Luis Seoane titulada "Costume desaparecida"

Cerro os ollos e aínda o podo escoitar rir. Un riso que alegra o corazón e arreda as penas máis profundas. Un riso de neno, carente de maldade.

Este señor, de apenas metro e medio, é a memoria da tribo. É a arca onde ficou gardado o tesouro esquecido da Illa, da súa illa, da illa de Drake, de Sarmiento, de Álvaro das Casas e de todas esas persoas que aínda non desististes na lectura.

Luis Seoane, en *Imágenes de Galicia. 72 xilografías originales*, presenta un traballo en particular que me fascinou desde que mo deu a coñecer Paco de Xenxa, "Costume desaparecida". Trátase de catro persoas espidas enriba da herba, en posición de rodar. Seoane naceu no mes de san xoán de 1910, cinco anos antes ca o señor Francisco, e aseveraba que esa imaxe que el xilografou era un costume desaparecido.

Reflexionei durante anos sobre o concepto *desaparecido* pois, desde o momento en que el o xilografou e o publicou, deixou de estar desaparecido para estar recollido e até valorizado a través da súa arte. Por suposto que Seoane empregaba o termo co sentido de "falta de uso", mais eu prefiro pensar que o que roldaba a súa cabeciña cando o escribiu era a definición que lle dá o dicionario da Academia: "que non se sabe onde está".

Pouca descrición fixo. Tan só presenta como subtítulo "mozos aborcallándose espidos sobor da herba dos prados no día de San Xoan, 24 de Xunio". Era, xa que logo, un outro rito da noite máis máxica do ano.

E é neste punto onde o señor Francisco entra con toda a súa *auctoritas*, pois na Illa de Ons —nesa Illa de Ons que tanta xente teima en

cualificar como incomunicada, nesa Illa de Ons agora alleada da súa realidade e invadida de *jodechinchos* petulantes— nesa Illa de Ons do señor Francisco tamén se realizaba ese rito. Polo tanto, o costume estaba "desaparecido" para Seoane, pois non sabía que se atopaba vivísimo nesta illa.

Antes, por San Juan, disque o que tiña a sarne —a sarne disían que tiñan ghranos, eu nunca tuven— tiñan sarne iban remonteare, ár serradelas, que era a herba que deixabamos pá semente pó ghando. Bota#, deixabamos trevo e serradela, anecos. Non sabes? Non decruabas... Porque aghora, en marzo decruabamos toda a terra. Pero esa deixabámola pá semente. Un aneco... Entonses, por San Juan, ese que tiña a sarne, iba a remonteare iso, pasáballe a sarne. Entendes? Si, a remontiar, e moitos [...]. Tiñas que despir en cuero, pa ir remonteare... Claro, porque a roupa... <risas> ca roupa non curabas! Disque curaba, dixque!, eu... Ah, iso poi[s] si é serto, porque acordo eu ir remonteare á herba.

Coido que non esaxeraba cando dicía que o señor Francisco era portador de todo o saber do mundo e transmisor excepcional até do máis mínimo detalle. Neste minuto escaso de gravación non só mostra que o costume estaba activo na Illa, senón que presenta cada pormenor no lugar exacto como as pinceladas dun artista barroco.

Se deluvamos o texto, vemos que en marzo era a época de decruar a terra para a poder sementar en abril. A pericia da labrega instruída ditaba que unha parte do terreo debía ficar sen abrir para que o trevo e a serradela puidesen dar semente da que se alimentar o gando. Inconscientemente, tamén se estaba a nutrir a terra, pois estas leguminosas fixan nitróxeno no solo, eliminando acidez, e teñen boas raíces que contribúen a airear o substrato e reter auga e humidade todo o ano, reducindo a necesidade de regar.



Gravación señor
Francisco remonteare
San Xoán

Remontear é un verbo curioso, pois *remontar* implica, segundo o dicionario da Academia, “percorrer en sentido ascendente”, o que sería ben complicado de realizar neste rito concreto. Por contra, Leandro Carré Alvarellos recolle no seu dicionario de 1950 para *remontear* “Corvetear, saltar o hacer corvetas el ganado vacuno, cabrío, etc., cuando es joven”. Se cadra, algo había de pinchacarneiros, aínda que deberían ser ladeira abaixo, e non arriba...

A sarna, pola súa banda, é unha enfermidade altamente contaxiosa ocasionada por un ácaro parasito. As solucións posíbeis pasan por bálsamos con base en sulfuros e insecticidas. Así que, dificilmente, a serradela ía sandar esta doenza. Xa que logo, a sarna sería a escusa perfecta para que adolescentes en plena efervescencia das hormonas puidesen quitar a roupa con permisión da sociedade para se envorcallaren sobre o resío da noite máis curta do ano, na que todo é posíbel, na que está permitido o indicíbel.

E eu pregunto: cando se ditamina tan libremente que a xente de antes era máis puritana, tiña máis prexuízos, estaba máis atrasada (en todos os temas, mais concretamente no sexual), que chegaba virxe ao matrimonio etcétera, etcétera, etcétera..., temos algún tipo de dato ou tan só se está a reproducir un discurso baleiro? Agora volvamos ao presente e imaxinemos os nosos adolescentes realizando este tipo de ritos. Que sociedade está máis avanzada en termos de liberdade sexual?

Namentres as bruxas voaban dacadalo das súas vasoiras, procurando unha casa que non estiver protexida por estralos e sanxoáns no seu tellado, os mozos desta illa, no seu *impasse* de ciencia antiga e cultura transmitida, ficaban sen roupa e sen pudor estomballándose en fiel harmonía co cosmos, nun rito pagán de fecundidade e fertilidade disfrazado de curación.

Aínda lembro outra historia que el me contou unha vez, mágoa que non atope a gravación se é que a cheguei a gravar nalgún momento. O señor Fransisco dicía que o arco da vella era un fenómeno con moito poder. Por suposto que a fascinación dunha proxección de cores sobre o firmamento ten que ser, cando menos, abraiante.

Segundo este grande home, se unha persoa é quen de atravesar o arco da vella poderá cambiar de home para muller e de muller para home. E é máis, mesmo postulaba a posibilidade de que non se dese atravesado. Nese momento, mentres pronunciaba as palabras “e se quedas no medio...”, ergueu os brazos en signo de dúbida e non rematou a frase.

De novo, o señor Fransisco dános unha lección de vida, polo menos, para a reflexión e o cuestionamento das ideas preestabelecidas. Permítenos pór en dúbida o grao de liberdade sexual do individuo a comezos do século XX nese rito erótico da noite de San Xoán. E posibilitáanos, do mesmo modo, cuestionar ese mantra absurdo da “moda trans”. Era unha realidade e unha necesidade noutro tempo e o ser humano buscou explicacións para que fose máis doado comprendelas. De feito, esa idea de “e se quedas no medio...” achega a posibilidade de existencia de persoas non binarias, nin muller nin home, no medio.

E agora que veñan os escépticos retrucar. Sentíndoo moito, neste cosmopaletismo oligárquico en que os ritos, os mitos e as lendas só serven se teñen un fin capitalista (Nadal, San Valentín, Carnaval, Halloween...), os costumes tradicionais continúan a nadar no océano de saber transmitido e de liberdade como firme resistencia ante a ignominia.



Arco da Vella, sobre o peirao da Illa de Ons

AS MARCAS DE PESCA PARA SE SITUAR NO MAR

Por: Francisco Calo Lourido



Os alleos ao mar veno como unha enorme lámina de auga. Todo é mar, mais ignoran como poida ser o que está por baixo desa tona que muda de cor, que onte era azul, hoxe gris, outro día verde, ou prata ou violeta.... E que polas noites se volve negro pechado, coma tinta china, agás cando arde e os barcos aproveitan para andar á ardora, é dicir, cando o mar está cheo de plancto e algo (peixes ou barco) o axita. Estes non familiarizados co mundo da pesca ollan saír do porto os barcos, venos regresar con peixe e deducen que, onde lles cadrou, largaron os aparellos, mallaron os peixes e volveron con eles para terra. Ignoran que para pescar algo, sen que sexa unha casualidade, é preciso, amais de moitas outras cousas, coñecer o fondo mariño. Ao longo de séculos os bos patróns, os que pescaban ben, debíano en boa medida a que sabían perfectamente se debaixo da quilla do seu barco había area, lama, cascabullo, pedra, laxa, piña, cabezo, beirada, carreiro (para pasar libre) ou baixo (do que se librar), así como a forma desa área. Aprender isto foi un traballo local, por iso os de cada porto coñecen os seus mares e adoitan ignorar como son os das outras zonas.

Todos os investigadores do mundo pesqueiro e náutico coinciden en dicir que o primeiro instrumento empregado no mar foi o sebeiro ou escandallo: unha pedra amarrada a un calamento que se empregaba para sondar e saber que profundidade había debaixo do barco. Isto era suficiente para navegar cunha certa seguridade de non rematar encallados nun baixío inesperado. Nalgún intre adoptou un aspecto cilíndrico ou fusiforme e fíxoselle un furado nun extremo, no que se introducía un pouco de sebo, de onde tomou o nome de sebeiro. Amarrado polo outro extremo, lanzábase ao mar e, ao cobralo a bordo, sabíase, pola pegada deixada no sebo, amais das brazas de profundidade, a natureza do fondo. Posteriormente pasou a ser feita en bronce ou chumbo. O feito de untala con sebo tiña unha finalidade, non tanto de navegación, canto de pesca. Se marca area (limpo), ninguén se pon alí a pescar fanecas ou maragotas, mentres que, se indica seco (pedra), saben que non se van matar raias nin linguados ou rodaballos. Cada especie de peixe ten o seu hábitat e as súas querenzas.



WikipediA. Escandallos de chumbo. Museo Naval (Madrid)

Escoitei a un patrón explicar isto a un profano. Díxolle: “Un extraterrestre chega aquí coa súa nave e fondea aí no ar; pretende pescar homes, os aparatos márcanlle o que está no fondo, onde estamos nós, pero non nos ve e o que debe facer é fondear xusto enriba da porta desa taberna. Como alí sempre estamos entrando uns e saíndo outros, el vainos pescando ata que case non quedamos. Entón vai ao resón e cambia de posta, poñéndose enriba daquela outra tasca e continúa alí asinando homes. Se ignora as marcas das portas das tabernas e fondea aí no medio, o máis que pode pescar é un raro que vai dunha taberna á outra, e mellor lle sería mudar de oficio.

Xa temos marcado un sitio bo para pescar, pero este non é máis ca un punto e hai que amplialo, caendo en todas as direccións para ter a topografía completa do seu fondo, xa que os peixes poden estar dunha banda ou doutra en función de como traballen as correntes e as mareas, sobre todo se hai pouca profundidade, variando tamén as circunstancias nas diferentes estacións. Todo o anterior se foi aprendendo ao longo de séculos e, coa única axuda do escandallo, as xentes dun lugar foron coñecendo, cartografando e memorizando o fondo do seu mar, desde o máis próximo á costa ata o máis afastado ao que ousaban saír coas súas embarcacións.

Cando o mar pasa unha gran tempada descansado, ferve en peixe. Esaxerando moitísimo, dicíanme uns bacallaeiros de Terra Nova que, ao rematar a Segunda Guerra Mundial, andaba o bacallau xurdido, embarrando os barcos que alí chegaban. Poñámonos agora nos mares virxes de hai centos e miles de anos; aqueles primeiros mariñeiros -malia seren principiantes- poderían pescar en calquera sitio, pois todo estaría cheo de peixe, mais, segundo avanzaba a depredación e con ela medraba a escaseza, houbo que ir saíndo máis afora e memorizando os novos lugares para saber volver ao mesmo sitio. En


algures, un mariñeiro, sen dúbida totalmente ignorante en xeometría, pero con luces naturais, deuse de conta de que o lugar que quería lembrar viña sendo o vértice dun ángulo imaxinario, sendo os lados dúas liñas rectas trazadas ao enfiar para cada unha dous puntos destacados da costa e doados de lembrar, as chamadas marcas. Aprendido isto, íría pulindo a precisión do vértice, escollendo marcas (accidentes xeográficos, construcións...) que estivesen o máis lonxe posible do barco e entre si e abrindo o ángulo canto máis mellor. Conseguiría así ter o que os pescadores chaman marcas finas. Se o lugar de pesca, a posta ou fanequeira, é grande, non se precisa tanta exactitude, pero se é pequeno, se se trata do que no Porto do Son chamamos un *gharrancho* (unha simple pedra, un bote afundido...), un cativo desvío ocasiona saír do sitio e non pescar.

Así como unha cousa leva a outra, unha posta de pesca, unha fanequeira, lévanos a saber doutra. Un barco sae con idea de ir a esa posta coñecida, pero a néboa non permite ver as marcas con seguridade; recórrese ao sebeiro para ver se cadra a profundidade e bótanse os liños ao mar deixando ir o barco ao garete. Vanse matando así peixes encarnados (proprios do seco), entre eles cabras e, de súpeto, pican as fanecas (propias das beiradas). Fondean e seguen pescando ata que levanta a néboa e, ollando para as marcas, comprobán que non están onde pensaban. Procuran e memorizan unhas marcas novas e agora xa saben onde hai unha nova fanequeira. Así me teñen contado de tantas postas descubertas andando “a cabrear”, é dicir, matando cabras por enriba do seco ata caer na beirada. Eu, descoñecedor do mar de Pontevedra, fixen o mesmo no “Salseiros”, buscando postas arredor de Ons, desde o Baixo Zacarías polo norte ata Cabezo Cotufón, Bastián de Val, etc., polo Mar de Fóra, ou Cativelos polo leste, para quen me serviu unha das marcas do primeiro en senso contrario: a luz do Camouco entre a Punta do Centolo e o Centolo.

Outras postas serían atopadas largando aparellos. Os anzois caen nun punto, nunha área pequena, mentres os aparellos, caso das betas, como abarcan moito máis espazo, non precisan tanta finura na marcación, mais cómpre saber un número maior de marcas tanto para largalos ao tendido como en senos. Debemos coñecer a forma da pedra ou pedras próximas para ir largando con xeito toda a cacea. En ocasións, cando a estamos metendo a bordo, vemos que un seno do aparello trae unha carga superior de fanecas (estou exemplificando con fanecas para nos entender, por iso cito as betas). Míranse as marcas e resulta que non estamos nun sitio coñecido, que nos desviamos. Marcamos e xa temos outra posta máis para cando veñamos pescar á liña ou largar redes. Isto foise facendo, día a día, ao longo dos tempos, pero a maioría das marcas aprendémolas dos nosos pais ou dalgún alleo (cousa estrañísima), e incluso podería falar das dos pecios, abundantes en congros, que foron mercadas aos patróns das bacas que os descubriron por embarrar neles ao iren en arrastro polo limpo. E por último, outra maneira de aprender postas de pesca, é sendo “boiero”, é dicir, tomando nota de onde están as boias dos aparellos largos por patróns que saben ou achegándose, con máis ou menos descaro, a un barco que está fondeado a pescar e poñéndoselle ao costado.


Práctica habitual é estar pescando e ver como un barco trae a proa ao teu. Se non muda o rumbo, e normal que o patrón mande arriar catro ou seis brazas de calamento, co que o barco cae e sitúase fóra da posta. Chega o intruso e, mentres procura marcas, pregunta se hai algo. A resposta sempre é “nada”, logo catro frases sen interese ata que o “boiero”, con notorio disimulo, tomou nota mental e marcha. Se marcou ben, cando volva alí pescará o mesmo “nada”. Nunha ocasión estiven un tempo que me pareceu eterno cun bo badeixo dando cabezadas a media auga e eu co brazo ben estendido para que non se apreciase o movemento da tanza. Tiven sorte de zafalo e metino a bordo despois de marchar o “boiero”. Nun traballo máis amplo comentei que, conversando con mariñeiros de Portonovo, de Bueu e de Ons, todos eles coincidían en considerar “boieros” aos de Loira, onde houbo moitos pescadores a principios do século XX (Calo, 1998, 38-39).

Os bos patróns procuraban ter máis de catro marcas por posta, prevendo que habería días nos que sería imposible, polo sol de fronte ou pola néboa, distinguir algunha delas. Sabendo escribir, era moi normal que aproveitasen algúns dos



Follas do derroteiro de Vicente Lourido, meu avó

moitos días que o mar non lles permitía traballar para ir anotando nun caderno ou libreta todas as postas que sabían, podendo logo refrescar a memoria das mesmas. Teño de meu avó Vicente parte dun destes chamados derroteiros, confeccionado a partir das postas máis próximas a terra ata os mares máis afastados a onde chegaban traballando os do Porto do Son, e teño outro de tío Secundino (Calo, 1996: 48) que di na primeira folia que foi feito no Nadal de 1930 e que <<este derroteiro es espresamente para pescar o congrio>>. Neles atopamos anotacións como que tal posta é <<Moy pescadora para primavera>> ou que <<Para estar libre de Baya [Baía e un mar situado fronte ao castro de Baroña con moitas postas (Pragueira, Fatigueira...)] pola Terra emenester apunta de cobeiro aposa de baixo oupola terra da sagrada. E para non meterse nas pedras de Jadamil emenester traer acapilla aberta pola craba, que dalipara terra entran as pedras>>. Nese mar de Baía teño axudado a matar (falando como os mariñeiros) moitas fanecas, pescadas, congros e corobelos.



Marcas electrónicas de pesca. Cedita. Pelón

Nun moi importante traballo de Santos Graça sobre o mar da Póvoa de Varzim hai un listado de postas de pesca nas que traballan os poveiros. É curioso que as máis importantes só teñen unha marca principal ou mestra, vg. Baltar e, conseguintemente, non pode haber un ángulo, senón, simplemente, unha longa liña. Así: Baltar a S. Gens, Baltar a Luz, Baltar ao Escarvado, etc. En sitios máis pretos da costa si constrúen o ángulo, e así temos: <<Dom Martins -25 braças- Marca: Sul: Pedras Ruivas à Cajanca; Norte: Pedrosos à Forcada de Abremar>>. Nas postas máis de fóra, xa entre 200 e 300 brazas, de onde o nome de “Profundo”, <<não tem marcas para se regular, porque os montes se *afundam na água*, não se avistando terra>>, polo que tiñan que se guiar a base de sondar co escandallo. A S. de Fisterra temos tamén nós un “Profundo” (42° 49' / 9° 19') (Durán, 1991: 116), así chamado no Son, sendo un dos mares preferido por meu avó para ir aos badeixos “da braza”, e o derradeiro que citou cando estaba no leito de morte.

Nun libro que recolle a toponimia da costa galega entre Panxón e A Guarda, incluíu o autor (Vilar, 2008) a reprodución dun caderno de marcas ou derroteiro do baionés José Antonio Selgante. Este patrón, amais das necesarias marcas para se situar na posta de pesca fixo un sinxelo esbozo de cada parella enfiada, o que facilita a súa localización, mesmo para alguén pouco coñecedor dos topónimos da zona. Con iso, calquera mariñeiro alleo pode situarse enriba da posta perfectamente.

A chegada da electrónica ao mar (sonda, sonar, GPS, plotter, radar...) fixo innecesarios estes antigos e sabios coñecementos, pero os vellos patróns repiten que, se fallan os fusibles ou os satélites, os de agora non saben nin ir levantar os aparellos que largaron onte.

BIBLIOGRAFÍA:

- CALO LOURIDO, Francisco (1996): *Xentes do mar. Traballos, tradición e costumes*. A Nosa Terra, Vigo.
- CALO LOURIDO, Francisco (1998): “Individualismo fronte ós nosos, afirmación local contra os alleos e defensa do territorio”. In CALO LOURIDO, F. (coord.): *Antropoloxía Mariñeira. Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía In Memoriam Xosé Filgueira Valverde*. Ponencia de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega. Santiago, 1998, pp. 29-42.
- DURÁN NEIRA, Carlos (dir.) (1991): *Caladeros de pesca del litoral gallego*. Serie Estudios Sectoriales, 6. Fundación Caixa Galicia, A Coruña.
- GRAÇA, António dos Santos (1932): *O Poveiro. Usos, Costumes, Tradições, Lendas*. Póvoa de Varzim. (Hai ed. facsimilar da Câmara Municipal da Póvoa de Varzim, 1982).
- VILAR PEDREIRA, Xosé Lois (2008): *Talasonimia da costa sur de Galicia*. Instituto de Estudos Miñoranos. Gondomar.

O escultor Asorey, memoria dunha restauración

Por: Antón Mascato

Fotos: Copyright. Antón Mascato

Ábrese paso no noso calendario cultural a celebración do *Día das Artes Galegas* que a Real Academia Galega de Belas Artes instituíu hai uns poucos anos para conmemorar, cada primeiro de abril, a data na que o Mestre Mateo asenta os dinteis do Pórtico da Gloria; nese día do ano 1188. Neste ano que pasamos, foi o seu protagonista o escultor cambadés Francisco Asorey a quen lle foi adicada a anual celebración. Pasado o ano estamos en condicións de avaliar o meritorio traballo de restauración cultural que determinadas figuras teñen feito a respecto desta figura aínda non ben coñecida.

Sen dúbida foi o profesor Ramón Otero Túñez (Santiago de Compostela, 1925-2010), catedrático da Universidade de Santiago e especialista en arte, quen en primeira instancia se ten ocupado de estudar, divulgar e honrar a vida e obra de Francisco Asorey González (Fefiñáns, Cambados, 1889-Santiago de Compostela, 1961). Este experto en historia da arte, dedicou varios anos á catalogación da obra do cambadés, sobre quen publicou o seu traballo titulado *El escultor Francisco Asorey*, editado pola Universidade de Santiago en 1959, dous anos antes do falecemento do protagonista. Unha obra meritória que está hoxe superada polo maxisterio da historiadora Maribel Iglesias Baldonado, da que falaremos a seguir. Como a historia é un *continuum*, unha obra que se fai, ou se estende, sen interrupcións, mais mantendo a unión entre as diferentes fases que a forman, tamén no asunto que nos ocupa temos varios elos na cadea que nos prende ao mais valioso escultor da Galicia contemporánea. A proximidade do autor do libro co escultor, a circunstancia de telo coñecido, achandou o camiño de procuras e investigacións desenvolvido polo catedrático, quen unha vez falecido o artista mexeu as vontades eclesiásticas e políticas necesarias para que o seu corpo fose soterrado no Panteón da Galegas e Galegos Ilustres, na Igrexa de San Domingos de Bonaval, xusto a rentes do seu veciño e amigo Ramón Cabanillas (Fefiñáns, Cambados, 1876-1959) excelso poeta, co que compartía as ideas do galeguismo.

Aquel traballo desenvolvido polo profesor Otero Túñez tivo a súa continuidade no labor do primeiro e segundo gobernos democráticos de Cambados (1979-1983 e 1983-1987), presidido polo alcalde nacionalista Xoán Antonio Pillado Silvos, quen se preocupa pola recuperación do escultor cambadés para devolvérllelo aos seus veciños. Fílle a encomenda á súa concelleira de cultura, Adela Leiro, ensinante nunha escola pública, quen prende en Asorey para convertelo nunha das bandeiras da xestión cultural daquel goberno de nacionalistas. Ambos deseñan un plan de traballo que terá o seu cumio na organización dunha extraordinaria exposición que se monta na Igrexa parroquial de San Bieito, en Fefiñáns, no ano 1986, cadrando co vinte e cinco cabodano do artista. Unha vez acadados os fondos precisos de diferentes entidades gobernamentais, e co visto e prace da Igrexa compostelá para o que foi precisa a entusiasta complicidade do párroco, baleiran o templo enteiro para meter nel escultura de gran tamaño do autor homenaxeado, nunca antes vista no Salnés, incluído o extraordinario Cristo de Moía, que



Monumento a San Francisco. Santiago



Monumento a García Barbón. Vigo

fixo mais de dous mil quilómetros dende a moianesa vila de Barcelona ata Cambados e o seu retorno. Un feito inimaxinable nas condicións da época, só posible pola forza e o entusiasmo daquela rapaza de vinte e cinco anos que era Adela Leiro na altura.

Dende 1986 ao 2024 foron varias as iniciativas que afondaron no coñecemento e divulgación do escultor de Fefiñáns. No ano 1989, no Museo do Pobo Galego, anexo a San Domingos de Bonaval, a carón do lugar de A Caramoniña, onde tivo o seu lugar de residencia o escultor e o seu obradoiro artístico, celebrou diferentes actividades, en colaboración co Concello de Cambados onde tamén se realizaron eventos organizados polo técnico de cultura, o grovense Luís Rei, entre eles a exposición de modelados en xiz e material de traballo do escultor depositados no Museo polo seu fillo Xosé Manuel Asorey Ferreiro quen tanto destacou na honra da memoria de seu pai.



Monumento funerario a Maruxiña XII. Pereiró. Vigo

En conmemoración do cincuenta cabodano do seu falecemento será o Parlamento de Galicia quen declare que o ano 2011 sexa oficialmente o *Ano Asorey*, unha entidade que ademais de exercer coas súas funcións de ordenar a lexislación propia do noso país véñse destacando no labor de mecenado de diferentes actividades artísticas, adquirindo obras e financiando estudos e divulgación das artes plásticas. A declaración institucional serve de activador para que en diferentes instancias se renoven os labores de historiadores e investigadoras, e a divulgación dos valores do escultor de Cambados. Deste xeito os concellos aos que estivo vencellado por nacemento e veciñanza, Cambados e Santiago tiveron senllos programas de actividades con charlas, exposicións e publicacións, a quen se sumaría a consellaría de Cultura da Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e os museos provinciais de Lugo e Pontevedra, posuidores nos seus fondos de obra de Asorey. A este efecto dominó sumáronse entidades educativas e culturais da vila de Cambados como a Asociación de ensinantes do Salnés Candea, ou o Instituto de ensino medio Francisco Asorey, con destaque nos labores organizativos de Adela Leiro e Mon Daporta, ou Maribel Iglesias e Domingos Tabuyo. Desta xeira tiveron especial resonancia os traballos que tanto o concello de Cambados como o de Santiago levaron a cabo nos espazos do Pazo Torrado e na Fundación Torrente Ballester), nos que destacou nos labores organizativos e de comisariado, o lembrado técnico de cultura Luís Rei.

Pasados tres anos a familia do escultor, que mantén unha páxina web dedicada ao seu devanceiro, facendo cadrar a efemeride que no 2014 celebraba o cento vinte e cinco aniversario do seu nacemento, valoriza a obra propiedade desta familia expoñéndoa en Santiago e en Cambados. Unha tese de doutoramento da historiadora da arte, Maribel Iglesias Baldonado, dedicada a Francisco Asorey, dirixida polo catedrático José Manuel López Vázquez, vai poñer o ramo á primeira fase da recuperación cultural da figura de cambadés, aquela que inicia Otero Túñez en 1959 e que se completa coa edición dunha escolma da tese de M. Iglesias pola Fundación Vicente Risco, no ano 2018, co título *Francisco Asorey. Escultor Galego*.

Dende esta tese e a súa publicación imos entrar nunha nova fase que será, sen dúbida, a definitiva para situarmos ao artista de Fefiñáns no lugar que en rigor lle corresponde “por canto significa o cambadés como renovador na Historia da

Arte Universal, con ese singular achegamento de *espírito galego* -que diría o seu amigo e paisano, o poeta Ramón Cabanillas- en moitas das súas máis representativas obras. Velaquí o convite a celebralo, a enxergar algúns dos vieiros de luz da inmensa obra do noso escultor”, en palabras de Manuel Quintana Martelo, o presidente da Real Academia Galega de Belas Artes.

Foi neste ano 2024 e 2025, entre o 1 de abril de cada ano, a celebración de Asorey con todos os honores, puxo a semente a Academia, recollendo a luva o concello de Cambados, con destacada mención para o seu concelleiro de cultura, Liso González Roma, que ademais de acompañar os actos programados pola Academia, con exposicións itinerantes, conferencias e roteiros guiados, estableceu un programa propio comezando por un ciclo de conferencias no que participaron o ex alcalde Pillado Silvos e a concelleira Adela Leiro; as historiadoras Mercedes Espiño e Maribel Iglesias, e o secretario da Real Academia de Belas Artes, Felipe Senén, celebradas na Sala Pitusa Cabanillas, no mes de decembro pasado.

Mais será a edición da monumental obra *Asorey. Escultor Galego*, autoría de Maribel Iglesias Baldonado a que inicie esta segunda fase de restauración da figura do escultor. Unha obra que edita o concello de Cambados e que deixa definitivamente atrás aquela do profesor Otero Túnñez, sen que iso presupóna demérito algún, xa que ninguén como o catedrático especialista en Asorey ficaría satisfeito co labor da súa continuadora. Tardaremos moitos anos en ver superado o inxente labor de investigación desta autora, xenerosa e desinteresada no material e dotada de novos recursos para avaliar a grandeza dun autor sobre o que afirma que “a súa vida quizais non teña moito interese, mais a súa obra ten ao meu xuízo, unha calidade extraordinaria, o que me permite afirmar con certa temeridade, que é o mellor escultor galego de todos os tempos”.

A obra de Asorey pode verse en Santiago de Compostela, en Cambados, no Grove, en Pontevedra, Lalín, na Coruña, en Vilagarcía, Lugo, Cuntis, Marín, Ourense, na Estrada, en Vigo... moitas delas en espazos públicos, só na cidade de Santiago ten case setenta obras de acceso público ou doado, só é preciso querer velas, querermos saber do autor e a súa obra, porque a cultura artística non precisa de sermos especialistas en arte, só termos curiosidade polo coñecemento e gusto polo gozar da beleza.



Busto do violinista Manuel Quiroga. Pontevedra



Capitel Hotel Compostela. Santiago.

Cadros do pintor José María Barreiro sobre Ons

Por: Isidro Cortizo del Río



José M. Barreiro nace en Forcarei en 1940 .

En Cella , Bueu , decide abrir a súa xanela á ría , o mesmo burato que abre cada pintor sempre para axexar na outra realidade que rebule detrás do vidro, detrás do lenzo , sobre o cabaleta.

DEBUXOS DE JOSÉ MARÍA BARREIRO SOBRE A ILLA DE ONS



ONCESTA es la bella sirena
del amor de oeste.
Dicen que se sumorou
de sus galhardos pechos de peixe
de Santa Maria de Leix y
Que todos los pinimores se acarea
a tomar los Vinos Neros de Xunta Feixe
en la Casa del Burgo con los degustadores
del fruto de la vida
Ingru, La Kero, Cuqueiro
Cantalejo y el pintor Barreiro
y otros propietarios de arte
entranos propios al arte
la suistad y el buen xunta
Eso dicen lo que saben
del mar y del vino.



Un danés na illa de Ons

Por: J. David Conde Lourido
Museo do Pobo Galego

UNHA APROXIMACIÓN Á PERSOA E AOS MATERIAIS

Gustav Henningsen (Slagesle, 1934 – Lyngby, 2023), folclorista, antropólogo histórico e investigador (1962-2003) do Danish Folklore Archives (Biblioteca Real, Copenhague). Realizou o seu Magister Artium en 1962 pola Universidade de Copenhague sobre crenzas bruxerías contemporáneas nunha comunidade danesa (Henningsen, G., 1995). Defendeu a súa tese de doutoramento no 1981, baixo o título de *The witches' advocate. Basque witchcraft and the Spanish Inquisition (1609–1614)*.

No último ano da súa longa estancia en España, Henningsen comezou unha análise tipolóxica dos resumos nas relacións de causas de todos os tribunais da Inquisición española (1540-1700). Un proxecto que habería de revolucionar a investigación internacional na área (Henningsen, G., 2010). No 1992 realizou unha mostra itinerante, “The European Witch Craze. Fact and Fiction”, que nese mesmo ano foi presentada en Londres e nas catro capitais escandinavas. Unha versión española foi presentada en Logroño no ano 2010, con motivo do cuarto centenario do “Auto de las Brujas”, e no 2011 en Bilbao no Museo Vasco de la Historia de la Medicina. Desde a súa xubilación residiu en España coa súa muller española.

Henningsen tivo estadias en Galicia entre 1964 e 1968 nas que, coma bolseiro da Universidade de Copenhague, se centrou no estudo e documentación das crenzas e da medicina tradicionais con vistas a empregar os materiais para a súa tese de doutoramento. Froito destas estadias o noso antropólogo reuniu un arquivo moi completo, que non só se concreta en clixés fotográficos (que se detallan máis adiante), senón tamén unha boa cantidade de documentación escrita, arredor de 160 gravacións sonoras (oito delas referidas a Ons) e un número indeterminado de filmacións en ‘Super 8’. Por desgraza, o seus cadernos de campo, onde tomaba todas as anotacións que lle parecían interesantes e que identificaban cada clixé fotográfico, cada gravación sonora e cada filme en ‘Super 8’, están desaparecidos e non se ten pista algunha do seu paradiro. Igual acontece cos filmes en ‘Super 8’ mencionados, cousa que nos causa gran mágoa, pois estes filmes constitúen uns documentos extraordinarios sobre diferentes temas, coma por exemplo, as gravacións efectuadas no santuario do Corpiño (Santa Baia de Losón, Lalín), que son das poucas existentes autorizadas pola Igrexa no interior do templo. Por mor do extravío destes filmes non podemos asegurar que exista algún material gravado na illa.

O Fondo Fotográfico Rey-Henningsen chegou ao Museo do Pobo Galego tras algún que outro incidente. O traballo e os materiais de estudo que Gustav Henningsen depositara no Dansk Folkemindesamling volveron chamar a súa atención cando o antropólogo considerou que non estaban a obter o beneficio que merecían. Tras esta valora-



Marisa Rey e Gustav Henningsen (1964).

HOMENAXE A: Gustav Henningsen

ción, o doutor Henningsen decidiu que sería máis práctico retirar estes fondos documentais, sonoros e fotográficos para a súa xestión en diferentes institucións que puidesen utilizar todo o material de forma eficaz. Deste xeito, a colección sonora, que consta de 159 gravacións orixinais, foi doada ao ILG (Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela) en 2009, e o propio ILG depositou unha copia dixital das gravacións no Museo do Pobo Galego (MPG). O Fondo Documental e Bibliográfico tamén foi doado á Universidade Pública de Navarra en 2021. Tamén en 2021 se fixo efectiva a doazón do Fondo Fotográfico ao Museo do Pobo Galego.

Este Fondo Fotográfico está formado por 2401 negativos (B/N e cor), distribuídos en 223 carretes. Deses carretes botamos en falta dous deles, xa que a numeración correlativa que o propio Henningsen definiu para eles indica a ausencia dos números 201 e 202 (non sabemos se hai máis, despois do último carrete numerado 223, pero todo parece indicar que si). A

confirmación desta carencia chegou coa publicación do libro *O Danés Curioso en Ordes*, de Eutropio Rodríguez, xa que o groso do Fondo Fotográfico non incluía 17 fotografías reproducidas nesta publicación (concretamente, as fotografías reproducidas nas páxinas 43, 45, 48, 49, 50, 52, 53, 78, 100, 101, 126, 127, 137, 139, 140, 141 e 142). Nunha conversación co propio Eutropio, aclarounos que aquelas fotografías estaban en poder de Henningsen, e que el as enviou para a dixitalización por correo ordinario; material que foi devolto na man de Gustav durante a presentación do propio libro, á que asistiu o matrimonio Henningsen. O MPG espera que estes orixinais aparezan cando as distintas institucións receptoras revisen por completo todo o material transferido. Naturalmente, de facerse efectiva a súa recuperación, o número total de negativos do Fondo Fotográfico Rey-Henningsen ascendería a 2.418 negativos/positivos.

Destes 2418 negativos, 489 son en cor, 1924 en B/N e 5 en B/N convertidos en sepia. Todos son de Kodak, 6x6cm. En canto aos negativos de cor, boa parte deles son positivos sobre acetato de celulosa (diapositiva).

UNHA VIAXE A ONS DE DOUS ESTRANXEIROS

Non sabemos con absoluta certeza a data na que Gustav Henningsen recalou, brevemente, na illa de Ons. Podemos precisar que sería entre 1965 e 1966, pero a través doutro informante que, nesta ocasión, era o seu acompañante na súa estada na illa, Staffan Mörling. A este respecto, atesouramos unha anécdota referida polo propio Henningsen nunha reunión informal na que afirmaba que el chegou alí acompañando a Mörling e que, os veciños, medio estrañados de dous homes que preguntaban por todo e que tiraban moitas fotografías, case que os obrigaron a liscar. No 1964 a administración da illa está baixo a férula do Instituto Nacional de Colonización, que xa tiña un plan de actuación pero sen contar coa veciñanza, razón que xerou moita desconfianza entre os habitantes da illa.

Sexa como for, o Fondo Fotográfico Rey-Henningsen conta con 101 negativos tomados na illa de Ons e catro máis que, por estar directamente relacionadas coas actividades insulares habituais, contamos tamén dentro desa rela-



Preparación do palangre antes de saír a faenar

HOMENAXE A: Gustav Henningsen

ción coa temática de “Ons”, o que faría un total de 105 negativos relativos ou referentes ao tema que nos ocupa, e que representan un 4% do total de clixés.

HENNINGSEN EN ONS

O traballo antropolóxico de Gustav Henningsen como xa dixemos, non puido ser completado segundo o gusto do propio autor, pois por diferentes circunstancias non puido voltar á illa como era a súa intención. Pero fagamos un breve resumo das temáticas que tratou no que si puido recoller.

Diciamos que constaban 105 negativos tomados na illa de Ons ou referidos a ela; se os dividimos en bloques temáticos, poderíamos facer catro, que serían os seguintes:

1. A paisaxe da illa. En total, son 15 clixés que reflicten diferentes aspectos da paisaxe e das características habitacións dos seus habitantes.
2. As crenzas. Tanto as crenzas populares coma as cristiás, que suman 12 clixés. Neste bloque temático poden verse imaxes referidas á protección da facenda mediante amuletos, pero tamén un pequeno grupo sobre as crenzas cristiás, concretadas estas en tres imaxes do interior da igrexa de San Xaquín e Santa Ana.
3. O traballo “doméstico” ocupa 16 tomas, que viran arredor da facenda na súa maioría, con varios clixés arredor do porco (crianza e matanza), e outras que amosan un dos muíños de man usados na illa.
4. A importancia do mar para a illa de Ons. É o corpus máis abundante dentro deste grupo, pois consta de 62 clixés que



A matanza do porco. Entre outros, Benito Patiño e Jesús Acuña

reflicten diferentes aspectos do traballo: a pesca, o arranxo e preparación das ferramentas para o traballo do mar, as vías de comunicación marítimas e o traslado de mercadorías e outros artigos de necesidade entre a illa e o continente. Dentro deste grupo incluímos tamén catro, que se mencionaban no anterior apartado e que amosan a poxa de produtos do mar na lonxa de Bueu; estas catro non están tomadas na illa, senón no continente, pero as persoas que aparecen retratadas son veciños de Ons que levan as súas capturas para a venda.

Grazas a traballos coma *Até aquí podo contar* (Dopazo, 2022), a catalogación do Fondo Fotográfico Rey-Henningsen tivo un avance substancial, pois Dopazo investigou e documentou nomes propios e lugares que aparecen nestes clixés. Dese xeito identificou a diferentes persoas de Ons que Henningsen retratou. Sirvan coma exemplo: Manuel *Chinchín*, o sr. Dominkos, Carme *a de Fonchecas*, Lelo *da Saña*, *Sesáreo* e Manolo *do Sentulo*, Emilio *Bulicas*, Margharida de Quiano, Rosa de sr. Dominkos, etc. do mesmo xeito que grazas a unha consulta particular de Adrián Ferrer Reboiras á procura de fotografías familiares, tamén identificamos á súa tía nunha das imaxes.

Como non deixa de ser evidente, o mar é un elemento fundamental e omnipresente para a illa de Ons e, como tal, así se recolle nestas imaxes. Non só a pesca, senón o mantemento das ferramentas e a súa preparación e ade-

HOMENAXE A: Gustav Henningsen

cuación para o traballo, pois en varias imaxes temos tamén a descarga de materiais e animais para o seu emprego e aproveitamento insular, coma son o caso da preparación do curricán, o carenado das dornas, ou o arranxo dun ganapán. Pero tamén podemos ver a descarga dunha vaca no peirao, ou de trabes de madeira para a edificación ou a remodelación das vivendas que, loxicamente, chegaban por vía marítima.

Tamén temos que agradecer os aportes de Tino (Celestino) Pardellas de Blas, que nos sinalou como se pode comprobar o cambio (pero non a súa desaparición) das embarcacións tradicionais desde a dorna até as embarcacións a motor moito máis efectivas para o traballo no mar.

E, finalmente, gustaríanos indicar que o Parque Nacional das Illas Atlánticas solicitou autorización para o emprego de cinco imaxes para ilustrar a exposición permanente que actualmente se pode ver no Centro de Visitantes da Illa de Ons.

Só nos resta agradecer a todas as persoas que contribuíron e contribúen cos seus aportes á identificación de persoas e lugares que aparecen neste Fondo Fotográfico.

*** Todas as imaxes pertencen ao Fondo Fotográfico Rey-Henningsen (Arquivo Gráfico do Museo do Pobo Galego). Queda prohibida a súa reprodución sen a autorización correspondente”**

BIBLIOGRAFÍA:

Dopazo Entenza, J.M., 2022. *Até aquí podo contar [A Lingüa da Illa de Ons]*. Chan da Pólvara Editora.

Henningsen, G.,1981. *The witches' advocate. Basque witchcraft and the Spanish Inquisition (1609–1614)*. Reno, University Nevada Press. Versión en español, 1983 y 2010. *El abogado de las brujas*. Alianza.

Henningsen, G., 2018. The Catechism of Witch Lore in Twentieth-Century Denmark. In: Barry, J., Davies, O., Osborne, C. (eds.) *Cultures of Witchcraft in Europe from the Middle Ages to the Present*. Palgrave Historical Studies in Witchcraft and Magic. Palgrave Macmillan, Cham. https://doi.org/10.1007/978-3-319-63784-6_11

Henningsen, G.,2010. Andanzas por España de un ‘inquisidor a la moderna de raza nórdica’, *Geografía e Historia* 17. pp. 434-437.



Sr. Dominkos (Cachote), arranxando unha dorna na praia, xunto á súa muller Rosa



Barcos de Ons no peirao da Illa. 1965.

SOBRE OS ALCUMES DA PARROQUIA DE SAN VICENTE (O GROVE)

Por: Xosé Fuentes



Cóntase no Grove, pobo de mar que hai tempo, cando os mariñeiros eran de dorna e chalana... nun día sen vento, de néboa mesta, calma chicha, un silencio inquietante; só se ouvían os suspiros do mar. Dous veciños en cadansúa dorna, sen ver diante máis aló de dous metros pola proa, saíran a pescar.

Facíano por intuición, non porque souberan a onde os ía a levar a aventura. Non sabía un doutro.

O día estaba pintado desa cor indefinida da néboa e eles habitaban aí. De súpeto, un deles pareceulle ouvir un *shaff!!* dos remos ao penetrar no mar e, ocorréuselle saudar ao compañeiro imaxinario:

— Ola Francisco!!

A resposta:

— Que tal Lois!!.

O *shaff!!* dos remos foise esvaecendo ate retornar o silencio. As néboas eran persistentes cando a calma estaba asentada.

Ao seguinte día, repetiuse a situación. O *shaff!!* dos remos ao fender o mar:

—Ola Francisco!!

—Que tal Lois!!

As dúbidas, case sempre inoportunas, queren certezas.

Dixo o Lois:

—Eu, non son Lois.

—Eu, tampouco son Francisco.

Do fondo da néboa, chegou a resposta:

—Logo, non somos nós!!!

Vén isto a conto de como nos identificamos, cada un da si mesmo e, tamén aos demais.

Na parroquia de S. Vicente os alcumes non son de “escarnio e maldizer” como noutros lugares. A toponimia e a metonimia están inseridas na identidade dun xeito rotundo.

Estas comunidades pequenas nas que se vive da mesma maneira, teñen os mesmos traballos, sementan as terras, podan as viñas, esperan que o tempo sexa o axeitado na espera das colleitas,... Non hai competencia, coñécense todos, son solidarios (xa foron máis). Non queda espazo para fantasía satírica.

Fago un percorrido: Os da Pereiriña, os do Casal, os de Cousido, os do Alto, os de Coupríns, os de Temperán, os de Cacheirás, os da Granxa, os de Area, os de Riba, os dos Cons, os dos Quinteiros, os de Pelonia, ...

Hai algunha illa polo medio que non leva o topónimo: as Costas, os de Marina, os Xenerales, os dos Rapaces, Rañados e algunha outra anécdota.

Esta realidade é común a moitas aldeas da nosa terra. A veciñanza de S. Vicente, e doutros lugares, saben de que falo.

Se preguntamos aquí, en S. Vicente, por Xoán Santaia, terán que pensar quen vén sendo e poida que haxa quen non o saiba. Se pregunto por “Couprín”, todo deus sabe quen é.

O paradigma da cousa poida que sexa un home que ten sona no mundo do dereito (é doado identificalo). A nai é do Alto. El non naceu onde a súa nai pero... identificámolo durante moito tempo co topónimo materno: José o do Alto agora (J. Avelino Ochoa).



Lugar de Cacheirás. (Os de Cacheirás)



Casa do Alto. (Os do Alto)

ces e rematen escarnecidas co desleixo do esquecemento.

Daquela irá esmorecendo a enerxía, a fermosa toponimia que sustenta a nosa identidade e fragrancia sonora dos nomes. Mudaremos para unha lista de enderezos. Non seremos de ningures.

Na última hora, na necrolóxica do pasamento, identificaremos ao finado polo alcume.

Cando andabamos na procura de alimento para os miolos e para o espírito cos estudos, en tempos remotos, todo era complicadísimo de comprender.

A idea era que iso fora inventado por homes de letras, gramáticos, filólogos, xentes de moita sona e, máis os gregos. Resulta que as metonimias veñen sendo creacións espontáneas de grupos sociais para identificarse e non ter que andar co santoral ao lombo.

Dicía que non hai alcumes de escarnio, si que hai os arremedos a algún que ten unha eiva na fala que o diferencia sempre de xeito discreto para non ferilo.

Así as cousas, na parroquia de S. Vicente, todos estamos enraizados no lugariño onde nacemos, no berce, na patria. Esta comunidade non deu máis de si, mágoa será cando non se reguen as raíces



A Granxa. (Os da Granxa).

A MEMORIA DA CULTURA DO MAR EN GALICIA O PATRIMONIO INMATERIAL DA ILLA DE ONS, AÍNDA SEGUE SEN INVESTIGAR

Por: Anxo López Vergara e Tino Pardellas de Blas

A raíz dun artigo publicado por Fernando Alonso Romero en 1979

A necesidade de pescudar e investigar exhaustivamente sobre o Patrimonio Material, e sobre todo, Inmaterial da nosa Galicia, levan pedíndoo dende hai máis de medio século, moitas persoas relacionadas coa Cultura, neste caso marítima, pois se estaba a perder a pasos de xigante.

Pasaron 45 anos xa, dende que Fernando Alonso Romero escribira un artigo sobre a <Memoria da cultura do mar en Galicia> e tivo a ben enviarllo a Tino Pardellas. Xunto a el, unhas palabras escritas a man dicían: “Achégote o artigo escrito en 1979 no que facía unha chamada de atención sobre a necesidade de prestarlle atención á cultura material e espiritual de Galicia. Era un tempo no que os prognósticos sobre o seu futuro cultural non parecían moi prometedores. Afortunadamente non foi así e se puido evitar que desaparecesen para sempre moitos coñecementos desa Cultura Popular Galega que entón estaban en vías de extinción. É de esperar que as novas xeracións de galegos non esquezan os seus orixes para evitar, como digo no artigo: Non perder nunca o rumbo.”

Como dixemos, xa pasou case medio século dende que Alonso Romero fixo esa “chamada de atención” e aínda que di, que actualmente se conseguiu recuperar esa cultura mariñeira, coidamos que queda moito por andar, e un exemplo témolo na Illa de Ons, onde ese Patrimonio Etnográfico, e dentro del o Marítimo, tanto Material como Inmaterial tan importante que posúe e que foi xestado durante máis de dous séculos de illamento, está sen investigar a fondo, para así recuperalo, dalo a coñecer e protexelo, coa gravidade de que esta illa, Ons, pertence ao único Parque Nacional Marítimo-Terrestre de Galicia.

Imos ler o artigo e faremos logo un mínimo comentario: “*La Voz de Galicia*”, 7 de outubro de 1979”

A memoria da cultura do mar en Galicia

Agora que Galicia está despertando do seu largo letargo cultural é hora xa de que nós, os galegos, nos ocupemos definitivamente e con todo o noso cariño de salvar, protexer e mostrar a todos a nosa cultura propia.

Galicia está sufrindo transformacións tan profundas que é moi probable que moitas das nosas tradicións, costumes, modos de vida, instrumentos tradicionais de traballo, etc. vaian a desaparecer para sempre sen deixar rastro da súa historia, do seu significado e da súa repercusión no mundo actual.

Neste sentido, todo galego que se prece de ter un mínimo de sensibilidade cara a Galicia debe preocuparse por coñecer todo o que, dun modo ou outro, está en relación coa nosa terra. Necesitamos coñecer máis a fondo o noso pobo. Moitos dos que vivimos en cidades non nos damos conta, ou non nos preocupamos por coñecer como se vive nas aldeas do interior, ou como se vive nos pobos costeiros. E non me refiro soamente ás dificultades económicas, ou aos problemas domésticos que os campesiños ou os mariñeiros sufran, senón tamén ás vivendas que habitan, aos medios de traballo dos que dispoñen, aos costumes que teñen, ao tipo de galego que falan, aos réximes alimenticios, á paisaxe que os rodea e que tanto condiciona as súas vidas, e a tantas e tantas cousas que dende o noso limitado ámbito xeográfico urbano dificilmente podemos ver.

UN TESOURO CULTURAL

Cando, cansados da rutina das nosas cidades, decidímonos a pasar un día, ou unha tarde, no campo ou na costa, que é o que vamos buscando? De que imos fuxindo? Poderíanse dar infinidade de respostas a estas preguntas; pero non é este o tema que eu quero tratar aquí. Sería de enorme axuda para o noso enriquecemento cultural que aprendéramos a mirar ao noso entorno, ás nosas xentes, ás nosas paisaxes, ao que se denomina <típico galego>, cunha



Aunienses navegando de Ons a Bueu

mirada máis profunda, máis curiosa de saber e de preguntarse o por que de todo o que vemos. A cantos se nos ocorre pensar cando imos ao campo, se a vivenda dun campesiño de Lugo é igual á dun de Ourense, ou por que nos bosques se plantan pinos e nos campos de cultivo o millo e non trigo, ou por que o emprego de determinados arados; ou por que en Cangas a xente fala case cantando, ou cal é a causa de determinados costumes...

Pero non só no interior senón tamén na costa galega existe un gran tesouro cultural que sería conveniente que todos coñeceramos. Sabes cantos tipos de embarcacións costeiras tradicionais hai en Galicia? Dende cando se empregan e por que? Que sabemos da vida dun mariñeiro de Ons? E sobre a súa impresionante embarcación, a dorna? Ou, que sabemos das gamelas da Garda, cuxos orixes se perden na Prehistoria?, ou, sobre a lancha <<xeiteira>> xa fai anos desaparecida, e cuxo recordo xa só vive na mente dos vellos mariñeiros. Que sabemos de todas aquelas xeracións de taciturnos e sufridos pescadores que co seu esforzo diario e soportando durísimas condicións de vida, vivían, día a día, envellecendo prematuramente e arriscando a existencia nas súas pequenas embarcacións costeiras, navegando a vela –cando o inverno permitíao-, ou vogando durante horas e horas sen conseguir apenas moitas veces peixe suficiente para satisfacer as súas reducidísimas necesidades materiais?

A VELA DESAPARECE

Non están moi lonxe aínda os días en que as gamelas da Garda partían a vela dende o pequeno peirao desa localidade para adentrarse no Atlántico na procura dos bancos de pesca. Por aquel entón, era impresionante contemplar a saída daquela pequena flota de diminutas naves que se balanceaban sobre as ondas, exactamente igual que puideron facelo os antigos habitantes da citania de Santa Tegra.



Dornas varadas na praia. Ons

Agora as gamelas xa non navegan a vela –é máis seguro o motor- nin apenas se ven dornas a vela; pero as embarcacións son case as mesmas, aínda que sufriron transformacións e a súa definitiva desaparición non está lonxe. Tamén viven aínda, afortunadamente, moitos homes que recordan eses vellos días; pero recórdanos eles e as súas familias, como recordan os seus medios tradicionais de navegar sen compás, nin cartas mariñas, e as pouquísimas probabilidades de sobrevivir que tiñan cando as súas naves zozobraban. Eles, os mariñeiros, recordan miles de cousas, e as súas naves, algunhas xa en lamentable estado, podrecen en praias ou nos baixos fondos das rías. Son testemuños mudos dun pasado marítimo ao que xa é hora de que prestemos atención, para que esas naves que aínda se poden recuperar se conserven, e para

que os vellos mariñeiros que navegan nelas nos falen do seu mundo e dos seus tempos.

Así, coa nosa mirada retrospectiva, comprenderemos mellor a esa Galicia xoven, que ás portas do ano 2000 ten que afianzar moi ben as súas raíces e logo lanzarse a navegar en naves do futuro sen esquecerse nunca das súas orixes. Desafortunadamente non perderemos nunca o rumbo.

E remato xa facendo un chamamento a todos aqueles que se preocupan polas cousas do mar, convidándolles a colaborar co Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela) nos seus esforzos por recoller todo o relacionado coa cultura material que está perdéndose ou transformándose; embarcacións antigas, aparellos, maquetas, etc. E tamén o relacionado coa cultura espiritual, como tradicións, lendas, costumes mariñeiros, etc.

Que interesante este artigo publicado a finais da década de 1970. Canta verdade había nel e que berro de inquietude enviaba o seu autor.

Pasaron xa 45 anos e, como ben di agora Alonso Romero, as cousas cambiaron, pois actualmente hai unha gran preocupación, grazas ao traballo incansable de moitas persoas, polo estudo e investigación da nosa cultura e xurdiu unha concienciación social e política polo seu estudo, recuperación, posta en valor e protección.

Malia todo, aínda queda moito que percorrer, pois, no que a temática de Patrimonio Inmaterial se refire, e nalgúns zonas do interior e da costa galega, hai un inmenso acervo por pescudar, coa grave problemática de que, os que o viviron, escoitaron aos seus antepasados, seguiron esa tradición oral sen intrusionas alleas á súa cultura,..., e nolo podían narrar e

describir, por falta de investigación no seu momento, fóronse coa súa sabedoría, ou quedan escasísimas persoas que garden no seu maxín eses coñecementos, polo que, agora si, e en nada, ese Patrimonio perderase para sempre.

ONS, UN EXEMPLO DA PERDA DO SEU PATRIMONIO INMATERIAL

Aqueles que tiveron a ocasión de atoparse en Ons cando aínda había máis dun 80% de aunienses residindo, e tamén, por sorte, coincidir con persoas que estaban a realizar traballos de rastrexo sobre temáticas tan diversas como as económicas, biolóxicas, antropolóxicas e etnográficas, puideron comprobar, convivindo ao seu lado, a importancia desta illa pola suma de todas as súas singularidades.

Máis tarde, por desgraza e agás algunha significativa excepción, evidenciaron que esas inquietudes indagatorias e os seus resultados, quedaban só en puntuais duns días de estancia estival ou, no mellor dos casos, entregadas a algún organismo que llas solicitara ou en apuntes que se gardaban e se extraviaban co paso do tempo ao perder interese esa primeira iniciativa de coñecemento e estudo.

Entre as excepcións, temos á metade da década de 1960, a Stafant Mörling, un antropólogo sueco que veu a Galicia a estudar as embarcacións tradicionais e recalou en Ons onde fixo parada e fonda, para dende ela, seguir as súas investigacións polo litoral galego. E tamén, por esas mesmas datas, e cunha estancia fugaz, estivo Gustav Henningsen antropólogo danés que pasou uns días en Ons fotografando e obtendo datos de tipo etnográfico.

Aínda que o labor destes dous investigadores foi moi interesante, non tivemos ningún resultado escrito ata a década de 1990 no caso de Mörling coa publicación do seu libro “Embarcacións Tradicionais de Galicia” e de Henningsen que, con respecto a Ons, sabemos que o seu legado está depositado no Museo do Pobo Galego pero aínda non temos material publicado sobre os seus traballos.

Dende 1965, hai que dar un salto de máis dunha década, ata que investigadores como Santiago Castroviejo Bolibar, Fernando Alonso Romero, María Castroviejo Bolibar, Ana Liste, licenciados en económicas e bioloxía e Pedro de Llano, realizan traballos de investigación sobre flora, economía e pesca, arquitectura popular e etnográfica. Foron uns anos (1975-1985) nos que pensamos ía a despuntar o estudo e investigación sobre as importantísimas peculiaridades da Illa de Ons, pero foi só un espellismo que quedou, de novo, durmindo un sono letárxico de desidia, que tamén con algunha puntual excepción, dura ata o ano 2004.

Moi interesantes foron os traballos realizados por estes investigadores sobre Ons, pero non foi suficiente o seu importante labor para espertar en novos estudosos e científicos, as ganas de seguir indagando sobre as diferentes especialidades que ofrecía esta comunidade e a illa en xeral.

Ese berro de inquedanza e preocupación que a finais dos 70 daba Alonso Romero, tivo, sen embargo, uns adeptos, membros hoxe da Asociación Pineiróns, que coñecedores da importancia desta comunidade e o escaso material que podían atopar para adquirir coñecementos sobre esta illa e poñela no lugar histórico que lle correspondía, iniciaron unha carreira contra reloxo para recompilar datos etnográficos, principalmente, pero tamén de todas as características de Ons, para dalos a coñecer e intentar incentivar e alentar aos estudosos, expertos en diferentes campos, investigadores,..., á universidade e mesmo aos organismos oficiais, sobre todo, aos que tiñan a responsabilidade de administrar a Illa, para que, dun xeito técnico e científico, indagaran sobre ela.

Saídas constantes á prensa, posta en contacto con especialistas, reunións con responsables en diferentes eidos culturais, envío de escritos e informes a organismos con competencias sobre a illa, propostas á administración para organizar Campos de Traballo especializados,..., organizar grupos de acción (A Peneira e Amigos da Illa de Ons),..., e por último, a fundación da Asociación Cultural de nome “Pineiróns” que coas súas actividades e, principalmente, coa edición da revista cultural AUNIOS, tiña como Obxectivo Principal: Dar a coñecer as características socio-histórico-etnográfico-naturais de



Fernando e Ana Liste en Ons 1974. Foto cedida

Ons para que especialistas nos diferentes campos de estudo e dun xeito técnico e científico, investigaran sobre estas importantes singularidades que posúe a Illa e a súa Comunidade.

Foi un duro camiño, pero do que se obtiveron importantes avances, fundamentalmente, a partir de que Ons pasa a formar parte do primeiro Parque Nacional galego. O estar integrada dentro do Parque, vai traer iniciativas que redundarán positivamente no seu estudo. Como era de esperar, os primeiros campos traballados van ser o medio ambiental, ecolóxico e biolóxico, xurdindo un bo número de traballos e investigacións sobre eles grazas ás axudas económicas que o Parque aporta. O segundo, vai ser o social e urbanístico, xunto co Plan Reitor de Uso e Xestión, intentando poñer algo de orde nas relacións entre a administración e os veciños nestas cuestións (sobre este punto quedan algúns flocos importantes por resolver).



Lucía e Aurita, facendo unha fornada de pan. Ons 1980

No aspecto cultural xeral, aínda que moi paseniñamente, conseguíronse avances como posuír un Centro de Visitantes, apoiar a realización dun Catálogo Histórico-Arqueolóxico, avanzouse na relación da súa toponimia, patrocináronse estudos e proxectos,..., e deuse un enorme empuxe á investigación Arqueolóxica, que despois de máis de 50 anos solicitando traballos de escavación, por fin leváronse a cabo, cuns importantísimos resultados.

Pero a carón destes importantes logros, hai dúas materias moi abandonadas: A histórica e a etnográfica. Con respecto á histórica podemos estar algo tranquilos, pois a súa investigación só require escudriñar en arquivos, museos, bibliotecas,..., organismos oficiais, cousa que pode facerse en calquera intre; sen embargo a parte etnográfica require dun imprescindible traballo de campo a levar cos aunienses. Neste eido

perdeuse moito tempo, pois levamos pedindo a súa investigación, por persoal cualificado, dende hai 50 anos, advertindo que quedaban un par de xeracións aos que entrevistar para coñecer ese mundo máxico que foi crescendo a través de dous séculos de vida en Ons e que forxou o nacemento dunha cultura popular única.

Dicir que se realizou algún traballo interesante, pero deixouse ir xa a penúltima xeración que nos podería ilustrar sobre contos, lendas, bruxería, meigas, costumes, xogos populares, festas, o calendario festivo, gastronomía,..., sobre o significado de alcuños e toponimia, sobre as fases da vida,..., e de aspectos da vida cotiá dos aunienses.

Podemos dicir que hoxe só nos quedan os/as aunienses que están entre os 65 e 85 anos. Tan pronto esta xeración se nos vaia, podemos dar por perdida a oportunidade de investigar sobre a cultura da Illa de Ons.

Coidamos que aínda hai persoas, non aunienses, que poden contarnos e aportar as súas experiencias neste campo sobre Ons, como Ana Alonso (Ana Liste), que estivo casada co fareiro de Ons Fernando Liste, e que investigou sobre a cultura, fotografando, obtendo datos e convivindo case 4 anos cos veciños. Podemos sacar aínda proveito e ideas de Alonso Romero e María Castroviejo. Invitar ao especialista en toponimia Fernando Cabeza Quiles para seguir aportando datos sobre o por que dos topónimos aunienses. Animar e incentivar a varios guías do Parque que tamén están interesados nesta temática. Promover na universidade galega a investigación sobre a etnografía de Ons,... E moi especialmente queremos propoñer ao filólogo Jose Manuel Dopazo Entenza que realizou un profundo estudo da Lingua de Ons e que leva anos entrevistando aos veciños sobre os seus costumes, obtendo importantes datos de tipo etnográfico-antropolóxico, algúns dos cales podemos ler en Aunios, en Nova Ardentía e no seu primeiro libro *“Até aquí podo contar. A Lingua da Illa de Ons”*. Pedimos que dende a Consellería de M. Ambiente, de Cultura, dende Parques e o Concello de Bueu, axuden á investigación no eido etnográfico de Ons, só quedan dúas décadas para podelo realizar.

COLABORA
ACTIVIDADES:

Concello de
BUEU





O BUSCAVIDAS

Por: José Taboada García

Eran os anos corenta da posguerra, na que todo escaseaba, agás a fame e a miseria que había de abondo.

Por esas datas, Xaquín casou con Dolores, os dous de Portonovo. Ela era redeira e el tiña unha dorna, con iso ían capeando.

Dese matrimonio naceron oito homes e despois cinco mulleres. O número sete deses irmáns, ocupouno o protagonista desta historia, J. Fernando Aguín, alias “O Cubano”, que nunca estivo en Cuba. Quen si estivera fóra o seu avó que logo de volta, ía a buscalo á taberna pois, por esas datas, os rapaces eran os recadeiros. Os amigos da taberna, ao velo, xa lle dicían con retranca: - Xa vén o cubanito a buscarte.

Con seis anos, foi a escola de Portonovo, eran corenta ou cincuenta, ás veces máis, en mesas de dez ou doce...

Por esa época, montárase na Confraría de Pescadores un comedor financiado polo concello, para familias numerosas e necesitadas, a que ían el e os irmáns. A comida eran dous pratos ben cociñados.

Xa con dez anos, saía do comedor e xa ía para o barco que tiñan na casa o “Diez Hermanos” e máis tarde o “Maripili”.

Así era a súa vida. Antes, a poñer a traballar aos rapaces, chamábase axudar á familia, agora explotación infantil.

Con trece anos, deixou a escola e enrolouse no “Bertuco”, barco de pesca de Portonovo que se dedicaba á pesca da sardiña e xurelo, conta:

—“Saíamos ás seis da tarde e chegabamos ás dez a Fisterra e outras veces a Muros. Alí empezabamos dando voltas ata atopala “mancha” (onde estaba agrupado o peixe), logo rodeabámola coas redes do cerco e outra veces á ardora. Eramos dezoito mariñeiros a bordo, e facían falla para tirar pola rede, pois, por non ter tecnoloxía, daquela, había que empregar a forza bruta.

Logo a Portonovo a descargar a pesca. Se esta era moi abundante, descargabamos en Vigo, onde os prezos eran máis altos.

O trato a bordo, era malo, case a patadas. Dábanme media paga e tiñanme na bomba de achique, que era manual, de Fisterra a Portonovo ou a Vigo”.

Con quince anos decidiu cambiar de aires, pois aquí, en Portonovo, non miraba futuro, moito traballo pouco carto. Marchouse a Vigo no ano setenta e enrolouse nun barco de arrastre o “Arosa Primero”. Conta:

“Partimos rumbo a Angola, vinte e un días de mar, con escala en Tenerife para recargar gasóleo. Logo rumbo a Lobito. Pescabamos lagostinos, carabineiros e camaróns. Así estiven once meses, sen vir a casa.

A vida a bordo era a típica da pesca de altura, broncas, liortas, ás veces pelexas. Cada corenta e cinco días íamos a porto, a Lobito, a recargar gasóleo e víveres. Estabamos dous días e logo volta á pesca. Alí íamos ao baile da Canata, a bailar e á procura de buscar moza para pasar a noite.

Alí levei días grandes sorpresas. Unha cando perdín a inocencia cunha mulatiña. E a segunda cando recibín o primeiro soldo. Pagáronme igual que a todos, eu nunca vira tanto carto xunto.

Púxenme en contacto con Leiro de Portonovo, que tiña unha tenda de electrodomésticos, e mandeille levar a casa da miña nai unha neveira, unha cociña de butano e unha televisión. Cando lle apareceu con todo iso na casa, ela dixo: - E isto? Leiro, con retranca, díxolle: - Isto mandouno Franco”.

Despois de pagar todo o enviado á súa nai, aínda quedou con cartos.

Ás angoleñas para telas contentas, levábanlles caixas de peixe, lagostinos,... Un día estando recollendo a rede, un home de Escarabote (Boiro), caeu ao mar e foi atacado polos tabeiróns. Non puidemos facer nada por salvalo, só quedou del, o sombreiro aboando. Tiveron que ir a porto por orde das autoridades locais.

Así estiven catro anos, do setenta ao setenta e catro.

Xa canso de facer sempre o mesmo e coa gana de ver mundo, embarqueime no “Cabo San Roque”, construído en Sestao. Foi o primeiro barco feito despois da Guerra Civil, acadaba os vinte un con nove nós. Botouse no ano 1957. Conta:



Fernando, con viseira, 1970, No “Arousa Primeiro” cando foi a Angola.

“Faciamos a ruta de Barcelona, Lisboa, Vigo, Tenerife, logo rumbo a Brasil, San Salvador de Baía, Río de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires. Levabamos emigrantes, españois, portugueses,... A capacidade do barco era de mil pasaxeiros, a tripulación era de máis de catrocentos.

A bordo había de todo: médico, enfermeiras, curas, salón de baile, cine, bares, restaurantes, mozas de pasaxe de bo ver e a maioría cariñosas. Aínda que a relación coa pasaxe estaba prohibida, buscabamos as trampas, xa practicabamos o amor furtivo.

O tempo de estancia en porto era de dous días e alí xa nos esperaban as mozas que tiñamos. Un ano estivemos oito días en Río, nos carnavaís. Alí pasei os mellores carnavaís da miña vida.

Este barco, ás veces, tamén facía de cruceiro. Un ano fomos á Antártida con pasaxe arxentino. Saíndo de Bos Aires, ao chegar alí, só había neve, xeo, pingüíns e uns cantos científicos. Entre eles coñecemos un galego que nos deu un pingüín que o trouxemos na neveira ata Vigo. Alí doámolo á zoo da Madroa.

Na Antártida, non había porto e tiñamos que desembarcar a pasaxe en lanchas de salvamento. Ao pouco de estar alí, o barco comezou a rodearse de xeo, aboiando e decidimos marchar ante o medo a non poder despois saír.

De retorno fixemos escala en Punta Arenas, en Chile. Alí coñecemos a un galego de Gandariño (Sanxenxo) que tiña unha fábrica de conservas de paus de cangrexo. Nese lugar, os nativos presumían de ter as casas de amor máis antigas de América.

A pesares de que a vida a bordo era boa e divertimentos non faltaban, había un inconveniente, o salario era baixo, por iso decidín cambiar de aires.

Como mundo xa tiña e o mundo é a mellor universidade, embarquei no “Ana María Barreras”, con base en Vigo, barco grande frigorífico. Recollíamos a pesca de todos os barcos que estaban por todos os mares.

Pasei o Canal de Panamá, as Bermudas, Porto Rico, Costa do Marfil, Nixeria, Ghana, Suráfrica,... A vida a bordo era boa e o soldo moi bo. Cinco meses de mar e dous de vacacións. Traíamos atún, pescada rosada, mariscos,...

Ata que decidín cambiar de aires e marchei para Alemaña e enroleime no Archimist Leverkussem. Transportabamos produtos químicos, navegabamos por ríos, mares, e canais con esclusas.

Iamos a Rotterdam, Suíza, Bélxica, Luxemburgo,... Navegábamos día e noite. Eu era o temoneiro, doce ou máis horas seguidas traballando. Iso si, moi ben pagadas, e como non tiñamos tempo para gastar, todo para o peto.

No ano noventa e cinco deixo Alemaña e veño para Portonovo e compro un barco de pesca o “Bego y Rosy”. Andabamos ao polbo, choco, centolo,... Tiveno catro anos.

No ano dous mil un, abrimos o Zulema, en Arra, bar-restaurante-hotel. Por esas datas tivemos como clientes á Selección Española de Fútbol, traídos por Torrado o Bruxo, que cociñou para eles e saíron moi contentos.

No ano setenta e nove, casou con Zulema e dese matrimonio naceron dous fillos. No ano oitenta e cinco, esa familia fixose artista. Os da televisión española preguntáronlle ao alcalde de Sanxenxo, Leopoldo González Agís, por unha familia grande de mariñeiros, e mandounos a eles. Era un programa que facían na segunda canle chamado “Vivir cada día”, programa baseado na vida cotiá da xente; era moi realista: Saen el, Zulema, os fillos, pais, irmáns, saen escenas lavando roupa no río, festas, vodas, xente cantando,...., estaba ben feito. Portáronse moi ben con eles, pagáronlles ben; ata aos pais lles pagaron unha pasaxe a Arxentina de ida e volta.

Hoxe ten cinco netos e netas. O maior ten trece anos, os mesmos que el tiña cando se enrolou no primeiro barco de mariñeiro.

En homenaxe a todos os mariñeiros, máis en especial, aos que coma el (J. Fernando Aguín), sendo aínda rapaces, aventuráronse buscando a vida.



Na Antártida. Desembarcando a pasaxe. Fernando, no fronte, de pé á esquerdaV



SENÉN CORTGOSO, fisioterapeuta de LA SELECCIÓN ESPAÑOLA, ARBIZU, COCINERO DE LA SELECCIÓN ESPAÑOLA DE FÚTBOL, IKER CASILLAS, PORTERO DEL REAL MADRID Y LA SELECCIÓN ESPAÑOLA, LA COCINERA ZULEMA, PROPIETARIA DEL RESTAURANTE ZULEMA DE PORTONOVO Y JOSÉ LUIS TORRADO, O BRUXO // FOTOGRAFÍA: MARLOY

Cando estivo a Selección Española no Zulema.

Explorando o Universo: Actividades de Astronomía no Arquipélago de Ons; Illa de Ons, Illa de Onza (Onceta) e os seus sete illotes. Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Por: Marta Pérez de Moreta Gómez

Federación Galega de Astronomía e Radioastronomía "FeGAR"

Imaxes do artigo, propiedade de FeGAR



Fronte á ría de Pontevedra, entre Bueu, Portonovo e Sanxenxo, máis ao norte que as súas veciñas Cíes, maxestosa, diferente e única, érguese sobre o océano Atlántico, coma se falásenos das máis sublimes obras de arte, a Illa de Ons coa súas oito irmás: a illa de Onza e os seus 7 illotes. Ela, si, a diferente, onde as súas terras dan sabía a amplos cachos de fentos, toxos e breixos. Neles atopan acubillo especies como o lagarto ocelado "arnal" ou bolboretas de cores infinitas como o *Papilio machaon*, "Macaón". Entre as súas rochas e bosque case inexistente, fronte a augas cristalinas, corvos mariños ou gaivotas con polbos e centolas que fan da nosa estadía unha homenaxe ao mellor dos manxares no deleite dos voos ao infinito, para deixar por fin únicos días onde a liña do horizonte borrosa entre o ceo e o océano non existe nesta illa. Cando o sol se pon, volven os barcos e, entre o intenso vermello do oeste, os golfinhos xogando co ronsel do barco na proa, apartaranos do mundo na procura do ansiado raio verde que dará paso ao universo eterno do ceo estrelado.

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia é un paraíso natural coñecido polas súas praias de augas cristalinas, biodiversidade e paisaxes singulares. Porén, pouca xente sabe que este recuncho do Atlántico é tamén un lugar privilexiado para a observación astronómica. Grazas á súa pouca contaminación lumínica e á súa situación xeográfica, as illas ofrecen un ambiente ideal para descubrir os segredos do universo.

UN CEO NOCTURNO PRIVILEXIADO

As illas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada, que conforman o parque, están lonxe dos grandes núcleos urbanos, o que garante uns ceos escuros e despexados, ideais para observar estrelas, planetas e outros fenómenos celestes. Nas noites despexadas, é posible identificar constelacións, a Vía Láctea e eventos astronómicos como choivas de meteoritos.



ACTIVIDADES DE ASTRONOMÍA NO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

O parque, xunto coa Federación Galega de Astronomía e Radioastronomía (FeGAR), organiza regularmente actividades destinadas a promover o coñecemento do ceo nocturno entre os visitantes de todas as idades. Algúns dos aspectos máis destacados inclúen:

1. Rutas guiadas de observación astronómica

Os expertos en astronomía da FeGAR ofrecen rutas nocturnas nas que os participantes aprenden a recoñecer constelacións e planetas, así como observacións solares diúrnas. Estas actividades complementáanse con explicacións sobre mitoloxía, ciencia, orientación mediante as estrelas e cos mellores equipos, telescopios ou prismáticos de gran potencia.

2. Obradoiros de astrofotografía

Para os amantes da fotografía, o parque, xunto coa FeGAR, organiza obradoiros que ensinan a captar a beleza do ceo estrelado ou do Sol máis radiante. As Illas Atlánticas son un escenario perfecto para fotografar a Vía Láctea e as estrelas fugaces, grazas ao seu ambiente claro e libre de contaminación lumínica, así como ao Sol, as súas prominencias, manchas solares e grans nos días despexados.

3. Observación con telescopios e prismáticos

FeGAR ofrece sesións de observación con telescopios e prismáticos. Estas actividades permiten aos participantes contemplar detalles do universo, como os cráteres da Lúa, os aneis de Saturno ou galaxias distantes, así como o Sol.

4. Charlas e actividades educativas

Ademais da observación directa, FeGAR, en colaboración co parque, organiza charlas e obradoiros que abordan temas como a formación do universo, a importancia de protexer os ceos escuros e como se vincula a astronomía coa historia e a cultura da humanidade.



ASTRONOMÍA NA ILLA DE ONS


A illa de Ons, unha das xoias do parque, é especialmente popular para as actividades astronómicas grazas á súa atmosfera tranquila e á baixa contaminación lumínica. Aquí tes algunhas actividades específicas das que podes gozar en Ons:

1. Paseos nocturnos ata o Miradoiro de Fedorentos

Este miradoiro, un enclave único na parte máis occidental da illa, ofrece unhas vistas espectaculares tanto do solpor como do ceo nocturno. As camiñadas guiadas ata este sitio inclúen explicacións sobre as constelacións visibles, os planetas e a Vía Láctea.

2. Observación na contorna do Buraco do Inferno

O Buraco do Inferno, unha das formacións xeolóxicas máis emblemáticas de Ons, é un lugar máxico para a observación do ceo. Aquí, os participantes están convidados a participar en actividades nas que poderán gozar do son do océano mentres deixan voar a súa imaxinación mentres escoitan historias da mitoloxía grega, dos seus heroes conquistadores, da súa variada fauna e de temibles monstros.



3. Observación dende o Faro de Ons

O Faro de Ons, situado no punto máis alto da illa, é un dos lugares máis emblemáticos para as actividades astronómicas. Este lugar combina a riqueza histórica do faro cunha perfecta localización para contemplar o ceo.

Museo do Faro de Ons

A musealización do Faro de Ons converterao nun espazo cultural e educativo para que os visitantes poidan coñecer mellor a historia, a arquitectura e a importancia deste punto xeográfico da illa de Ons, que forma parte do Parque Nacional Marítimo-Terrestre do Atlántico. Illas de Galicia. Faro histórico de finais do século XIX, emblemático se algunha vez o houbo, a súa localización dentro do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas foi fundamental para a navegación na comarca, xa que axudou e segue axudando a guiar os barcos que navegan pola costa galega.

O desenvolvemento do museo inclúe a conservación e posta en valor do propio edificio do faro, a creación de espazos interpretativos e exposicións que amosen a historia do faro, o traballo dos fareiros e a relación da illa coa navegación e a astronomía. Tamén se poderían incluír elementos multimedia e recursos educativos, como visitas guiadas, para enriquecer a experiencia do visitante.

O obxectivo da musealización é promover o patrimonio histórico, fomentar o turismo cultural e educar sobre a importancia do faro na historia marítima de Galicia. Ademais, ao estar situada nun espazo protexido, a intervención debe respectar o medio natural e promover a sustentabilidade no uso do espazo.

O faro debería converterse nun museo para ofrecer unha experiencia cultural e educativa aos visitantes. Este espazo contará con exposicións interactivas que combinan historia marítima e astronomía:

- **Historia do faro:** paneis e audiovisuais explicarán a importancia do faro de Ons na navegación atlántica e a súa conexión co ceo nocturno como guía para os mariñeiros.
- **Astronomía e navegación:** unha sección do museo explorará como os mariñeiros utilizaban as estrelas para navegar e como a astronomía foi fundamental na historia marítima.

Mariñeiros de todas as nacionalidades pisaron estas terras, uns porque é a porta de entrada á súa querida patria e ás súas familias, outros pensando que tocan terreo sólido desde terras afastadas, e uns poucos, que buscan darlle sentido ás súas vidas afrontando retos que poden parecer imposibles, pero non o son. Esta é a historia do noso querido Toby Carr, que en 2019 exploraba as 31 áreas destacadas no Previsión de envío de BBC Radio 4 no seu pequeno kayak branco.

Para destacar a gran importancia que tivo, ten e terá o faro de Ons e a súa musealización, aquí temos a Toby visitando o pequeno museo que con cariño, dedicación e compromiso foi creando nos seus anos o noso querido fareiro Jesús Carracedo Álvarez de traballo no faro. Toby, un mariñeiro solitario no seu kaiak polos mares máis salvaxes do norte de Europa, escoitou sen pestanexar as sabias explicacións dun mestre. O azar, o destino ou como queiramos chamalo fixo que Toby, ao chegar a esta terra máxica, coñecese a un grupo de tres amigos que o levarían a experiencias únicas. O astrónomo do parque, o presidente da FeGAR, Jesús Pérez Bastos, o propietario dos kayaks de aluguer da illa, Alberto Rocha Palmas, e o empresario Rodrigo Arbones, que viviu uns anos en Inglaterra e exerceu de intérprete dos mesmos, mostraron unha visión diferente e única. e navegante moi especial a terra que aman.

Kate Carr, irmá do noso querido Toby, no seu afán de mostrar ao mundo a gran historia do seu irmán falecido, publicou no seu perfil de Instagram “moderatebecominggoodlater” en xuño de 2023 as emocións de alguén que só valora experiencias únicas.

“T- 2 days (very close now) #FitzRoy “After dinner Jesus turns up with a heavy telescope. Warm and friendly, he is an astronomer who volunteers in the National Park. ‘Do you like the stars? Yes?’ He says with



the excitement of a child at Christmas. 'I'll show you some incredible things.' He fiddles with the telescope for a moment. 'Look, look Saturn with rings.' I skip over light-heartedly to look through the telescope."

#adventurewriting #seakayaking #kayaking #worldoceansday #sealife #travelwriting #booklaunch #shippingforecast @finisterre @summersdalebooks"

"T-2 días (moi preto agora) #FitzRoy "Despois da cea aparece Xesús cun telescopio pesado. Cálido e simpático, é astrónomo voluntario do Parque Nacional. Gústanche as estrelas? Di coa ilusión dun neno no Nadal. "Vouche amosar cousas increíbles". Xoga co telescopio un momento. Mira, mira, Saturno con aneis. Salto feliz para mirar polo telescopio.

Segue crendo que a musealización deste faro, abrigo e luz de millóns de vidas, non debería ser unha realidade?

- **Experiencia inmersiva:** as proxeccións dixitais recrearán un ceo estrelado dentro do faro, o que permitirá aos visitantes explorar constelacións e fenómenos celestes mesmo durante o día.

Actividades de astronomía no faro

A musealización do Faro de Ons convérteo nun punto central de actividades astronómicas:

- **Charlas ao atardecer:** antes do anoitecer, os expertos ofrecerán charlas sobre o universo dende a terraza do faro, acompañadas dunhas vistas espectaculares do Atlántico.
- **Observación nocturna:** Grazas á súa localización elevada e clara, o faro é un lugar perfecto para observar estrelas e planetas. As actividades poden incluír telescopios, planisferios e guías especializadas que axudarán a identificar constelacións e corpos celestes.
- **Eventos temáticos:** Durante fenómenos astronómicos como eclipses ou choivas de meteoros, o faro converterase nun punto de encontro de eventos especiais que combinen ciencia e entretemento.



4. Obradoiros familiares na zona de acampada

A zona de acampada de Ons, próximo destino Starlight 2025, é un lugar ideal para realizar obradoiros familiares de astronomía. Estas actividades inclúen a construción de mapas estelares, o uso de aplicacións móbiles para identificar os corpos celestes e explicacións sinxelas para axudar aos nenos a adentrarse no mundo da astronomía.

5. Eventos especiais durante choivas de meteoros.

A illa de Ons é un lugar privilexiado, mesmo xunto á súa Igrexa de San Xaquín, xa que a escuridade absoluta está presente entre os que habitan as súas zonas máis urbanizadas. Ver chuvias de meteoritos como as Perseidas no verán, xunto con eventos que inclúen charlas introdutorias, observación con telescopios e a oportunidade de deitarse baixo as estrelas para gozar do espectáculo natural, é un feito.

Un ceo que inspira

A illa de Ons, ao igual que o resto do Parque Nacional das Illas Atlánticas, non só nos invita a explorar a súa rica biodiversidade e as súas paisaxes mariñas, senón que as estrelas de mar conéctannos co mundo imaxinario, ofrecéndonos e conectándonos cunha fiestra ao cosmos que fascina aos que buscan mergullarse na inmensidade do universo. A musealización do Faro de Ons e o seu uso como centro de actividades astronómicas enriquecerían esta experiencia, ofrecendo unha combinación única de cultura, historia e ciencia.

Observando choivas de meteoros como as Perseidas, bólidos, cometas errantes, os nosos queridos veciños os planetas, Xúpiter, Saturno, Venus ou o avermellado Marte, xunto cun mar de calor que mutila a fala, os sentidos cobran vida. Sexa na praia de Melide ou no peirao, na aldea do Curro, na igrexa de San Xaquín, no Buraco do Inferno, o Miradoiro de Fedorentos, no faro, non importa onde, É a illa, a diferente, a Illa de Ons, a que fai que a maxia te transforme para sempre.

Explorar o ceo desde este enclave privilexiado é unha invitación a reflexionar sobre o noso lugar no universo e a marabillarnos coa inmensidade do cosmos. Atrévete a vivir esta experiencia?



ONS daquela: Homes de ferro, mulleres de aceiro temperado

Por: Julio Santos Pena

Tres anos da miña vida compartín cos insulares de Ons tendo a ledicia e o orgullo de ser mestre na Illa nunha época que foi crucial no que se refire ao aceleramento do éxodo dos fillos daquela paraíso natural no que viviron felices, ao seu modo, ata que descubriron que, a dez ou doce millas, había outro mundo con outros atractivos, que estaría por ver se mellores ou peores, pero completamente distintos. A vida en Ons era a herdanza histórica dun colectivo humano que desafiou desde o illamento máis puro e sorprendente, o seu propio desenvolvemento.

Cheguei alí, coa miña dona e pouco máis dos 20 anos e as maiores ilusións profesionais, no ano 1971, cun barco cheo de mobles e pertenzas, cando xa moitas familias se tiñan trasladado a “Terra” o que supoñía, ademais, un efecto chamada que animaba, semana a semana, a que outras as seguisen porque, naquel intre, xa todos e todas tiñan a vista, a ilusión e a decisión de poder mercar ou alugar unha casa en Bueu, Cela, Beluso ou Portonovo, na que iniciar una nova vida lonxe do terruño que os vira nacer e crecer, e coa decisión de ofrecer aos fillos, e aos que viñeran atrás deles, un novo horizonte familiar e social.

Fun testemuña de moitas despedidas de familias enteiras que embarcaban no peirao de Curro se cadra mirando con certa tristura, ou non, cara á Illa, mentres o barco se afastaba dela, e sempre quería imaxinar o que podería sentir cada unha daquelas persoas que deixaban atrás o seu puro ser, o ser a parte humana dun enclave no que viran as primeiras luces á chegada a este mundo. Vin a moitos ilusionados e felices por abandonar o seu lugar pero tamén sentín no meu corazón a tristura dos máis vellos, e lémbrome dunha muller de moitos anos que choraba como se o afastamento lle fora na mesma vida pero á que non lle quedaba outra, fronte á imposible soidade de permanecer alí, lonxe dos seus.

Atrás quedaba todo: a casa, os utensilios, as lembranzas, os costumes, as tradicións...todo, e por diante estaba “o novo”; a novidade, a ilusión, os plans ... unha nova vida nun outro sitio tan diferente, tan atractivo e tan incerto, porque habería que cambiar a estrutura mental de todos os da casa no novo destino.

Desde o primeiro día da nosa chegada decateime que o éxodo era inexorable. Cando sacabamos os mobles do barco de Pancho escoitei a “Cambados”, un curtido home dos poucos que tiñan experiencias polo mundo, que me dicía: *“Vas durar pouco aquí porque vés para a Illa cando todos se van...”* e, daquela comprendín xa que o destino de Ons era outro. O señor Olegario estaba no certo.

Por iso, a pesar de que desde aquel outubro do 71 tiven a satisfacción de vivir unha experiencia única na vida de calquera mestre de pura vocación, fun observando como a despoboación da “xa” miña Illa era crecente. De feito, naquel intre, os insulares estaban moi influenciados pola vida social de “terra”. Xa tiñan moitos familiares e amigos nesta banda do mar que lles contaban e cantaban as mara-



O barco de Pancho, a piques de marchar de Ons cargado de mobles e efectos familiares

billas do cambio e aniñaba nas súas almas a decisión de seguir a senda delas ata o desangramento social culminado poucos anos despois.

Os que alí quedaban, a pesar desa nova influencia social, seguían mantendo, máis ou menos, o organigrama familiar iso si, tocado pola ansia de emigrar canto antes aínda que moitos aseguraban coa boca pequena que, coma na Illa, en ningures:

Os homes a traballar duro no mar, agora xa non só nas dornas, que quedaban ben poucas operativas daquela, senón enrolados nos barcos de motor de armadores da propia Illa circunstancia que os obrigaba a “vivir en terra”, afastados da familia, nos barcos ou nas casas dos familiares porque as motoras non tiñan refuxio no deficiente peirao da Illa e fondeaban nos portos do norte ou do sur. A maioría tiñan que conformarse con saltar na Illa os venres para o descanso semanal de dous días co que Ons recuperaba o pulso social naquelas fins de semana.



Muller insular (Lucía) traballando a terra. 1974. Foto Ana Liste.

As mulleres a traballar duro na casa, e na horta, e no campo, e algunhas nas pedras do mar na procura de percebes, e atender aos fillos e aos vellos da casa, e a multiplicarse para ter todo en orde á espera dos homes que, na fin de semana, botaban unha man, seguramente, cos labores máis esixentes antes de ir á taberna, coa mellor roupa limpa, a tomar uns grolos e xogar ruidosamente ao truco. Teño visto momentos pouco menos que dramáticos cando os barcos non eran quen de atracar aqueles venres de brava marusía rematada a marea da xornada é dicir, a marea da semana, e as mulleres lanzaban desde o peirao o rolo da roupa limpa para o sábado, conformándose se cadra de mala maneira, cunha nova ausencia de fin de semana dos seus homes, esposos ou fillos, coa esperanza de que ao día seguinte, ou o domingo, calmase a furia do mar e algún

barco atravesara a ría para levar a algúns mariñeiros a pasar unhas horas cos seus.

Aínda había daquela gando na Illa, cochos, fermosas vacas e becerros criados case a man polas mulleres da casa que levaban as bestas ao monte a pastar durante o día e as recollían na posta do sol tanto nos días de semana como nos festivos e domingos porque, a vida dos animais, non responde ao calendario dos humanos. Alí estaban elas, as mulleres, que non tiñan tempo máis que para os seus e para a súa casa. Non había paraxe desde que a claridade do día despuntaba, ata que a escuridade dominaba a Illa xa co motor da luz parado despois daquel par de horas en que había que aproveitar a corrente eléctrica daquel artello que alguén prendía para facer de ponte entre o día e a noite.

Homes de ferro e mulleres de aceiro temperado que tiñan cada quen o seu rol ben sinalado despois de tomar o rumbo común do casamento que os unira para sempre. O mar, o polbo, o peixe, as nécoras, as centolas, os percebes... o esforzo diario sen máis visión que sacar unha boa tallada económica dentro do posible e se posible fose, mellor que o da dorna do lado, era o sentido de vida para os mariñeiros algúns dos cales aínda traballaban coa dorna e o mirafondos ou, coma eles dicían, “o espello”. Na súa teima non había máis horizonte que sacar do medio o que máis puideran e naquel tempo do que fun testemuña directa, coa vista posta en “Terra” a onde xa chegaran moitas familias da Illa e á que sen dúbida, polo esforzo non ía a ser, tamén chegarían eles cos seus, canto antes mellor.

A casa, os fillos, os vellos, os animais... e o aforro de todo o que se puidera facer cos cartos espremidos da suor dos seus homes, era tamén a principal función das heroínas insulares que un día, unha fin de semana calquera, participaban no éxodo de gota a gota que foi acabando coa poboación do paraíso de Ons porque os seus habitantes descubriron outro mundo no horizonte próximo no que encontrar outra felicidade distinta, acaso imposible para algúns porque nacer en Ons e vivir parte da vida na Illa marca e moito e, diso, son testemuña directa pola graza de Deus



A SOLAINA. Rúa Peralto B, 8 • T. **986 73 34 04** • 36980 O GROVE (Pontevedra)
SOLAINA. Avd. Beiramar (zona del puerto) • T. **986 73 29 69** • 36980 O GROVE (Pontevedra)

RESTAURANTE CAFÉ BAR

A Nova Ponte

TAPAS E COMIDA CASEIRA

Praia de Major, 94 / 36960
Noalla-Sanxenxo
986 744 165

Quiosco Isaías
Desde 1958

Praza do Corgo, O Grove



**Jaime Solá, 10
O GROVE**

Telfs.: 615 40 54 38 - 986 73 02 55


David González Miguez

HOTEL PIPO

Si disfruta de sus vacaciones en nuestro hotel, encontrará un ambiente familiar y agradable que harán que su estancia sea de lo más confortable. Sus vacaciones serán inolvidables.



Las habitaciones son confortables y espaciaosas, siendo todas exteriores. Cuentan con baño completo, calefacción, televisión y teléfono. En nuestro restaurante disfrutarán de la cocina casera típica gallega, saboreando los mariscos y pescados de las Rías Bajas.



HOTEL PIPO, S.L.
SANXENXO
PONTEVEDRA



TELFs.: 986 74 34 00 - FAX. 986 74 57 55 - LA LANZADA - 36960 SANGENJO



**Rúa Platería, 63
O GROVE Pontevedra
Telf. 986 73 02 24
www.casaabel.com**



Restaurante "O PESCADOR"
Travesía da Marina, 5 / 36970
PORTONOVO – Sanxenxo- Pontevedra
644168095

“AVES DA COSTA” REVISITADA, TRINTA ANOS DESPOIS (e II)


Por Cosme Damián Romay Cousido

▪ **BLOQUE 2: Textos e cambios na nomenclatura:** Revisanse a seguir todos os textos do libro *Aves da Costa* [REF. 9], engadindo notas extra (poboación actual, categoría de ameaza -en perigo ou vulnerable-...). Subliñar que a nomenclatura empregada nesta obra, tanto galega como científica, pode ser fonte de confusións, debido a recentes cambios taxonómicos e de nomenclatura. Achéganse, de ser o caso, os actuais nomes galego [REF. 10] e científico [REF. 11, 12]:

- **Introdución:** precisar que Galicia é actualmente unha comunidade autónoma. O número de especies de aves no mundo é hoxe en día de 11145 [REF. 11]. A lista de aves citadas en Europa supera, entre especies e subespecies, as 750 [REF. 13]. Na Península Ibérica as especies vistas regularmente son máis de 500 [REF. 12, 14]. As nosas rías son “só” espazos de relevancia natural no contexto europeo. O número de especies citadas no Grove é superior a 150 (rexistradas ata 2018 un total de 260 especies, das cales 81 serían nidificantes [REF. 15, 16]).
- **12 e 13 (superior):** mobella grande (*Gavia immer*). A principal zona de cría da especie é Norteamérica. As especies da familia das mobellas (Gaviidae) son actualmente cinco. A mobella de Adans (sic) ou biquibranca é actualmente mobella de bico amarelo (*Gavia adamsii*), e non está citada con seguridade en Galicia. **12 e 13 (inferior):** somorgullo pequeno (*Tachybaptus ruficollis* – *Podiceps ruficollis*). Hoxe merguillete común (*Tachybaptus ruficollis*). A especie pode atoparse fóra da época de cría en zonas sen protección vexetal (p. ex. esteiros de ríos).
- **14 e 15 (sup.):** pardela furabuchos (*Puffinus puffinus*). Actualmente son dúas especies: furabuchos balear (*Puffinus mauretanicus*), referido no texto (cría só nas Baleares) e furabuchos atlántico (*Puffinus puffinus*), ilustrada, e que cría sobre todo nas illas Británicas e zonas próximas, ademais do nordeste de Norteamérica e Macaronesia. O furabuchos balear está “En perigo de extinción” en Galicia [REF. 17] e España [REF. 18]. Asíciase só excepcionalmente con limícolas ou carráns. Pesca unha variedade ampla de peixes pequenos. **14 e 15 (inf.):** paíño do mal tempo ou da graxa (*Hydrobates pelagicus*). Hoxe paíño europeo. Achéganse a costa na época de cría. Precisar que esta especie rara vez consome peixes. “Vulnerable” en Galicia [REF. 17].
- **16 e 17 (sup.):** mascato (*Sula bassana*). Actualmente mascato boreal (*Morus bassanus*). A altura máxima desde onde lanza picados é de 30 m sobre o mar. **16 e 17 (inf.):** corvo mariño real (*Phalacrocorax carbo*). Hoxe corvo mariño grande. Pode voar a gran altura.
- **18 e 19 (sup.):** garza real ou gris (*Ardea cinerea*). Hoxe garza real. A garza imperial é actualmente garza vermella e a garza grande é hoxe garza branca grande (*Ardea alba*). **18 e 19 (inf. esquerda):** garza pequena (*Ixobrychus minutus*). Actualmente galgüineira común (*Botaurus minutus*). “Vulnerable” en Galicia [REF. 17]. **18 e 19 (inf. dereita):** vutarda ou garzoto (*Bubulcus ibis*), actualmente garza boeira occidental (*Ardea ibis*). O nome vutarda non sería aplicable a esta especie.
- **20 e 21:** garzota ou garceta (*Egretta garzetta*). Hoxe garza branca pequena. As patas son negras agás os pés e o extremo inferior do tarso (que son amarelos). O cullereiro é actualmente cullereiro común.
- **22 e 23 (sup.):** gansa branca (*Tardona tardona*, sic). Hoxe tadorna branca (*Tadorna tadorna*). En zonas costeiras e interiores. **22 e 23 (central):** pato cincinto (*Anas strepera*). Actualmente *Mareca strepera*.
- **24 e 25:** alavanco, lavanco, pato salvaxe (*Anas platyrhynchos*). Actualmente lavanco real.
- **26 e 27 (sup.):** cerceta real (*Anas crecca*). Actualmente cerceta eurasiática. A voz da especie é diferente á do lavanco real, especialmente no caso do macho. “En perigo de extinción” como nidificante en Galicia [REF. 17]. **26 e 27 (inf.):** cerceta do estío, pinta ou montañesa (*Anas querquedula*). Actualmente cerceta albela (*Spatula querquedula*). Vese esencialmente en pasaxe prenupcial, con algunhas aves tamén en pasaxe posnupcial. A invernada desta ave en Galicia é irregular.
- **28 e 29 (sup.):** pato asubión (*Anas penelope*). Hoxe asubión común (*Mareca penelope*). Na lagoa da Bodeira é excepcional. **28 e 29 (inf.):** pato cullerete (*Anas clypeata*). Actualmente cullerete boreal (*Spatula clypeata*). Amosa só azul en parte das ás.
- **30 e 31 (sup.):** mergo cristado (*Mergus serrator*) (Fig 1). M. trullo refírese ao mergo grande (*Mergus merganser*), especie moi rara en Galicia. **30 e 31 (inf.):** parrulo pentumeiro común ou mourelo (*Melanitta nigra*, sic). Actualmente mourelo eurasiático (*Melanitta nigra*). Hoxe en día é moito menos numeroso en Galicia do que antano.
- **32 e 33 (sup.):** rapina cincenta (*Circus pygargus*). Actualmente tartaraña cinsenta. As tres parellas no Grove serían de *Circus aeruginosus* [ver REF. 19]. “Vulnerable” en Galicia [REF. 17] e España [REF. 18]. **32 e 33 (inf.):** rapina arpella ou das xunqueiras (*Circus aeruginosus*, sic). Actualmente tartaraña das xunqueiras (*Circus aeruginosus*). Non caza lebres.
- **34 e 35 (sup.):** miñado común ou buxato (*Buteo buteo*). Actualmente buxato común. Emite un “hiu!” miañante. **34 e 35 (inf.):** gabián común (*Accipiter nisus*). Hoxe gabián eurasiático. Habita todo tipo de zonas arboradas. Cría tamén no Grove. Pode verse cazando preto de vivendas humanas todo o ano.
- **36 e 37:** lagarteiro ou peneireiro (*Falco tinnunculus*). Hoxe lagarteiro eurasiático. En declive en Galicia.
- **38 e 39 (sup.):** falcón pequeno (*Falco subbuteo*). Visita Galicia entre abril e outubro. É frecuente. **38 e 39 (inf.):** falcón paxareiro ou esmerillón (*Falco columbarius*). Actualmente esmerillón.

Mergo cristado

(*Mergus serrator*)



► Fig. 1.

Composición de
texto e ilustración
(mergo cristado)
publicados en
Aves da Costa

- **40 e 41:** falcón peregrín (*Falco peregrinus*). Hoxe falcón peregrino. Ten o tamaño dunha torcaza (pombo torcaz *Columba palumbus*).
- **42 e 43** (sup.): perdiz rubia ou vermella (*Alectoris rufa*). Actualmente perdiz rubia. Debería dicir que rara vez cría preto da costa. **42 e 43** (inf. esq.): rascón de terra (*Crex crex*). Hoxe: rei dos paspallás. Actualmente é unha especie considerada rareza en Galicia e España. **42 e 43** (inf. der.): paspallás (*Coturnix coturnix*). Hoxe paspallás migrador.
- **44 e 45** (sup.): rascón de auga (*Rallus aquaticus*). Actualmente zurrasca eurasiática. En Galicia vese en todo o litoral e nalgúns zonas húmidas do interior, e cría en numerosas localidades. **44 e 45** (inf.): galiñola común (*Gallinula chloropus*). Hoxe galiña de auga común. Ocupa algunhas masas de auga preto de asentamentos humanos. Actualmente é pouco común a nivel galego. Demo negro é hoxe galo de auga común (*Fulica atra*), que aparece alí ilustrado.
- **46 e 47** (sup.): avoceta (*Recurvirostra avossetta*, sic). Actualmente avoceta común (*Recurvirostra avossetta*). Nidifica, aparte de nesas localidades, noutras moitas arreo do Vello Mundo. **46 e 47** (inf.): gavita ou gabita (*Haematopus ostralegus*). Hoxe lampareiro eurasiático. “Vulnerable” como nidificante en Galicia [REF. 17].
- **48 e 49** (sup.): pernileiro ou alcaraván (*Burhinus oedipnemus*). Actualmente pernileiro correbois. Xa non nidifica na Costa da Morte nin en Ons. “En perigo de extinción” en Galicia [REF. 17]. **48 e 49** (inf.): pillara papuda (*Charadrius alexandrinus*). Hoxe pillara das dunas (*Anarhynchus alexandrinus*). Excepcional fóra da zona costeira. A cola é só parcialmente negra. Existen en Galicia hoxe en día preto de 100 parellas nidificantes, unha décima parte do Grove. “Vulnerable” en Galicia [REF. 17].
- **50 e 51** (sup.): pillara real (*Charadrius hiaticula*). Onde di *praia do Bao* debe dicir marisma do Vao. Co nome *agullas* refírese aos fuselos do xénero *Limosa*. A cría é anecdótica (confirmada só en Baldaio hai medio século). **50 e 51** (inf.): bilurico bailón (*Actitis hypoleucos* – *Tringa hypoleucos*). Hoxe bilurico das rochas (*Actitis hypoleucos*).
- **52 e 53** (sup.): pillara cincenta (*Pluvialis squatarola*). Hoxe pílora cinsenta. Debería dicir “en bandos que suman 500 individuos”, se ben algúns


- anos puidera haber números maiores. A pillara dourada chica (actualmente pílora dourada americana *Pluvialis dominica*) é divagante, e os rasgos identificativos son tanto estruturais (máis pequena e estilizada) como de cor. A pillara dourada grande ten tons dourados na plumaxe (no texto enténdese o contrario). **52 e 53** (inf.): pillara dourada grande (*Pluvialis apricaria*). Hoxe pílora dourada europea. A subespecie é *Pluvialis apricaria altifrons*.
- **54 e 55** (sup.): avefría, zaconela, arceotes ou galo da braña (*Vanellus vanellus*). Actualmente avefría choromica. As poboacións en Europa están actualmente en diminución [REF. 20]. “En perigo de extinción” como nidificante en Galicia [REF. 17]. **54 e 55** (inf. esq.): pilriño patimouro (*Calidris minutus*, sic). Actualmente pilro pequeno (*Calidris minuta*). Invernán poucos. Ten as plumas orladas de branco. **54 e 55** (inf. der.): pilro cincento (*Calidris maritima*, sic). Actualmente pilro escuro (*Calidris maritima*). No Grove son invernantes irregulares e localizados.
 - **56 e 57** (sup.): pílora raiada ou virarrochas (*Arenaria interpres*). Actualmente virapedras común. En Galicia a costume de virar rochas é puntual; é máis habitual observalo virar restos de argazo en intermareais e praias. **56 e 57** (inf.): pilro curlíbico ou común (*Calidris alpina*). Actualmente pilro común. A zona de invernada máis precisa é a enseada do Grove. A plumaxe de setembro é a do xuvenil. O pilro bulebulé ou claro (*Calidris alba*) chámase actualmente pilro tridáctilo.
 - **58 e 59** (sup.): becacina xorda (*Limnocryptes minimus*). Hoxe arceúcha xorda. As observacións non se realizaron na praia do Bao, senón nos campos de Rouxique, distante 1,5 quilómetros. **58 e 59** (inf.): becacina craba (*Gallinago gallinago*). Actualmente arceúcha das brañas. “En perigo de extinción” como nidificante en Galicia [REF. 17].
 - **60 e 61** (sup.): mazarico curli ou real (*Numenius arquata*). Actualmente mazarico real. A cría da especie en Galicia (e en España) está reducida á comarca da Terra Chá. “En perigo de extinción” como nidificante en Galicia [REF. 17, 18]. No texto menciónase ao “*phaeopus*”, que é o mazarico chiador (*Numenius phaeopus*). O *Numenius tenuirostris* é o mazarico de bico fino, hoxe extinto [REF. 21]. **60 e 61** (inf.): mazarico rabipinto ou agulla rabipinta (*Limosa lapponica*). Actualmente fuselo de rabo pinto. O comentario de 1000 exemplares en setembro e 3000 en outubro refírese realmente a limícolas grandes en xeral (*Numenius arquata*, *N. phaeopus*, *Limosa limosa* e a presente *L. lapponica*) e observadas voando desde ou cara aos durmidoiros de marea alta desde a praia dos Fornos (illa da Toxa).
 - **62 e 63** (sup.): agulla rabinegra ou mazarico do inverno (*Limosa limosa*). Actualmente fuselo de rabo negro. **62 e 63** (inf.): bilurico patirrubio (*Tringa erythropus*). Hoxe bilurico escuro.
 - **64 e 65** (sup.): bilurico común ou aliluxado (*Tringa totanus*). Hoxe bilurico común. Non hai evidencias de cría recentes da especie en Galicia. **64 e 65** (inf.):

- bilurico pativerde ou claro (*Tringa nebularia*). Actualmente bilurico pativerde. A voz é distinta da do bilurico común (máis rouca que este).
- **66 e 67** (sup.): liorteiro (*Philomachus pugnax*). Actualmente combatente (*Calidris pugnax*). Fóra da época de cría visitan tanto a costa como o interior. **66 e 67** (inf.): falaropo cinto (*Phalaropus fulicarius*). Hoxe falaropo de bico groso.
 - **68 e 69** (sup.): pádaros, papamerdas ou cazadores (*Stercorarius* sp.). Actualmente: palleira grande (*S. skua*), palleira parasita (*S. parasiticus*), palleira pomarina (*S. pomarinus*) e palleira rabilonga (*S. longicaudus*). O V do final quere dicir “véxase no debuxo”. **68 e 69** (inf.): gaivota pequena ou anana (*Larus minutus*). Hoxe gaivota pequena (*Hydrocoloeus minutus*). Os adultos teñen a parte superior da á pálida, e a inferior moi escura.
 - **70 e 71**: gaivota choroa común (*Larus ridibundus*). Actualmente gaivota chorona (*Chroicocephalus ridibundus*). Na ría de Arousa a cría é dubidosa. Criaba na antiga lagoa de Antela (A Limia). A cifra de 30.000 invernantes xa non se acada en Galicia.
 - **72 e 73** (sup.): gaivota escura (*Larus fuscus*). As relacións filoxenéticas da gaivota escura e da clara son complexas. A subespecie *L. f. fuscus* é rareza en Galicia e España. **72 e 73** (inf.): gaivota clara ou común (*Larus argentatus*–*Larus cachinnans*). Actualmente gaivota patiamarela (*Larus michahellis*). As patas son amarelas nos adultos e rosadas nos inmaturos. Hoxe en día crían só 13049 parellas en Galicia [REF. 22]. En inverno aparecen algunhas gaivotas arxéneas europeas (*Larus argentatus*), procedentes do centro-norte de Europa.
 - **74 e 75** (sup.): gaivota papoia (*Larus canus*). Actualmente gaivota cana. Non hai ningunha cita de cría da especie en Galicia. **74 e 75** (inf.): gaivota tridáctila ou patinegra (*Larus tridactyla* – *Rissa tridactyla*, sic). Hoxe gaivota tridáctila (*Rissa tridactyla*). Desde 2017 xa non cría en terras galegas [REF. 23]. “Vulnerable” en Galicia [REF. 17].
 - **76 e 77** (sup.): carrán cristado (*Sterna sandvicensis*). Hoxe *Thalasseus sandvicensis*. Non hai evidencias de cría confirmada en Baldaio. A crista por norma non é visible en voo. O paso inclúe aves de diversas procedencias, arreo de Europa. **76 e 77** (inf.): carrán mouro ou fumarel (*Chlidonias nigra*). Actualmente gaivina negra (*Chlidonias niger*). “En perigo de extinción” en España [REF. 18].
 - **78 e 79** (sup.): carrán carrán ou charrán (*Sterna hirundo*). Actualmente carrán común. A magnitude do paso é moi variable nas Rías Baixas. **78 e 79** (inf.): arao romeiro, arau ou alca (*Alca torda*). Hoxe arao carolo. Só aves doentes ou petroleadas posúan en rochas no litoral en Galicia.
 - **80 e 81** (sup.): pomba brava (*Columba livia*). Actualmente pomba dos penedos. A estirpe pura desta especie está probablemente extinta en Galicia. **80 e 81** (inf.): torcaza ou pombo torcaz (*Columba palumbus*); hoxe pombo torcaz. Son moi frecuentes.
 - **82 e 83** (sup.): rula común (*Streptopelia turtur*). Actualmente rula brava. **82 e 83** (inf.): rula turca ou branca (*Streptopelia decaocto*). Hoxe rula turca. A presenza antiga en Turquía é probablemente natural.
 - **84 e 85**: cuco (*Cuculus canorus*). Actualmente cuco cinto. Xa non é unha especie común en Galicia.
 - **86 e 87** (sup.): curuxa común (*Tyto alba*). A especie está probablemente en diminución en Galicia. **86 e 87** (inf.): moucho das orellas ou bufiño asubiador (*Otus scops*). Actualmente moucho de orellas europeo. No Grove a cría é frecuente, non abundosa. As “orellas” son realmente penachos de plumas.
 - **88 e 89** (sup.): moucho común (*Athene noctua*). Actualmente moucho paleártico. En Galicia xa non é abundoso. **88 e 89** (inf.): curuxa das xunqueiras (*Asio flammeus*). Hoxe bufo das xunqueiras.
 - **90 e 91** (sup.): picapeixe común (*Alcedo atthis*). Hoxe picapeixe común. Chaman a atención as partes superiores azuis. **90 e 91** (inf.): avoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*). Hoxe noiteboa cincenta.
 - **92 e 93**: bubela (*Upupa epops*). Actualmente bubela eurasiática. En Galicia son hoxe pouco comúns.
 - **94 e 95** (sup.): peto verdeal, peto relincho ou común (*Picus viridis*). Actualmente peto verdeal ibérico (*Picus sharpei*). O burato do niño mide 5 mm de diámetro, aproximadamente. **94 e 95** (inf.): peto real (*Picus major* – *Dendrocopos major*, sic). Actualmente picapau grande (*Dendrocopos major*).
 - **96 e 97** (sup.): cotovía das árbores ou totovía (*Lullula arborea*). Actualmente cotovía pequena. **96 e 97** (inf.): laverca (*Alauda arvensis*). Hoxe laverca dos campos. É xa pouco común en Europa, España e Galicia. Ilustrouse tamén a cotovía dos camiños, actualmente cotovía cristada (*Galerida cristata*).
 - **98 e 99** (sup.): cirríu ou vencello común (*Apus apus*). Actualmente cirríu eurasiático. Menciónase tamén ao vencello real, actualmente anduriñón real (*Tachymarptis melba*). **98 e 99** (inf.): andoriña dos penedos (*Ptyonoprogne rupestris*). Hoxe anduriña dos penedos. No Grove non aniña, e as citas refírense realmente a *Riparia riparia* [cf. REF. 19].
 - **100 e 101** (sup.): andoriña brava ou das barreiras (*Riparia riparia*). Actualmente anduriña das barreiras. **100 e 101** (inf.): andoriña do cu branco (*Delichon urbica*). Hoxe anduriña de cu branco (*Delichon urbicum*). No Grove xa non aniña.
 - **102 e 103** (sup.): andoriña común (*Hirundo rustica*). Actualmente anduriña común. Debería dicir “Tamén frecuente zonas costeiras”. **102 e 103** (inf.): andoriña dáurica ou acalugada (*Hirundo daurica*). Hoxe anduriña das pontes (*Cecropis rufula*). Cando menciona “A. branquinegra” refírese á anduriña de cu branco. A cola realmente é moi bifurcada.
 - **104 e 105** (sup.): pica dos campos ou petiña (*Anthus pratensis*). Actualmente pica dos prados. O número en Europa decreceu como especie nidificante. **104 e 105** (inf.): pica patinegra costeira (*Anthus spinoletta*). Hoxe pica costeira (*Anthus petrosus*); menciónase tamén á pica alpina (*Anthus spinoletta*).

- **106 e 107** (sup.): lavandeira real (*Motacilla cinerea*, sic). É *Motacilla cinerea*. **106 e 107** (inf.): lavandeira branca ou escribidora (*Motacilla alba*). Actualmente lavandeira branca. A *M. a. yarrellii* é lavandeira enloitada; non é negra sempre (p. ex. xuvenís).
- **108 e 109** (sup.): lavandeira verdeal (*Motacilla flava* subespecie *ibericus*). Actualmente lavandeira amarela (*Motacilla flava iberiae*). **108 e 109** (inf.): carriza, carrizo ou carraxiña (*Troglodytes troglodytes*). Hoxe carriza eurasiática. Non está demostrada a chegada de aves europeas a Galicia. As escopetas de balíns, felizmente, están en desuso.
- **112 e 113**: paporroibo, paporrubio ou peizoque (*Erithacus rubecula*). Actualmente paporrubio. Habita bosques (*fragas*). O reiseñor (*Luscinia megarhynchos*) é hoxe rousinol común.
- **114 e 115** (sup.): curroxo ou rabirrubio (*Phoenicurus ochruros*). Hoxe rabirrubio tizón. **114 e 115** (inf.): pedreiro cincento ou común (*Oenanthe oenanthe*). Hoxe pedreiro cinsento. Cítase *O. o. leucorhoa*, rareza en Galicia. O pedreiro marelo é actualmente pedreiro rubio (*O. hispanica*), e tamén é rareza.
- **116 e 117** (sup.): chasco común ou chaschás (*Saxicola torquata*). Actualmente chasco europeo (*Saxicola rubicola*). Hoxe é menos común. **116 e 117** (inf.): chasco rabipinto (*Saxicola rubetra*). Actualmente chasco do norte. Non cría no Grove.
- **118 e 119**: merlo común ou melro (*Turdus merula*). Hoxe merlo negro. Ilústranse o tordo visgueiro (*T. viscivorus*), o tordo real (*T. pilaris*), o tordo rubio (*T. iliacus*) e o tordo músico (*T. philomelos*). Este último é sedentario, e é localmente común.
- **120 e 121** (sup.): fulepa das xunqueiras (*Acrocephalus scirpaceus*). Hoxe folosa das canaveiras. Criou con éxito no Grove. Refírese ao *istmo do Vao*. **120 e 121** (inf.): picaxuncos (*Cisticola juncidis*, sic). Actualmente carriza dos xuncos.
- **122 e 123** (sup.): reiseñor da auga (*Cettia cetti*). Actualmente cetia das ribeiras. Aparece a ilustración dunha fulepa amarela (*Hippolais polyglotta*), hoxe folosa políglota, que é estival. **122 e 123** (inf.): papuxa montesa ou rabilonga (*Sylvia undata*). Hoxe papuxa do mato (*Curruca undata*). Non é a papuxa máis común en Galicia (só localmente o é), e no Grove non está en aumento.
- **124 e 125** (inf.): papuxa de cabeza negra (*Sylvia melanocephala*). Hoxe *Curruca melanocephala*.
- **126 e 127** (sup.): picafollas común (*Phylloscopus collybita* sub. *ibericus*). Hoxe son dúas especies en Galicia: picafollas europeo (*P. collybita*), invernante, con algunhas parellas dispersas criando; e picafollas ibérico (*P. ibericus*), estival común. O P. cantor é hoxe picafollas musical (*Phylloscopus trochilus*), común en migración. **126 e 127** (inf.): estreliña riscada ou reiciño das fragas (*Regulus ignicapillus*). Actualmente é estreliña riscada (*Regulus ignicapilla*). No Grove vese todo o ano. Non hai evidencias en Galicia de aves doutras latitudes.
- **128 e 129** (sup.): ferreiriño cristado (*Parus cristatus*). Actualmente *Lophophanes cristatus*. A

especie está presente no Grove, en número escaso. **128 e 129** (inf.): ferreiro abelleiro, común ou carboneiro (*Parus major*). Hoxe ferreiro real. Non é o terceiro passeriforme máis común de Europa. Hai boas poboacións noutras áreas ibéricas. Só hai evidencias dunha ave de orixe británica en Galicia.

- **130 e 131** (sup.): ferreiriño común (*Parus ater*). Hoxe ferreiriño dos piñeiros (*Periparus ater*). Presente tamén en arborado caducifolio. **130 e 131** (inf.): ferreiriño bacachís (*Parus caeruleus*). Hoxe ferreiriño azul (*Cyanistes caeruleus*). A presenza invernante de aves de fóra de Galicia non é segura. Os comedeiros invernais para aves son innecesarios.
- **132 e 133** (sup.): rubideiro, gabeador das árbores ou arceoxín (*Certhia brachydactyla*). Hoxe subidor común. **132 e 133** (inf.): gralla cereixeira ou corvo cereixeiro (*Corvus monedula*). Actualmente gralla pequena. Nas Rías Baixas hoxe só cría en Ons.
- **136 e 137** (sup.): corvo viaraz ou corvo pequeno (*Corvus corone* sub. *corone*). Actualmente corvo viaraz, e así debería figurar no comezo do texto. **136 e 137** (inf.): corvo carnazal, montañés ou grande (*Corvus corax*). Hoxe corvo carnazal. En Europa está en expansión. Compárase cos *corvos viaraces*.
- **138, 139 e 140**: estorniño negro, estornillo e destornillo (*Sturnus unicolor*). Hoxe estorniño negro. Tamén se menciona no texto o estorniño pinto (*Sturnus vulgaris*). A barreira dos Pirineos é moito máis antiga que as glaciacións que explican a separación de estorniños negros e pintos.
- **140 e 141**: ouriolo, ouriol ou vichelocrego (*Oriolus oriolus*). Hoxe ouriolo europeo. Non é común.
- **142 e 143**: pardal común (*Passer domesticus*). Menciónase ao P. orellero, hoxe pardal montés (*Passer montanus*), que é pouco común en Galicia.
- **144 e 145** (sup.): pimpín común (*Fringilla coelebs*). Pescozo e *gorxa* vermellas. “(2)” indica o número de roladas. **144 e 145** (inf.): pimpín real (*Fringilla montifringilla*). Actualmente pimpín do norte. Antes de 1992 xa había algunhas citas nas Rías Baixas.
- **146 e 147** (sup.): xirín (*Serinus serinus*). Hoxe xirín europeo. “(2)” indica o número de roladas. **146 e 147** (inf.): pincaouro ou lugano (*Carduelis spinus*). Hoxe úbalo eurasiático (*Spinus spinus*) (Fig. 2).



▲ Fig. 2. Exemplo de textos e debuxos publicados en *Aves da Costa* (páxinas 146 e 147).

- **148 e 149** (sup.): verderolo común (*Chloris chloris* – *Carduelis chloris*). Hoxe verderolo europeo (*Chloris chloris*). “(2-3)” indica as roladas. **148 e 149** (inf.): xílgaro (*Carduelis carduelis*). Hoxe xílgaro europeo. Hoxe é máis común en Galicia.
- **150 e 151** (sup.): liñaceiro ou pardillo (*Acanthis cannabina*–*Carduelis cannabina*). Hoxe liñaceiro de bico escuro (*Linaria cannabina*). **150 e 151** (inf.): paporrubio real (*Pyrrhula pyrrhula*). Actualmente cardeal europeo. No Grove crían varias parellas.
- **152 e 153** (sup.): escribenta nival (*Plectrophenax nivalis*). Actualmente escribidor das Neves. **152 e 153** (inf.): escribenta liñaceira (*Emberiza cirrus*). Actualmente escribidor de papo negro. “E. real” refírese ao escribidor amarelo (*Emberiza citrinella*).
- **154 e 155** (inf.): escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*). Hoxe escribidor das canaveiras. Cría disperso e en escaso número entre Valdoviño e A Guarda; no Grove xa non nidifica. “En perigo de extinción” en Galicia e en España [REF. 17, 18].
- **APARTADO “ACHADOS”:**
 - **159:** ganso cabecinegro (*Branta berriola*, sic), hoxe ganso de cara negra (*Branta bernicla*).
 - **160:** gansa ferruxenta (*Casarca ferruginea*), hoxe tadorna ferruxenta (*Tadorna ferruginea*).

○ **APARTADO “OUTRAS AVES PRESENTES”:**

- **163** (sup): somorgullo orelleiro, actualmente mergullón de pescozo negro (*Podiceps nigricollis*). **163** (centro): miñado queimado ou negro, hoxe miñado negro (*Milvus migrans*). **163** (inf.): azor común, hoxe azor eurasiático (*Accipiter gentilis*), o cal é frecuente no Grove.
- **164** (sup.): corvo mariño cristado (*Gulosus aristotelis*). **164** (centro): parrulo rabilongo ou havelda, hoxe havelda (*Clangula hyemalis*). **164** (inf.): parrulo chupón, actualmente parrulo eurasiático (*Aythya ferina*); declive en Galicia.

Discusión xeral da obra:

En termos xerais, *Aves da Costa* é un libro moi traballado, vistoso e certamente meritório para un rapaz de catorce anos. Algúns textos, como o do bilurico bailón (=bilurico das rochas) ou o do corvo viaraz foron moi evocadores, e destilan experiencia de campo. Outros, como o texto do bilurico pativerde, son mellorables. Os debuxos son en xeral correctos, coas particularidades sinaladas na anterior entrega [REF. 19]. O deseño do libro é tamén de calidade notable.

Valoración de *Aves da costa*, trinta anos despois:

Textos: 7/10. Debuxos: 8/10. Deseño xeral: 7/10.

Erros e omisións da REF. 19: o texto de bilurico común (*Tringa totanus*) e bilurico pativerde (*Tringa nebularia*) debería referirse ás páx. **64 e 65**. Para a avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*) debe figurar “**90 e 91** (inf.)”. O nome científico do picapeixe é *Alcedo atthis* (páx. **90 e 91**). Tamén se omitiu a bibliografía completa, que se detalla a seguir:

Referencias bibliográficas (anterior artigo [REF. 19] e presente artigo):

[REF. 1] Penas, X. M.; Pedreira, C. & Silvar, C. 1991. *Guía das aves de Galicia*. Bahía Edicións. [REF. 2] De Viveiro, X. 1989. *As donas do vento*. Xerais. [REF. 3] Fernández de la Cigoña, E. 1989. *Viaxeiras da auga. Aves mariñas e acuáticas de Galicia e norte de Portugal*. Xerais. [REF. 4] Fernández de la Cigoña, E. 1994. *Aves da bisbarra de Vigo: a cidade, o concello e a ría*. Ediciones Cardeñoso. [REF. 5] Curt, J. 1978. *Galicia viva la fauna gallega y algo más*. Editorial José Curt Martínez. [REF. 6] Callejo, A. (coord.) 1987. *Censo invernal das aves acuáticas en Galicia. Ano 1987*. Xunta de Galicia. [REF. 7] Callejo, A. (coord.) 1990. *Censo invernal de aves acuáticas en Galicia. Anos 1988- 1989*. Xunta de Galicia. [REF. 8] Álvarez, A.; Caamaño, V. M.; Rey, X. L.; Rodríguez, Á. & Rodríguez, J. 1991. *A enseada Umia-O Grove*. Asociación de Ensinantes do Salnés (Candeia). [REF. 9] Romay, C. D. 1995. *Aves da costa*. Colección Natureza, 3. Xunta de Galicia. [REF. 10] González, M.; Cerradelo, S.; Penas, X. M.; Romay, C. D. (coords.); Álvarez-Balbuena, F.; Fernández, F.; González, S. J.; Jiménez, M.; López, R.; Sánchez, M. D.; Santamarina, A. & Taboada, J. 2024. *Os nomes galegos das aves de Galicia e de España*. Real Academia Galega. URL: doi.org/10.32766/rag.442 (con acceso: 2.1.2025). [REF. 11] Billerman, S. M.; Keeney, B. K.; Rodewald, P. G. & Schulenberg, T. S. (ed.) 2024. *Birds of the World*. Cornell Laboratory of Ornithology. URL: birdsoftheworld.org/bow/home (con acceso: 2.1.2025). [REF. 12] Rouco, M.; Copete, J. L.; De Juana, E.; Gil-Velasco, M.; Lorenzo, J. A.; Martín, M.; Milá, B.; Molina, B. & Santos, D. M. 2022. *Lista de las aves de España. Edición de 2022*. SEO/BirdLife. URL: https://seo.org/nueva-lista-de-las-aves-de-espana/ (con acceso: 2.1.2025). [REF. 13] Duivendijk, N. & Guyt, M. 2024. *Aves de Europa*. Lynx Edicions. [REF. 14] Elias, G. 2022. *Aves de Portugal Continental: Lista Anotada - Edição 2022*. Edita Gonçalo Elias. [REF. 15] Romay, C. D.; Fontoira, A.; Piñeiro, X.; Ferreiro, G.; González, E. & Sanmartín, P. A. 2017. Vertebrados mecos. IV: aves do municipio do Grove (parte 1: especies nidificantes). *Aunios*, 22: 11-15. [REF. 16] Romay, C. D.; Fontoira, A.; Piñeiro, X.; Ferreiro, G.; González, E. & Sanmartín, P. A. 2018. Vertebrados mecos. V: aves do municipio do Grove (parte 2: especies non nidificantes). *Aunios*, 23: 84-88. [REF. 17] Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas. [REF. 18] Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas. [REF. 19] Romay, C. D. 2024. “Aves da Costa” revisitada, trinta anos despois (I). *Aunios*, 29: 34-38. [REF. 20] Klvaňová, A.; Šilarová, E.; Voříšek, P.; Gamero, A.; Gregory, R.; Škorpilová, J. & Rivas-Salvador, J. 2024. *Pan-European Common Bird Monitoring Scheme*. URL: pecbms.info/european-wild-bird-indices-2024-update/ (con acceso: 2.1.2025). [REF. 21] Davis, J. 2024. *The slender-billed curlew is declared extinct*. Natural History Museum. URL: nhm.ac.uk/discover/news/2024/november/the-slender-billed-curlew-is-declared-extinct.html (2.1.2025). [REF. 22] Dirección Xeral de Patrimonio Natural. 2024. *Censo e seguimento da poboación reprodutora de distintas especies de aves mariñas durante o ano 2022 en Galicia*. Xunta de Galicia. [REF. 23] López-Jiménez, N. (ed). 2021. *Libro Rojo de las aves de España. Edición revisada 2021*. SEO/BirdLife. URL: seo.org/libro-rojo-2021/ (con acceso: 2.1.2025).

Os derradeiros cabreiros da Illa da Toxa

Por: Francisco Meis Durán

A toponimia galega é unha disciplina fundamental para entender a historia, a cultura e a lingua do territorio proporcionándonos información valiosa sobre a evolución da lingua galega, as súas orixes e as influencias doutras linguas ao longo do tempo, polo que é sumamente importante o seu estudo no municipio para poder comprender as orixes dos lugares da vila meca.

A mediados do século XX, o primeiro director do Museo de Pontevedra, D. Casto Sampedro Folgar, interésase polo Grove e pregúntalle ao médico e amigo, Jacobo Otero Goday a razón de por que denominase á illa da Toxa, co topónimo de Louxo. Installe para que faga todo o posible por pescudalo. Don Jacobo ao chegar ao Grove, falarao co maxistrado Cayetano Vázquez -o dono da casa do balcón na praza de arriba- e co seu irmán, Paco Otero, que non dubida en poñerse a investigalo. O que lle relatou este último, nunhas notas manuscritas que se conservan no Arquivo da Gatiñeira baixo a custodia de Francisco Sabell Salgués, permítenos descubrir hoxe en día algo que supoñíamos pero que non tiñamos documentado. No texto explícalle o que atopou sobre a cuestión que lle expón e brindaralle máis información sobre a toponimia da illa da Toxa, desvelándonos un feito inédito sobre o topónimo de A Cabreira;


“[...] que o promontorio norte da illa chamábase Punta Cabreira porque varios veciños do Grove levaban alí cabras onde estaban en plena liberdade noite e día e ían buscar as crías cando estaban comestibles. Díxenlle tamén que o lugar de Ardea...”



Postal fotográfica de 1909. Lugar da Cabreira

A lectura lévanos ás seguintes reflexións; dende cando os grovenses levaban cabras a esa parte da illa? Quen son os descendentes destas familias? Cando tivo lugar a orixe do topónimo? As respostas son difíciles de obter, con todo, despois

de investigalo, logramos achegar luces na escuridade do paso do tempo; atopamos quen foron os últimos, ou posiblemente os últimos, cabreiros da Toxa e puidemos mirar ao pasado coa perspectiva de entender a antigüidade do topónimo e o costume que tiñan os grovenses de deixar os seus gandos na illa.



Fotografía das cabras en 1946. Fotografía actual do entorno de Punta Cabreira. 2025

Nunha das fotografías que ilustran este artigo obsérvanse unhas cabras que baixando polo monte, chegan a unha praia e detrás, no anverso da fotografía traía escrito a man, unha anotación; *“Playa de Punta Cabreira. La Toja. 1946”*.

Este é o único documento gráfico coñecido que demostra a tradición secular de trasladar estes animais ao lugar, e que deu nome desde a antigüidade, a un enclave de explotación comunal que foi privatizándose co paso dos séculos. Na imaxe móstranse unhas cabras que un turista ocasional decide fotografar por resultarlle costumista observar a aqueles animais soltos nun enclave turístico de primeira orde como era A Toxa naqueles anos. A súa acción dános un testemuño dun feito histórico que por resultar común e intrascendente, ninguén do Grove, fotografaría.

Sobre a orixe do topónimo de Punta Cabreira dános idea da súa antigüidade unhas escrituras de compravenda de terreos datadas no século XIX, que nos permite concluír que a súa existencia, como mínimo, supera o século e medio, e mesmo probablemente, pérdase nos tempos se temos en conta que a comunidade grovense foi antes labradora que mariñeira e que a illa da Toxa foi, polo menos, desde a baixa Idade Media, lugar de pastoreo de gando -vacas polo menos- que trasladaban os veciños da pequena aldea da Graña como o núcleo poboacional de Ardia, cando as mareas permitían. Por tanto, non é desatinado aseverar que o feito de trasladar animais á illa e, concretamente cabras á punta norte, foi desde sempre unha actividade gandeira que levaron a cabo as xentes do Grove desde tempos inmemoriais. A chegada da explotación das augas para mediados do século XIX foi mingando a superficie para este aproveitamento comunal ata a súa desaparición case por completo a mediados do século XX.



José Fraga Bea e María Mascato Padín.

A configuración xeográfica de Punta Cabreira experimentou cambios notables ao longo do tempo. Ata a década dos 60, un estreito istmo e unha extensa lagoa delimitaban o acceso á punta. Con todo, obras de recheo motivadas posiblemente polo campo de golf, ampliaron considerablemente esta zona, transformando o seu contorno. Este illamento histórico, produto da súa xeografía, faino propicio ademais, para poder manter controlado en certa medida un núcleo zoolóxico de animais.

Os derradeiros grovenses que levaron estes animais á punta norte da illa da Toxa foron a familia Fraga Mascato. A parella formada por José Fraga Bea nacido nunha vivenda terrea no lugar de Conricado, e María Mascato Padín nacida na Tafona, comezaron unha vida en común na que naceron cinco fillos;

Francisca Rolendis, a maior, Blanca, Jose Antonio (Tucho), Raúl e María Fraga Mascato. Os recordos de Blanca trasládannos á infancia onde visualiza na memoria a súa irmán Francisca (Rula) levando as cabras a illa da Toxa para deixalas, pastando durante todo o día, no entorno de Punta Cabreira.

Jose Fraga, María Mascato e parte dos seus fillos, foron os derradeiros cabreiros que posiblemente, sen ser conscientes da súa contribución á historia toponímica da vila grovense, continuaron a historia secular que desenvolveron os mecos durante décadas no entorno da illa. Pecharon a historia dun labor gandeiro ancestral de subsistencia para deixarnos a fría soidade do patrimonio inmaterial que son os topónimos, e os recordos daqueles que como Blanca, Raúl e Jose Antonio aínda poden conter viva e presente, a memoria dos seus pais como os derradeiros cabreiros da Illa da Toxa. A todos eles, aos que están e aos que nos deixaron, vai adicado este artigo.



RUA DE CASTELAO, 116-TEL. 986 73 01 86
O'GROVE

EFFECTOS NAVALES



TARACIDO, S.L.

Representaciones de:



Artículos de pesca
Equipamientos para pesca
submarina y buzo
Pesca deportiva

Marqués de Valterra, 73
ESTRIVELA - Pontevedra

Teléf. 986 88 15 00 - 986 88 15 04
Fax : 986 89 05 59

**ENOVIN**
asesoria vinicola

**Análisis
de
Vinos**

ASESORAMIENTO BODEGAS-PRODUCTOS ENOLÓGICOS

Ponte Dena, 28 bajo - 36967
DENA - Meaño (Pontevedra)



699 346 054

Manuel Rodiño



NANTA

Pavo 

ARION

**TODO PARA O CAMPO
E O XARDÍN**

**FITOSANITARIOS, SEMILLAS
PLANTAS E MACETAS
PRODUTOS ECOLÓXICOS
PATACAS**

**SERVICIO A DOMICILIO
986 73 11 36**



CONSTRUCCION Y REHABILITACIÓN:

- Viviendas colectivas
- Viviendas unifamiliares
- Locales comerciales
- Establecimientos de hostelería
- Naves e instalaciones

ap
alvarez prol
CONSTRUCCIONES s.l.
www.alvarezprol.com



Calle Sineiro, 18 • Teléfono 986 730 275 • Fax 986 730 974 • 36980 O GROVE (Pontevedra) • info@alvarezprol.com

PANADERÍA - BOLLERÍA
Rosita
Más de 50 años su servicio

ESPECIALIDADES:
Pan artesano • -Empanadas variadas
Brazos de gitano • Roscas



Rúa Progreso, 74 / 36970 / Portonovo – Sanxenxo
Telfs: 986723062 / Móbil: 662464388

Pepa A Loba
Bar - Tapería

Especialidades en: Arroz de bogavante, de mariscos...
Peixes e mariscos variados, paellas, caldeiradas, tapas



Rúa Rafael Picó, 38 • 36970 Portonovo - Sanxenxo • Telf: 662464388

A electrificación da Illa de Ons

Por: Mateo Fontán Couto

O 24 de decembro de 1958 bendiciase nun local de Pontevedra (non especificado) as instalacións produtoras de enerxía destinadas á Illa de Ons. A idea era facelo na propia illa, mais o temporal que azoutaba a ría provocou desbotar esta opción. Na fotografía de Graña que *El Pueblo Gallego* publicou, e que tamén traemos a este artigo, obsérvase ao fatado de autoridades no acto de beizón do grupo electrógeno correspondente a Ons. Un grupo electrógeno composto por un motor a gasoil de 40 cabalos; un alternador de 20 KVA e un transformador de 30 cabalos. A maquina posuía un baño de aceite illante, amais dous cadros de mandos para o alternador e a rede de distribución, e as proteccións.

O proxecto era iniciativa do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, dentro do plan de electrificacións na provincia, un programa que nun principio non incluía á illa. A Junta Provincial de Electrificación fora creada por Decreto de 25 de xuño de 1954 coa finalidade de proporcionar enerxía eléctrica a entidades que non dispoñían dela. A súa función consistía na elaboración dun plan concreto de electrificación, cuxas actuacións proporíanselle ao Ministerio de Industria. Entre as competencias deste organismo público estaban a de emitir informes técnicos ou tramitar as peticións de materiais eléctricos. Constituían o gobernador civil como presidente e como vicepresidente o enxeñeiro xefe da Delegación de Industria. Os vogais permanentes eran o presidente da Deputación e os presidentes das cámaras agrarias, un representante das cámaras de comercio e de industria, accidentalmente, os alcaldes e os directores de empresas eléctricas.

Á altura do decembro de 1957 o proxecto para electrificar a Illa de Ons xa estaba rematado, fora presentado por Teodoro Grandín Limeses e roldaba as 500.000 pesetas, tal e como se reflicte na prensa da época. Xa en xullo de 1958 emítese a orde de comezo para as obras nos barrios de Pereiró, Canexol, Chan da Polvora, Curro, Caño, Laverco, Cocorno e Centulo; amais estas afectarían tamén á escola, á igrexa e ao faro.


No Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra e mais no Arquivo Municipal de Bueu consérvase documentación relativa á electrificación da Illa de Ons. Trátase de unidades documentais compostas por proxectos, expedientes, xustificantes de pago, minutas, certificados, documentación administrativa e técnica enviada ao I.N.C. (Instituto Nacional de Colonización), planos, autorizacións, etc. Abrangue este corpus datos dende o ano 1958 até 1967.

Por mor da reclamación dunha factura realizada por Motores Pazó, pola reparación do campo electrógeno da Illa de Ons, a Subdelegación do Goberno instou ao I.N.C. a aclarar o asunto. Deste xeito coñecemos unha minuta, con timbre da Comisión Provincial de Servicios Técnicos de Pontevedra, enviada polo gobernador civil con data de 8 de xuño de 1967, e da que se desprenden os antecedentes solicitados da electrificación na illa.

Así, en marzo de 1959 a Junta Parroquial de la Isla de Ons realizou unha petición ao I.N.C. dunha subvención para electrificar Ons, a demanda foi concedida un 4 de decembro de 1961. A Obra Social del Movimiento levou a cabo os traballos coa intención de reintegrarse posteriormente, e até o alcance concedido, a subvención do I.N.C., cuxo primeiro prazo estivo composto por un importe líquido de 36.695,00 pesetas.



Presentación do grupo electrógeno. 1958. Foto: Graña?.
Fondos Gráficos do Servizo de Patrimonio Documental e Gráfico da Deputación de Pontevedra



Beizón do grupo electrógeno. 1958. Foto: Graña.
Fondos Gráficos do Servizo de Patrimonio Documental e Gráfico da
Deputación de Pontevedra

de Colonización adeuda a la Junta Parroquial de la Isla el segundo plazo de la subvención concedida en 4 de diciembre de 1961, por el importe íntegro de 38.250,00 pesetas.

Es cuanto me permite informar sobre el particular interesado».

O resto da documentación convida a corroborar o que este ditame relata. A meirande parte da que se conserva no Arquivo Municipal de Bueu focaliza a través dun nutrido número de misivas enviadas no 1965 neste asunto entre a Constructora de Motores Pazó, O Instituto Nacional de Colonización (Subdelegación de Ourense) e o Concello de Bueu; para simplificar, e polo que deducimos da devandita minuta, obsérvase que á altura de 1967 o problema aínda non estaba resolto.

Mais entre os papeis de índole administrativa e burocrática tamén topamos con outros que reflicten episodios dunha natureza máis «curiosa», para o que este tema reclámanos. Poderíamos sinalar, por exemplo, a inspección que na illa fixo a Sección Femenina e da que posuímos informe datado o 10 de abril de 1959, onde se indica que a pesar de que os colonos están moi contentos e agradecidos en xeral pola instalación existe certa desconformidade coa empresa encargada da mesma polo elevado do prezo do servizo e tamén polo limitado do tempo (de media hora a dúas horas) de luz. Á súa vez infórmase

Neste contexto, o Concello de Bueu, en calidade de Administrador da Illa, solicitara o 13 de novembro de 1963 da Obra Social del Movimiento a cifra de 10.000 pesetas (noutros documentos fálese exactamente de 10.009 ptas.) para a reparación do motor de enerxía eléctrica. A pesar de que nun primeiro momento a petición foi concedida finalmente as 10.000 pesetas «no le fueron libradas» ao Concello de Bueu, xa que ao parecer incumpriu un trámite previo administrativo de xustificación do seu abono. Isto deu lugar a unha trama que se enconou un tanto no tempo, tal e como demostra o vulto documental.

No 5º punto da minuta o gobernador civil escribe:

«Por último, al hacerme cargo de este Gobierno Civil, decidí disolver la Obra Social del Movimiento y librar, sin el trámite de previa justificación, todas las subvenciones concedidas, lo que se hizo con el ayuntamiento de Bueu, por el total importe del primer plazo de electrificación de la Isla de Ons, recibido del I.N.C. –según se indicó en el número 3º de este informe– que ascendía a 36. 695, 00 pesetas. Este abono se hizo en fecha 14 de junio de 1965.

De lo dicho se desprende que la cantidad de 10.000,00 pesetas que se le habían concedido al Ayuntamiento de Bueu en 13 de diciembre de 1963, no fueron libradas al mismo por no haber cubierto el trámite de justificación, si bien se le libró una mayor cantidad por las 36.695,00 pesetas, que constituía, por así decirlo, el total saldo de la cuenta para atenciones de electrificación en la Isla. Se ignora el destino que el Ayuntamiento haya dado a la citada cantidad».

No 6º e derradeiro punto do informe lemos:

«Por último, debo advertirle que según los datos de mi conocimiento el propio Instituto Nacional

que un «torrero» fixera gratis a instalación a dúas familias (das que se procura o nome no informe) polo que os técnicos negáronse a lles dar luz. Xunto a isto, facilitáanse os nomes dos que non poden pagar a instalación «por ser muy pobres» e tamén aqueles que solicitan crédito.


Aparece tamén unha carta manuscrita da Mestra Nacional encargada das clases na illa, Carmen Tomé Loureiro. Nela quéixase do persoal encargado da electrificación na zona, pois terminando o traballo deixaron á marxe o edificio da escola, co negativo que levaría consigo tal decisión. A carta obtivo resposta positiva para a mestra preocupada.

No tocante a aspectos máis técnicos, e entre os moitos datos manexados, poderíamos indicar que para xaneiro de 1959 o presuposto de toda a rede de baixa tensión necesario para a electrificación de Ons estimábase en 25.809,03 pesetas. Entre as empresas que realizaron os diferentes traballos necesarios xa citamos anteriormente a Teodoro Grandín Limeses, encargado, amais da rede de baixa tensión, da instalación eléctrica da caseta do grupo electrógeno, as tomas de terra regulamentarias, e outras accións; sabemos que os emblemáticos Talleres Pazó de Pontevedra realizaron a instalación do grupo electrógeno composto de motor modelo «Delfín PM4B» de 4 cilindros e 40 cabalos co seu equipo de alimentación de combustible, o zócalo para a fixación do grupo e o dispositivo de axuste entre o motor e o alternador. A estes podemos sumar outros nomes comerciais como Lámpara «Metal» La novia del Sol; Maderas Santiago Pardo Caldelas, responsable da feitura dos postes ou a CAMPSA, encargada do subministro semanal de 300 litros de gasoil que o grupo electrógeno necesitaba na altura do maio daquel 1959.

No variado da papelada sacamos datos sobre os xornais dos albaneis, carpinteiros, canteiros... así como dos materiais empregados no proxecto, tendo no fio de cobre un reiterado protagonista.

O 6 de marzo de 1959 o Gobernador Civil escribe ao Director Xeral de Industria para lle informar do fin das obras que finalmente superarían as 400.000 pesetas de importe. Debido a isto aproveita para solicitar unha subvención: «habida cuenta que el presupuesto de dichas obras superó con mucho las posibilidades de esta junta». Porén, a documentación revela que para 1962 aínda se acometen actuacións na illa correspondentes ao plan de 1959.

Nunha rápida ollada cara á actualidade imos colectando noticias sobre a electrificación no arquipélago. En 2010 o Partido Popular instou a levar o cableado eléctrico submarino até Ons, nunha actuación que estaría englobada nas executadas para o Parque Nacional Illas Atlánticas. O B.O.E. chegaría a publicar a obra do cable submarino que iría de Portonovo até a metade do traxecto e uniríase con outro tendido dende a illa. No 2013 Ons seguiría sen luz eléctrica 14 horas ao día polo elevado custo do cable submarino, quedando o proxecto aprazado sen data futura de execución.



Carta de Carmen Tomé Loureiro. (Foto do autor).

Para 2019 xurdiu o denominado proxecto «*Tutatis near zero Emissions*» onde a Autoridade Portuaria de Vigo, xunto coa Xunta de Galicia, o Ministerio de Industria e a Unión Europea pretenden converter Cíes e Ons en illas autosuficientes en materia enerxética no prazo de 3 anos, en 4 fases e cun presuposto de dous millóns de euros. O subministro eléctrico chegaría mediante fontes fotovoltaicas e gas natural licuado, entre outros aspectos.

En setembro de 2024 o Cárping de Ons adoptou un proxecto de autosuficiencia enerxética cunha subvención do IMEGA (dependente da Consellería de Economía e Industria) acadando un carácter máis ecosostible mediante a substitución da instalación existente de almacenamento eléctrico. Amais, recentemente entre O Curro e o campamento da Xunta retirouse tendido eléctrico aéreo, para mellora do servizo e a paisaxe. Tamén se valorou a instalación de paneis fotovoltaicos para cubrir as necesidades enerxéticas. Ao parecer, con enerxías renovables o arquipélago, que hoxe posúe servizo gratuíto tan só 10 horas ao día, asumiría o 70% do consumo enerxético. Así mesmo, a empresa General Energy deseñou un grupo electrógeno para abastecer de enerxía ecolóxica a Illa de Ons, o proxecto pódese consultar abertamente na Internet.

Cos futuribles no horizonte, hoxe en día a illa sobrevive con 4 xeradores (dos cales un non funciona), alternándose dous con outro de menor tamaño. As candeas e as antigas lámpadas de carburo cederon o seu posto ás lanternas, que aínda se fan notar na ensombrecida illa.



Actuais xeradores eléctricos. (Fotos do autor).

FONTES

Arquivo Deputación de Pontevedra:

Xunta Provincial de Electrificación. *Expediente De Mellora De Electrificación Rural Na Illa De Ons*. (1959-1967). (Sinatura 2595/5).

Deputación de Pontevedra. *Expediente De Electrificación Da Illa De Ons No Concello De Bueu* (1959). (1959-1966). (Sinatura 2091/6).

Arquivo Municipal de Bueu:

Concello de Bueu. *Expediente De Obras De Electrificación Na Illa De Ons* (1965-1967). (1965-1967). (Sinatura 476/1).

Hemeroteca: *Atlántico*, *El Correo Gallego*, *EL Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo*, *La Noche*, *La Voz de Galicia* e *Pontevedra Viva*.

Grupo Electrónico para generación de agua caliente sanitaria. [En liña], [consulta: 20/10/2024]. Dispoñible en https://issuu.com/genesalenergy/docs/es_-_cogeneracion

Onstopus, nº6, 2020 (2º xornal mes de xuño) e nº7, 2020 (3º xornal mes de xuño).

DA PIRATERIA E DO CORSO ANTIGOS

Por: Gerardo Dasairas Valsa


Moitos dos numerosos actos bélicos, cualificados como de piratería (asaltos, roubos, pillaxe, escravismo...) tiñan detrás as chamadas patentes de corso coas que os países inimigos, por razóns de guerra territorial ou de relixión, permitían e apoiaban este tipo de, chamémoslle, guerra sucia para minar a moral e a economía inimiga, ao tempo que lles producía rendementos persoais aos corsarios. Quen semellaban actuar por conta propia, aínda que vendéndose por veces ao mellor postor, foron os máis modernamente chamados filibusteiros e bucaneiros do Caribe, perseguidos e marxinados polas xustizas dos países colonialistas e máis próximo a nós, xa no século XIX, temos ao coñecido Benito Soto. Hai que dicir que xa desde moi antigo, as febles e escasas leis que se ditaban, xa consideraban ilegal a práctica da piratería.

A PIRATERÍA VIQUINGA

Instalados na cultura da pillaxe e do saqueo, a piratería viquinga non precisaba, polo que sabemos, de ningún permiso específico ou de corso para practicala, aparecendo a acumulación de riqueza e os escravos como motores das súas razzias iniciais. Actualmente xurdiron algunhas teses que centran o rapto das mulleres como obxectivo importante dos nórdicos pola carencia destas nas súas terras (?). Non sabemos se as féminas galegas formaban parte do tributo que tivo que pagar Santiago cando subindo os nórdicos por Arousa e o Ulla sitiaron a cidade no ano 858, pero sen conquistala, grazas á chegada do exército do conde Pedro que os fixo fuxir perdendo incluso algúns barcos. Mais, o que si sabemos de certo, é que tiñan un obxectivo prefixado nas sés arcebispais e nos mosteiros aos que consideraban posuidores de riqueza e sobretudo a Terra de Santiago (Jacobusland) á que acudían milleiros de peregrinos e recibía importantes donacións de reis e nobres. Despois de se estableceren en Normandía, as súas razzias foron máis frecuentes coa clara intención de asentarse tamén en Galicia para utilizar o país como punta de lanza para as súas incursións. Así, aínda aparecen en 1014 polas nosas costas atacando Castropol, Betanzos e Arousa e entrando no 1015 río Miño arriba, arrasando Tui e chegando incluso a Ribas de

Sil, o Courel e Lugo. Contodo, as incursións pola ría de Arousa, polo Miño ou visitando as Cies son os referentes documentais máis próximos que temos ao Morrazo e ás súas rías, carentes aínda de centros de interese, enténdase grandes poboacións ou mosteiros, para a pillaxe nórdica. Porén, os estudosos navais veñen certificar a súa presenza no noso ámbito pola construción dos cascos ao trínque (semellante ao dos drakkars) que mostran as dornas, os carochos do Miño, os trincados (barcolongo - galeón) ou as dornas, a embarcación máis emblemática das nosas rías ata a chegada das lanchas do xeito.

Por se isto fose pouco, tamén se téñen constancia no citado período, xa desde o ano 841, da presenza de naves islamitas que comezaron a chegar ata Galicia perseguindo aos viquingos primeiro e realizando incursións marítimas de retagarda como a de 899 que desbarataría un temporal que se levantou cando navegaban entre Cies e Ons. Estas accións de guerra árabes, integradas no contexto da Reconquista, dirixíanse especialmente contra os pescadores e poboacións costeiras o que obrigaba aos galegos a refuxiarse e a asentarse en poboacións lonxe da costa. Por isto, é fácil deducir que as naves árabes, ao contrario que as nórdicas, só exercían actos de piratería na costa e nas illas, incordiando as faenas pesqueiras pois Galicia aínda carecía nestes intres de naves de guerra coas que poder enfrentarse a eles. A causa destas invasións, sería o bispo iriense Sisnando quen come-



Ataques viquingos



Nave medieval normanda


zase a estender os castelos polo seu territorio pero na ría de Vigo só hai unha vaga referencia á destrución do castelo de Sampaio na invasión de Almanzor do ano 997. Quizáis fose despois desta data, ao reconstruírse este castelo de Luto (lodo), chave das comunicacións terrestres con Santiago (via romana *per loca marítima*), cando se abordase por disposición real, a construción do castelo de Aravo (Darbo) para darlle acobillo aos veciños desta parroquia e da contorna en caso de perigo. Non cabe dúbida que nestas datas, Darbo co seu castelo e Hermelo co seu mosteiro actuaron cada-
seu como os principais centros do poder civil e relixioso da chamada Terra Morratium. Mais, algúns destes castelos resultaron ser tan febles que ao seren tomados, servían de refuxio aos mesmos invasores, motivando que o rei Afonso VI ordenase derrubalos como lle aconteceu ás Torres do Oeste, chave e garda da ría de Arousa e de Santiago. Nesta decisión tería moito que ver o cesamento das incursións nórdicas ao se teren convertido estes pobos ao cristianismo.



Recreación dun episodio de saqueo e pillaxe

ATAQUES ALMORÁVIDES

Arredor do ano 1100, en tempos do bispo Xelmírez, este decidiría reconstruír os castelos, o que non evitou que naves musulmás andalusíes saqueasen os castelos de Pontesampaio e da Lanzada, atacando as Torres do Oeste. Xa que logo, ante a impotencia, o prelado decidiría a construción dunhas naves, primeira armada atlántica da historia (antes foi a de Aragón no Mediterráneo), para combatelos nos seus portos de partida, escollendo como estaleiros un lugar perto de Pontecesures. Agás a feitoría de pequenas naves de pesca e carga, en Galicia non había coñecementos para facer naves de guerra, nin do uso de grandes velames para surcar altos mares. Por isto, Xelmírez decide recorrer primeiro ao xenovés Auxerio, construtor e experto mariño, para que armase dúas naves birremes que foron definidas polas nosas xentes como *galeas* (galeras), semellantes aos *dromon* bizantinos cun espólón de proa e remos.



Reconstrución ideal dunha galea de Xelmírez

O éxito das expedicións galegas de Xelmírez en territorio musulmán (cara a Lisboa) con perto de douscentos homes embarcados, expertos na mariña e na guerra, non só conseguiría devolver con lume e ferro as incursións dos agarenos, senón que o arcebispo resarciría as súas arcas coa décima parte das capturas (naves de carga, prisioneiros, botíns, liberación de presos...) e a amortización da construción das naves. Anos despois e ante a falta de conservación destas galeras tivo que recorrer a un experto chamado Fuxon que era natural de Pisa para que armase unha destas naves coa mesma intención de exercer o corso en terras dos árabes. Entre as accións de guerra protagonizadas por esta “armada galega” destaca a que tivo lugar na ría de Vigo onde os irienses localizan a uns piratas árabes que se tiñan agochado durante días en Sálvora, Ons e Cies. As catro naves da flotiña árabe foron interceptadas cando xa retornaban de abastecerse perto de Pontesampaio e deste combate só conseguiría salvarse un dos barcos inimigos, moi lixeiro, que se escorreu entre as galeras dos galegos.



Perama turco-berberisca

A segunda acción destas galeas de Xelmírez tería lugar cara ao ano 1112 cando o nobre Arias Pérez se declara en rebeldía contra o bispo e máis a raíña Urraca, ausente de Galicia, declarándose partidario do rei de Aragón xunto cos nobres Paio Gudesteiz e Rabinado Núñez. Estes dous tiñanse refuxiado cadanseu nos castelos de San Paio de Luto e de Darbo (Aravo), respectivamente, facendo pacto de pillaxe con tres barcos que se supoñen que fosen da flota de Hacon Paalssen, conde das illas Orcadas, rumbo a Terra Santa. O carácter nórdico destes, acostumados ao saqueo e a posibilidade de enriquecerse como pactaron cos proscritos galegos, xustifica sen dúbida esta puntual adhesión *pois andaban a entrar nas igrexas e arrebatában todo canto atopaban, incluso as persoas que nelas se refuxiaban: Nada os detiña e só atendían a xuntar cartos por calquera medio*. E outra vez, con expertos mariñeiros de Iria e da Lanzada, as naves de Xelmírez enfilaron a Ria de Vigo rumbo ao castelo de San Paio cando no camiño atoparon unha birreme dos piratas que cargaban o botín fruto dun saqueo nunha igrexa. Atacárona cunha nube de dardos e pedras e abordárona despois, facendo o mesmo coas outras dúas naves que viñan no seu auxilio e prendendo á maioría dos piratas. Entanto, Xelmírez asediaba San Paio de Luto que acabaría claudicando e enviaría *un bo golpe de xente de a pé e de a cabalo* para render o castelo de Darvo que estaba en mans de Rabinado Núñez. En 1120 aínda se teñen noticias de piratas almo-



Piratas turco-berberiscos

rávides dos que unha nave mercante normanda se tén que refuxiar nas torres do Oeste.

Nos séculos seguintes non hai constancia documental de notables episodios de piratería agarena nas nosas costas debido ao avance na reconquista dos territorios árabes. As loitas nobiliarias, as revoltas populares ou os bandos dinásticos van focalizar agora o devir cotián do país. Contodo, cando se comezan a xerar a mediados do século XV algúns portos (fondeadoiros cun peirao de madeira), a súa poboación aínda vai ubicarse por precaución, en lugares máis elevados e protexidos e non nas zonas cerca do mar.

CORSARIOS FRANCESES

Desde comezos do século XVI, durante a guerra con Francia van ser os corsarios deste país os que operen nas costas galegas producíndose asaltos aos barcos da pesca e do comercio, sectores que xa alcanzaban grande actividade en Galicia. Desde 1521 xa se solicitaría a creación dunha armada para combatelos e en 1537 vai ser o conde de Altamira quen poña no mar unha pequena escuadra que apenas operou un ano. A actividade do corso francés vai ficar patente en 1551 cando unha nao comercial catalana vese atacada por outra daquel país máis grande con dúas gaviás e 60 toneladas ante a que tiveron que renderse despois de presentarlle breve batalla. Os cataláns perderían a nao, o viño e os cartos que traían para mercar sardiña arencada sendo abandonados os doce tripulantes na Illa de Sálvora. Cinco destes, malferidos, serían recollidos por mariñeiros de Cangas, chegando a este porto o cinco de outubro deste ano onde declararon o acontecido baixo xuramento.

Un ano despois (1552) o capitán xeneral de Galicia volvería solicitar a creación dunha armada en Galicia pero considerouse que o país non tiña recursos para tal empresa e o máis que se fixo foi suxerir que os pescadores faenasen armados, aínda que nalgures se armaron barcos específicos para combater aos corsarios. En 1554 é unha armada francesa a que saquea Fisterra, Laxe, Corcubión e Muros. Entre 1562 e 1564 vanse facer en Vigo dous baluartes rente ao mar cun par de canóns en cada un deles. Finalmente, no ano 1583, a coroa auspiciaría a formación dunha escuadra de cinco barcos destinada a operar contra os corsarios, mandada polo bilbaino Martín de Bretendona que era o dono dos barcos. Mais, esta flotilla estaría pouco tempo operativa en augas galegas pois foi destinada a outras zonas e mestres e sobretudo ao servizo do rei Filipe II. Este rei tivo que enfrentar os levantamentos independentistas portugueses e deulle o seu apoio aos católicos escoceses en 1588 coa chamada Armada Invencible, asuntos que van provocar a reacción inglesa e as intervencións do corsario Francis Drake na ría de Vigo con 12.000 homes que culminarían en xuño de 1589 co asalto e destrución da cidade e a súa contorna. Cóntase que estes non ousaron asaltar Cangas onde


se xuntou a xente e «sacaron los pendones y estandartes de la iglesia, levantaron unas banderas de sábanas y cobertores y pensando los enemigos que eran banderas no osaron acometerlas».

VOLVEN OS TURCOS

A derrota da flota turco-otomana en Lepanto no 1571 e outros fracasos navais, avivarian as ánsias de revancha daqueles e coa axuda dos bereberes e corsarios de diferentes países, inimigos da relixión e da coroa española, ampliarían á fachada atlántica ás súas razzias. Deste xeito, en 1598, ano en que a peste en Vigo obrigou a moitos veciños a se refuxiar no Morrazo, xa se detectan de novo os piratas turcos na costa galega, tomando como base as Cies e as outras illas da costa. En 1603, Inglaterra tiña proclamado o fin do seu corso e moitos destes piratas marcharon a Berbería, axudándolles a construír barcos de máis porte, conformando unha piratería de protestantes e musulmáns que coa excusa de combateren o catolicismo, só buscaban enriquecerse. Outro incentivo no apoxeo da piratería berberisca, ademais dos barcos do comercio con América, sería a expulsión de España neste mesmo ano de 300.000 moriscos que en revancha, contribuirían nas accións corsarias de diferentes xeitos pero tendo sempre como principal obxectivo o comercio de escravos.

Ante a total indefensión do litoral, salvo algunha pequena flotiña de defensa, a Xunta do Reino de Galicia declaraba a incapacidade do país para manter unha forza naval e xa en 1603 solicitara que o rei, como era a súa obriga, mandase dous navíos “*en corso para limpiar las costas de la mar*”. A Coroa española atendería esta demanda, remitíndolle ao capitán xeneral o permiso para outorgar as patentes pero non enviou ningún barco, continuando a mercede dos corsarios de distintos países. O día nove do mes de xuño do 1607 vai ter lugar un curioso episodio con barcos de guerra holandeses que, fondeados nas Cies, exixían das autoridades de Cangas, baixo ameazas, a entrega de bastimentos para a súa

flota. Mais, o xefe militar do distrito, Pedro de Montenegro, que se atopaba precisamente na vila, contestoulle aos holandeses que contaban con numerosas forzas e armas sendo que aqueles se creron a misiva, optando por desistir da súa demanda.



Drake e o seu galeón Golden Hind

saren a 42 mareantes de Pontevedra e aínda o primeiro de maio de 1634, un navío turco vai esnafrarse na costa de Ons e 36 tripulantes turcos van ser capturados por 79 mariñeiros de Portonovo que os puxeron á venda como escravos. O 15 de agosto de 1642, os veciños de Marín tiveron que saír en axuda dun barco mercante holandés acosado

polos corsarios “*moros*” tal como recolle o párroco, ao dar conta da morte por balazo dun veciño da vila participante na acción. Aínda en 1677 a Gazeta de Madrid (BOE da época) recollía un informe do capitán xeneral de Galicia que dicía: “*En estas costas estamos todos con las armas en la mano por bordear en ellas muchas velas de moros y por el rezelo de que no executen los acostumbrados robos*”. Durante bastantes anos máis, ao menos ata 1758 corsarios “*moros*” e tamén

franceses, holandeses ou ingleses, seguirían actuando nas costas galegas ante a impasibilidade das autoridades e as escasas defensas dos nosos portos e costa.



Ataque corsario a un galeón

Lembranzas do transporte á Illa de Ons (2ª Parte)

Por: Arturo Sánchez Cidrás

Como xa comentamos na primeira parte deste artigo, nos inicios dos anos corenta do século pasado estaban a rexentar o transporte á illa de Ons os cuñados Manuel Ríos e Agustín Pérez. É por estas datas cando entra en competencia no transporte un empresario, non relacionado coa illa, chamado Martín Bedia. Faino co balandro a motor de nome “Cosmopolite” co folio 9 da 2ª lista de Bueu que fora construído en 1942. A actividade deste transporte de pasaxeiros, mercadorías e concesión do correo durou pouco tempo por non ser rendible polo número de usuarios e ao non participar na compra-venda da pesca. Tempo despois a familia Massó adquiriu o barco e dedicouno á cabotaxe polo litoral Atlántico e Cantábrico, fundamentalmente, á carga propia da empresa conserveira.

O primeiro de setembro de 1948 aparece dando un novo servizo de pasaxeiros a Ons a embarcación de Manuel Otero Comesaña¹. Embarcación despachada “Para o tráfico da súa ría e entre a Illa de Ons e Bueu... nos límites da Illa de Ons en marxe prudencial non debendo saír se o tempo non é seguro”.

S A L I D A S						
Despachado para el puerto de (2)	Día	Mes	Año	Carga (1)	NÚMERO DE	
					Dotación	Pasajeros
Para el tráfico de la ría y entre Bueu y Ons y vicinaria por Hombres.	23	MAR	1948	S E	3	Para este puerto
					Eres	De tránsito
						Emigrantes
Se despatcha pa- ra el tráfico en la ría y entre Bueu y para la compra de espe- cie de sardina en la mar, debiendo declarar pesca comprada en Bueu y satisfacer im- puestos y seguros Oveniz, por Manuel Otero	19	MAR	1949	S E	3	Para este puerto
					Eres	De tránsito
						Emigrantes
						Para este puerto
						De tránsito
						Emigrantes

Despacho do barco de Manuel Otero Comesaña

A autorización solicitaráa cada catro meses, e na de maio de 1949 especificaselle que é autorizado tamén “para a compra de especie de sardina no mar, debendo declarar a pesca mercada na lonxa e satisfacer impostos e seguros ...”. O último dos despachos coa periodicidade cuadrimestral é do 26 de xullo de 1954.

En canto ás persoas enroladas ata o 9 de decembro de 1950 son tres tripulantes, e dous dende esa data ata o 23 de novembro de 1954. As persoas e datas distribúense do seguinte xeito:

Patrón: Manuel Otero Comesaña de 1/9/1948-8/7/1951 e do 30/7/1951-14/3/1955

¹ Manuel Otero Comesaña, fillo de José e Peregrina, herdou ao falecer seu pai, co asentimento dos seus catro irmáns, unha dorna chamada “Juanita” coa que andou á pesca dende 1935 ata xuño de 1942 que a vendeu a un mariñeiro de Portonovo por 300 ptas. Fora construída en 1913 en Beluso polo carpinteiro Manuel Pastoriza (4,54x1,58 m). Custara 150 ptas.

Mecánico: José Otero Otero de 1-9-1948 a 29-1-1951

2º mecánico: Francisco Ferradás Otero.... de 30/1/1951-8/7/1951 e do 30/7/1951-14/3/1955

Mariñeiro: Camilo Otero Otero do 1/9/1948 a 1/1/1950

Ata outubro do 1951 ían sen seguro, pois xustificábanos alegando que por ser familiares estaban exentos da obriga de telo. A pesar do cal víronse na obriga de asegurar a toda a tripulación e, polo menos do primeiro de novembro de 1951 ata finais de xaneiro de 1952, hai constancia dunha póliza na compañía “La Vasco-Navarra”.


A partires da autorización da primavera do 1955 carecemos de datos fiables do transporte, mais todo apunta a que Francisco Ferradás Otero coñecido por “Pancho”, sobriño de Manuel Otero Comesaña, continuou co transporte na empresa do seu tío.

Sería en setembro de 1956 cando, asociado co seu curmán e cuñado Manuel Otero Reiriz (fillo de Manuel Otero Comesaña) comezaron un novo servizo de transporte a Ons. Para iso mandaron construír unha embarcación á que chamaron “Dous cuñados”, á que instalaron unha “camareta para 20 pasaxeiros e bodega para carga, habilitado con todos os detalles de comodidade e hixiene”² e á que puxeron un motor de 40 CV. Con posterioridade quedaría ‘Pancho’³ como único propietario na empresa.

*“Ás cinco da tarde todos os días é a mesma festa. Ou a mesma pena. Véñense as dornas... Alí está Pancho, coa romana e as pesas oxidadas. Pancho, o intermediario, o carteiro e o dono dos “Dous cuñados”, é un tipo cetrino, tirando a baixo, que sorri sempre e lle fai encargos en terra a peso (5 ptas) o bulto. Cando viaxan, non lles cobra gran cousa, só quince pesetas por ir e outras quince por volver. Ademais, da illa sáese pouco. Pancho, que antes era carpinteiro, cambiouse aos transportes e asentador en Bueu. A lancha pode que no dea para moito, pero o cincuenta por cento do produto é unha boa cifra, incluso para ‘colgar’ o servizo durante os meses de inverno.”*⁵



Reconstrución a partir dunha foto de Mikael Mörling



Pequena árbore xenealóxica con vinculacións familiares entre armadores do transporte a Ons-1

Cando viñan dende a illa ao mercado, á da Molinera, ao médico ou a arranxar calquera documentación, moitos xa o facían o día anterior. Aloxábanse nas fondas de Fazáns, Gabriel, O Pico, en casas particulares ou en casas-tenda como a de Emilio Blanco, na rúa H, ou a de Manuel Malvido e Dolores Chaves, que nos últimos tempos rexentaba o seu xenro, Tomás Agulla Villar⁶, localizada pouco antes da baixada á Praia de Beluso. Durmían en pequenos grupos, normalmente emparenta-

2 “El Pueblo Gallego” 8-9-1956

3 Dentro da súa actividade social podemos indicar que, entre outras, no 1962-62 pertenceu á Directiva do Bueu S.D.

4 Noutros artigos: o 30%.

5 Artigo de José Rey en “El Pueblo Gallego” 1-4-1973 pág. 7

6 Irmán do avó de José Antonio Agulla


dos, utilizando varias alcobas ou aniñándose polo chan como podían. Algúns que viñan na dorna e facían parada na Praia de Beluso, acampaban no solar que había antes do actual restaurante ‘A Centoleira’, e puñan as velas como tenda de campaña, como se fora un ‘tipi’ indio, e alí durmían.

Un novo empresario do transporte...

Emilio Blanco Solla (1903-1973) era coñecido polo “Isleño” pero tamén a causa do seu aspecto, alto e louro, polo “Alemán” ou polo “Roxo”. Estaba casado con Esperanza González Cortizo (1907-1970) coa que tivo nove fillos.



Emilio Blanco Solla



Ata 1936, Emilio dedicábase á pesca nunha dorna chamada “Anduriña”⁷ e que ese mesmo ano doou ao seu irmán Ramón. A pesar desta doazón a actividade na pesca permitiulle medrar economicamente e non só adquirir unha parcela na, daquela, futura rúa H (actual Rosalía de Castro) senón facer nela unha casa de planta alta en 1946⁸ e ata, no mes de decembro dese ano, mercar un novo bote ao que puxo de nome ‘Félix’⁹. Na casa rexentou unha pequena tenda¹⁰ e en 1949 arranxou unha ampliación do baixo para dedicalo a atador de redes.

A mediados dos anos 60 do século pasado, Emilio Blanco incorpórase ao transporte e adxudicación do correo a Ons co “Azor”, barco construído no estaleiro do Sr. Marín, na Praia de Beluso.



Fotos do “Azor” no estaleiro na Praia de Beluso

A partires dese momento a illa contaba con tres pequenas compañías dedicadas ao transporte de pasaxeiros: Agustín Pérez co ‘Costero’, Francisco Ferradás co ‘Dos cuñados’ e Emilio Blanco co ‘Azor’. Actividade que sería deficitaria para os tres de non ser pola compra do peixe e marisco¹¹, e posterior venda en lonxa¹². Para non facerse dano coa competencia

⁷ De 3,96 m de eslora que fora construída na illa de Ons, en 1915, polo carpinteiro de ribeira Manuel Patiño.

⁸ No 1949 ampliou a parte baixa da casa para dedicala a atador de redes.

⁹ Feita en Casás polo carpinteiro Benito Fariña Caballero por 900 ptas. Tres anos despois venderíalla a un veciño de Beluso chamado Manuel Cerviño Núñez.

¹⁰ Anos máis tarde o seu xenro José Loira tivo un bar.

¹¹ Emilio Blanco durante un tempo tamén mercaba algas, sobre todo ‘marullo’:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Os%20Galos/18/01-Algas-Cidras.pdf>

¹² “O polbo ou peixe que se traía poxábase na lonxa. Se, por exemplo, se vendía a 5 ptas/kg ao mariñeiro dábáselle 4,50 pesetas, e os 50 céntimos eran para o barco de transporte” (José Antonio Freire). Houbo tempos que as comisións chegaron ao 30 e ata o 50%. As cantidades de peixe e marisco eran normalmente grandes, acadando algunha vez máis de 7.000 kg.



José Antonio Freire. "Bravo"

neste labor de captación de peixe decidiron "dividir" a illa en tres partes, e cada un dos mariñeiros que nela había só lle podía vender ao seu comprador habitual.

Co tempo Agustín deixou esa actividade e Francisco Ferradás 'Pancho' mercoulle a súa parte.

A tripulación do 'Azor', mentres foi de Emilio Blanco, compoñíana como patrón o mesmo dono e, como mecánico¹³ e mariñeiro, José Antonio Freire García, coñecido por 'Bravo'.

*"Despois de días de temporal íase no barco ('Azor') á illa e levábase pan, medicamentos... e as cousas máis urxentes. Chegados a Ons, se aínda non se podía atracar, apro-
ñabase o barco contra o peirao, metíase todo nunha bolsa plástica e esta dentro dun saco
plástico. Dende o muelle lanzaban un cabo. Os do barco
ataban as bolsas e estas eran recollidas polos da illa..."*
(José Antonio Freire Estévez)



Francisco Ferradás (Pancho), Carmen Reiriz e o seu fillo Manolo

Cando Emilio Blanco decidiu retirarse tratou, nunha primeira instancia, de venderlle o barco e a concesión ao seu axudante 'Bravo' (José Antonio Freire García) que o rexeitou¹⁴. Polo que o 'Azor' e todo o relacionado co transporte, correo etc. acabou nas mans de Francisco Ferradás 'Pancho'. Nos labores do transporte colaboraba a súa muller Carmen Reiriz que se encargaba da atención e cobro dos pasaxeiros e mercadorías.

Dende os anos 70 do século pasado o declive demográfico da Illa de Ons foi acentuándose de forma imparable. Rematada a campaña de verán de 1976 e a partir xa de mediados de setembro a Illa de Ons carece de servizo regular de transporte por barco, que ata esas datas era diario.

Aínda que fose a causa principal non todos os cambios viñeron dados polo despoboamento da illa, na que quedaban nese decenio un cento de persoas. O número e tipo de embarcacións¹⁵, os cambios na pesca, sobre todo na venda e procesado da mesma, a crise da industria conserveira, etc. tamén influíron na progresiva desaparición do transporte a Ons.

O concesionario Pancho, deixou de ir no inverno e de levar o correo¹⁶, que mandaba por mariñeiros que os sábados volvían á illa, circunstancia esta que provocou algunha que outra protesta¹⁷. De todos os xeitos, seguiría coa concesión, principalmente no período estival pero axudado tamén polo seu fillo Manuel Ferradás Reiriz que continuaría no labor do transporte con Ons con embarcacións¹⁸ de maior porte.



O Azor, cargado de turistas a mediados da década de 1980

13 Tiña título de 2º motorista.

14 A pesar de que lle apareceron socios para aportar capital como Manuel Otero Blanco (logo fundador, coa súa familia, da navieira Nabia). Polo que José Antonio embarcou no Gran Sol para traballar os cinco anos que lle faltaban para a xubilación.

15 Que facilitaban ás familias a achega tanto de Bueu a Ons como viceversa.

16 Segundo o xornal percibe por este concepto 120.000 ptas/anuais. Como curiosidade: no 1951 ofertábase a praza de carteiro para Ons por 1.095 ptas/ano.

17 Queixa á que se lle engadía á do mal funcionamento do único teléfono público, máis ben radioteléfono, que estaba no bar e conectado coa central de Redondela onde operaba cunha frecuencia desesperante, pois case que de continuo non se podía enlazar.

18 Villa de Meira, Cruceiro de Hío... ou mesmo "Estrella del mar" que fora feito en NODOSA e que nun temporal do 1996 soltáronselle os amarres e foi a parar á outra banda do mar, na Praia de Areas e que acabaría prestando servizo en Sevilla.

A CARON DA LAREIRA

Por: Textos: Manolo Parada

Fotos: Eduardo Parada

ETNOGRÁFICO MASCATO

Nos anos 50 e comezos dos 60 non había TV na maioría das casas do Grove, no inverno logo se facía noite, chovía e ventaba con frecuencia, propiciando que os contos e narracións a **carón da lareira** foran un dos pasatempos mais fermosos e instrutivos cos que nos agasallaban os maiores aos nenos, enchéndonos o disco duro da memoria con fermosos relatos. Estes son parte dos que a nosa nai, Concha Costa Naveiro, deixounos como testemuña da súa nenez.

Nada un 29 de febreiro do ano 1932, herdou do seu pai Manuel Costa Prieto “Papá Costa”(1) (para nós, e para a maioría dos rapaces e rapazas de Peralto) un xeito de narrar que chegaba e enchía.

“Sendo eu unha rapasa, cando o vento chamaba a nordeste, as dornas que faenaban no mar de Sálvora, Ons ou a Lansada, recalaban na Barrosa, o Espiño, Raeiros ou mirmo na praia da Lapa, na Lansada. Ir e vir ao Jrove a remos ou a vela supuña unha xornada completa.

Pa traer ou levar o peixe á venda e as redes pa atar(2) ou de volta xa atadas, fasiámolo as mulleres da casa acarrexando a pé, (as veces descalsas) con sestas ou patelas na cabeza, de paso levabamos roupa seca ou víveres. Si unha de nós viña baldeira, apañabamos polo camiño aljunha acha, paúdo(3) ou piñas, si había polo monte, tamén colliamos arenilla de aljunha robeira(4) pa rascar a furruxa das ollas.

Cando traíamos péas do xeito,(5) carrexabamos unha péa entre dúas, tiñamos que ir unha ó carón da outra e, si o camiño estreitaba, unha diante e a outra detrás, o seno(6) entre no-las dúas tiña que ser corto pa que non envorcara co seu peso o resto da rede. Dirde O Jrove, mellor dito, dirde de Peralto, asta Raeiros (Balea) hai uns seis Km, e á Barrosa (San Visente) un par deles mais.

Saliamos da casa ás catro ou ás cinco da mañán, chejabamos alá ás seis ou ás sete. Pa subir as costas da Abelenda, asta chegar a Campos, ou ás costuneiras(7) de Reboredo de Estoño pa-lá tiñamos que parar varias veces nos pousadoiros, ou no chan, axudándonos unha á outra, si atracaban na praia do Sanatorio, ibamos por Ardia e xa non había costuneiras, o camiño era máis levadeiro.

Andando ao xeito, si tomaban pouco peixe e non pajaba a pena ir á vende-las sardiñas, lañában-se(8) e salában-se. Nos quedabamos alí a ata-las averías do aparello feitas po-los arroases ou as quenllas. Con unha ancarella(9) papá e os tripulantes tendían ben esparadas(10) as pesas a secar pola praia e nós iámo-las repasando a pé, como eran de fío de aljodón rachaban moito.

Despois ás dose, comiamos unhas sardiñas asadas ou aljún jalludo(11) seco e si non había pan, poñíamo-lo peixe nunha cortisa, daquelas que botaba a borda, dos boureles(12) e pabieiros(13) que rompían, lavadiñas e limpas do mar.


As brasas, fasíanse tamén dos mesmos cachos de cortisa e aljún jarabullo que apañabamos nas bordas da praia, porque no monte apenas había leña, xa que daquela, era moi buscada e aproveitada. Cando iban á casa, meu pai e mais tío Paquito o Carroño (que era quen andaba sempre con papá ao mar) levaban ó lombo colléndoa en senos, unha péa do xeito entre os dous. Ó chegar, eles ian durmir e nós, vende-lo peixe na lonja e a caldeirada(14) na plasa.



Concha Costa Naveiro, miña nai



Mariñeiros do Grove nunha dorna de tope na Barrosa



Manuel Costa Prieto, Papá Costa

Cando se andaba á rapeta(15), tamén era a mirma faena, solo que non había tanto que atar. Os linguados, rodaballos, xibas e raías pesaban máis que calquera outro peixe, diormío, había que ter riaños pa carrexar á cabeza; a menudo pousabamos pa descansar e afloxar o molido(16), os felpudiños (sentolos) aqueles da area da Barrosa, traíanse mellor.

Eu non iba tantas veces porque era a máis nova de miñas irmáns, pero nosa Lola, nosa Teresa e nosa Mucha, tiñan que ir a diario; papá desiañe a Lola todos os días donde atracaría ó día sijiente.

A nosa dorna, que ñe chamaban a España, a veces botaba na abra da Barrosa, unha semana ou dúas e coma a nosa, había moitas, entre dornas e racús. Si traballaban ó xeito polo mar de Ons ou Sálvora, xa vendían no mar; durmían a bordo e fasían a comida na pedra cosedeira(17), fondeados ao abrijo.

A tío Paquito justábañe moito pescar á liña, aproveitaba pa fase-lo mentres estaban larjos(18) ou fondeados esperando o lanse do día; anque houbera moito peixe, el seña pescando ijual, pero eso si, limpábao ben limpiño, lañábao e coljábao a secar; moi curiosiño e ben posto, fanecas, congros, quenllas e todo o que tomara. Estando larjos ao axexo, en canto tomaba unha quenlla, lañaba e tirába-ñas tripas ó mar na crensia de que así espantaban ás outras quenllas, era pa que non ñes romperan o aparello. Tamén lañaba e secaba raías, estrujas(19) e patarroxas cando andaban á rapeta.

Cando eramos nenas, na casa, comiámo-la caldeirada, todos nunha fuente e coma nós casi tóda-las familias de xente mariñeira.

Había vajillas moi bonitas na casa, que xa foran da miña abuela, "Mamá Pepa", pero solo se usaban os días señalados, como bodas, bautismos, días de festa, ou cando había aljún invitado, xa que tiñamos que coidalas moito, si se estrajaban non se podía comprar outras. Pas bodas, pedíaseñe máis pésas a vesiños e familiares que as tuveran e tamén se prestaban no caso contrario. As tarteiras e potas pa fase-los cosidos, pedíanseñe a aljún armador, porque as tiñan jrandes de faser as caldeiradas a bordo. Despois, xa sendo máis jrandiña, miña nai traía da Toxa, platos das vajillas do hotel que tiraban na praia porque tiñan aljún defeto, escachados ou tiñan aljunha nicada, buscában-se os máis enteiros, e si non, tamén se aproveitaban os partidos levándoo ao parajuero ou a Siño Casal o latoneiro, que chos jrapaba e enmendaba con masilla, si atopabas unha fuente ou unha sopera, ibas cantando baixiño que xa che tocara a lotería.

Si se fasían cartos durante a seifa(20) como pa aforrar, meu pai, mandaba a miñas irmáns maiores na motora de Siño. Eugenio a Villajarsía pa comprar roupa, que os martes había feira, ás veces levában-me a min. A Cambados as motoras ían todos os días, alí comprábase de todo, no vran había moita fruta, tamén se ía ó xurjado e así.

Siño. Eugenio "o da motora" empesou a ir a Cambados con un pesqueiro da rodea,(21) (o "Cervantes" malchamado "O Porco") que transformou en barco de pasaxe, lojo xa fixo a motora, que ñe chamaban a "Toxa" tamén houbo a motora do Sr. Muñis o de Reboredo.

Cando eu era máis mociña, xa había comersio no Jrove, o de Siña. María a de Siño Francisco Lores e o de Siña Concha a Paneira, muller de Siño. Manolo o Paneiro, (chamábanlle así porque o home viña de Ourense, traía panos pa vender e casou aquí) lojo no seu comersio tamén vendían roupa. O calsado fasíano os sapateiros, Siño Pepe o Silva e os pais de Ramona a Sapateira.



A "España", dorna xeiteira



Rapeteiros de Peralto coas raías a secar



A da dereita Concha a Costa con compañeiras de traballo

No inverno ó meterse a noite, puñámonos a faser rede, malla a malla, asta ter o pano pa unha pésa do xeito de uns 80x10 m. (con unhas 30 ou 40 mallas por dm. cuadrado) Mi Padre armabas e relincabas(22) coas cadenetas, angolas(23), trallas e matafións(24) nas cabezas. El era moi bo home, fasíañe moitos favores aos vesiños sin cobrar chica, remendábañe as dornas a quen non podía lovala á de Camaño, (asteleiro na praia de Peralto) tamén ñe arrejlabá escordaduras, torseduras e colleduras á xente que viña pola casa e non podía paja-lo médico. Escribíañe e liañe cartas á xente que non sabía faselo e mirmo ñe afoliaba(25) a dorna. Tamén ñe explicaba e interpretaba si eran documentos do xurjado ou da asministración tipo sitasións, sentencias, requerimentos etc.

Asta mediaba en disputas e discusións de familias ou por lindes das terras, que había moito deso . Eso si, solo si o chamaban, si non el non se metía en nada pola súa conta. Era unha persona moi apesiada e moi respetada.

Meu abuelo materno, “Papá Naveiro”, tamén era rasqueiro(26) e tiña dorna jrande de calime, a “Fuxe”; miñas irmáns maiores, Lola e Teresa tamén ñe teñen atado e encascado(27) as rascas na casa da horta, donde el tiña o encascador. Manolo, Mucha e eu eramos os máis novos, a min cando era meniña do braso, metíanme en unha sesta con trapos e almohadas arredor e alí quedaba con eles asta que chejara “Mi Madre” da seca.

Unha das pormeiras cousas que me acordo, foi cando eu tiña uns tres anos, “Mi Padre” levábame ao sine de Besada ou ao de Petouto cando había mitin. Unha ves papá tiñame no colo e pideu a palabra pa intervir; fasíao moi a menudo e ás veces o moderador desíañe: Manuel, ajuanta na fala, pa cando rematemos. El despois falaba pa todo o mundo, justábañe faselo e os vesiños escoitábano con atención e aplaudíanñe con ajrado. A min o que mais me acorda e que había moita xente berrando e eu estaba asustada.

Ao prinsipio dos anos cuarenta polas noites fasíamos collares na casa pa vende-los na Toxa polo vran . Miñas irmáns a menudo iban a apañar cunchas; os podres nas morrasas,(28) os amarillos e os corniños iase bojando en unha dorna a Arousa, ao cochallo ían andando a Con Nejro, tamén traían marjaritas ou sedas e ás tuturutas íbase máis a Area das Pipas, así andaban por toda a costa das Rías Baixas.

Así eran as cousas naquel tempo; comentaba miña nai a **carón da lareira** unha noite de defuntos daquel ano, sendo eu rapaz, cando se falaba de demos, diaños, tarnos , chupasangres, homes do unto e homes do saco.

Os traballos das mulleres sempre foron duros, moi duros e mal pagados, pagaban moito máis elas co seu esforzo, o seu tempo e a súa saúde. Ben coñecidos son, entre outros, casos de abortos debido ós grandes esforzos, que acompañados de fame, frío e demais miserias, fixéronas ter que camiñar descalzas ata o cemiterio dos anxiños, na crús de Feáns para enterrar os seus fillos e as súas penas.

A “Espanña” foi a dorna de meu avó “Papá Costa”, de calime,(29) doce cuartas de quilla, do tipo xeiteira ou rasqueira, de fasquía meca, de proa lanzada, pinchona e moi ben ensillada,(30) que eu aínda lembro na miña nenez a finais dos cincuenta. Logo vendeulla a Lourenzo o Tiadoro; este andou



A motora “Toxa” en Cambados



Rapases xogando na praia de Peralto



Recheo da praia de Peralto

nela á rapeta ate comezos dos sesenta, despois desfixo-se na praia de Peralto. Hoxe a dorna, naturalmente xa non existe, pero a praia tampouco, foi atuída por toneladas de terra e escombros, pero alí debaixo aínda están as súas areas con pegadas de dornas e dos nenos que xogabamos ó currelo(31) agochándonos entre os barcos. Toda unha lembranza de tradición e historia.

Os relatos de miña nai están escritos tal e como ela falaba, por exemplo no Grove para dicir ¿eu que sei? dicíase “eucusei”.

En este artigo, a “gheada” expresámola con “j” en vez de “gh” porque no Grove, a gheada é forte, non aspirada. Outro localismo é substituír o “s” polo “r” exemplo “mirma” en lugar de misma, ou “diormio” en lugar do castelanismo dios mío. Tamén era costume usar o “ñ” en vez do “ll” exemplo, “dañe” en lugar de dalle. Así tamén o “c” pola “g” dicimos “anca-rella” ou “ancaso” en lugar de angarella ou angazo, do mesmo xeito os remates en “in” no lugar de “ei” exemplo, “cantín” en vez de cantei ou “berrín” en lugar de berrei e así outras. “Todo mundo nos conose polo modo de falar” dicía a canción.

(1) *Ata os anos 60 ós avós e avoas, dábaselle o tratamento de papá... ou mamá... seguido do nome ou apelido. Exemplo: Papá Naveiro meu bisavó, Papá Costa meu avó, Mamá Lola miña avoa ou Papá Lelo, outro bisavó meu.*

(2) *Atar: Remenda-las redes.*

(3) *Paúlo: Folla dos piñeiros, no Grove.*

(4) *Robeira: Praia onde se atracaba ou se varaban os barcos. Sinónimo ribeira.*

(5) *Pésas do xeito: Redes de deriva para a pesca da sardiña por enmalle. (cast. Sardinal).*

(6) *Seno: Tramo de rede ou de cabo en seno ou dobre.*

(7) *Costuneira: No Grove, costa ou repeito curto e empinado.*

(8) *Lañaban-se: Lañar, idem dar un corte. Laña-lo peixe é abrílo en dous e evisceralo.*

(9) *Ancarella ou angarella: Padiola de madeira feita con dous cangos e varias doelas transversais.*

(10) *Esparadas-esparar: Estender as redes ou alistalas para calalas no mar ou botalas a secar.*

(11) *Jalludo: Normalmente, patarroxa, caxón ou quenlla lañado e seco.*

(12) *Bourelles: Boias para manter á deriva (entre augas, sin tocar fondo) redes ou palangres.*

(13) *Pabieiro: Boia-sinal, feita con cortisa, de forma cadrada ou redonda, con moita base e un pau vertical cun ramo de loureiro para ser vista. Para sinalar redes, aparellos de pesca.*

(14) *Caldeirada: Parte ou quiñón de peixe que leva cada tripulante para comer ou vender pola súa conta e sacar un changüü. Face-la caldeirada: Cociña-lo peixe e aderezalo con prebe acompañado de patacas.*

(15) *Rapeta: Arte de pesca de arrastre a man.*

(16) *Molido: Trapo en roda para levar na cabeza a modo de amortiguador da carga.*

(17) *Cosedeira: Pedra plana ou lousa, sobre a que se facía o lume para cociñar a bordo.*

(18) *Estar larjos: Cando se esta coas redes caladas á espera de que o peixe malle.*

(19) *Estrujas: Raia eléctrica.*

(20) *Seifa: Período no que se adicaban a un tipo de pesca ou arte determinado.*

(21) *Rodea: Arte do cerco. Tamén se coñecía como ardora.*

(22) *Relincabas: Relincar, atar ou coser os panos das redes ou das velas as trallas para reforzalos.*

(23) *Angolas: Argolas de fío mais groso para unir o pano da cadeneta (malla reforzada) as trallas.*

(24) *Matafións: Cordóns dispostos nas cabezas das pezas do xeito para unir ou xunguir unha a outra.*

(25) *Afoliaba: Afoliar, Rotular o folio (matrícula) da embarcación.*

(26) *Rasqueiro: Que pescaba con rascas (rede con malla lasa, grande). Utilizábase para peixes e mariscos como, raeiros (bois), centolos, lumbrigantes, langostas, raías, rodaballos, arrabadas (rape) etc.*

(27) *Encascado: Encascar, tinguir con tintura feita con cacha de arbores, preferentemente piñeiro.*

(28) *Morrasas: Zonas nos interiores das marismas ou esteiros con solo lamento onde viven os caracoliños (N. C. Mitra Ebenus) podres no Grove.*

(29) *Calime: Escarba, sistema de construción das dornas solapando as táboas.*

(30) *Ensillada, construción dunha embarcación con fasquía en arrufo (cóncava).*

(31) *Currelo: Xogo consistente en escenificar unha batalla entre dous bandos. Lanzándonos pedras, a dar.*